



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS  
A CORUÑA  
Rúa Educación, Nº 1, 15011 A Coruña  
Tfn.: 981279100 – Fax.: 981279116  
Correo-e: [eoι.corunha@edu.xunta.es](mailto:eoι.corunha@edu.xunta.es)

# Programación

## Didáctica.

### Departamento de

### ALEMÁN

## Curso 2023-2024

## ÍNDICE

|           |                               |           |
|-----------|-------------------------------|-----------|
| <b>1.</b> | <b>INTRODUCCIÓN</b>           | <b>4</b>  |
| <b>2.</b> | <b>NIVEL BÁSICO A1</b>        | <b>5</b>  |
|           | Descrición do nivel           | 5         |
|           | Obxectivos                    | 6         |
|           | Competencias e contidos       | 8         |
|           | Criterios de avaliación       | 10        |
|           | Temporalización do nivel A1   | 12        |
| <b>3.</b> | <b>NIVEL BÁSICO A2</b>        | <b>31</b> |
|           | Descrición do nivel           | 31        |
|           | Obxectivos                    | 32        |
|           | Competencias e contidos       | 33        |
|           | Criterios de avaliación       | 36        |
|           | Temporalización do nivel A2   | 38        |
| <b>4.</b> | <b>NIVEL INTERMEDIO B1.1</b>  | <b>57</b> |
|           | Descrición do nivel           | 57        |
|           | Obxectivos                    | 58        |
|           | Competencias e contidos       | 59        |
|           | Criterios de avaliación       | 63        |
|           | Temporalización do nivel B1.1 | 65        |
| <b>5.</b> | <b>NIVEL INTERMEDIO B1.2</b>  | <b>77</b> |
|           | Descrición do nivel           | 77        |
|           | Obxectivos                    | 77        |
|           | Competencias e contidos       | 79        |
|           | Criterios de avaliación       | 83        |
|           | Temporalización do nivel B1.2 | 85        |

|            |                               |     |
|------------|-------------------------------|-----|
| <b>6.</b>  | <b>NIVEL INTERMEDIO B2</b>    | 99  |
|            | Descrición do nivel           | 99  |
|            | Obxectivos                    | 100 |
|            | Competencias e contidos       | 102 |
|            | Criterios de avaliación       | 105 |
|            | Temporalización do nivel B2   | 107 |
| <b>7.</b>  | <b>NIVEL AVANZADO C1</b>      | 128 |
|            | Descrición do nivel           | 128 |
|            | Obxectivos                    | 129 |
|            | Competencias e contidos       | 131 |
|            | Criterios de avaliación       | 135 |
|            | Temporalización do nivel C1.1 | 137 |
|            | Temporalización do nivel C1.2 | 149 |
| <b>8.</b>  | <b>METODOLOXÍA</b>            | 160 |
| <b>9.</b>  | <b>RECURSOS</b>               | 162 |
| <b>10.</b> | <b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b> | 164 |
| <b>11.</b> | <b>AVALIACIÓN</b>             | 166 |
| <b>12.</b> | <b>ACTIVIDADES CULTURALS</b>  | 171 |

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. Marco legal

- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, foi modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, para a mellora da calidade educativa nalgúns aspectos concernentes ás ensinanzas de idiomas de réxime especial. Así, no seu artigo 59.1, a Lei orgánica 2/2006 establece que estas ensinanzas se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL), que se subdividen pola súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1 e C2.

- O Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, fixa as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.

- O Decreto 81/2018, do 19 de xullo establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu artigo 6.2 que a consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a elaboración das guías curriculares de cada idioma, que serán comúns para todos os centros e deberán desenvolverse mediante as correspondentes programacións didácticas.

- De acordo co apartado 18 da Circular 3/2018, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elaborouse unha guía curricular, que vai dirixida ao profesorado das escolas oficiais de idiomas e ten como finalidade servir de base para a elaboración das programacións didácticas do departamento e das programacións de aula.

- O Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial regula os principios básicos comúns que rexerán o deseño, a elaboración, a administración, e a avaliación e cualificación das probas de certificación oficial dos ditos niveis, así como a publicación dos resultados e os procedementos de reclamación sobre as cualificacións.

- O Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas de Galicia regula, ao longo do título II, os órganos de goberno e coordinación docente e as súas competencias. Así mesmo, no artigo 61, establece a realización de avaliacións externas, baixo a responsabilidade da consellería competente en materia de educación.

- Orde do 5 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.

- Circular 6/2021, da Secretaría Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2021/2022.

## 1.2. Contexto Educativo do centro

A Escola Oficial de Idiomas de A Coruña conta con 11 departamentos (alemán, árabe, chinés, español para estranxeiros/as, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés) e catro seccións.

O Departamento de Alemán da EOI de A Coruña conta actualmente con 7 prazas de docentes a tempo completo. Unha praza atópase na Sección de Carballo e hai unha oferta educativa de media praza na Sección de Culleredo. As prazas docentes correspóndense, no curso actual, con docentes co destino definitivo na escola.

Polo que respecta o alumnado, atopámonos cun alumnado heteroxéneo que, polo tanto, ten diferente:

- ◆ Nivel de estudos.
- ◆ Capacidade e ritmo de aprendizaxe.
- ◆ Interese pola lingua.
- ◆ Alfabetización tecnolóxica.
- ◆ Idade.
- ◆ Condicións socioeconómicas.
- ◆ Coñecemento e contacto previo coa lingua.
- ◆ Modalidade de acceso aos cursos e niveis que ofrece o departamento.

Os dous aspectos máis importantes para analizar o contexto educativo do alumnado son: a) O seu interese pola lingua e b) modalidade de acceso aos estudos nos cursos de alemán), cómpre comentar o seguinte.

No tocante ao interese do alumnado pola lingua, o alumnado que estuda alemán ten a necesidade de aprender e perfeccionar a lingua porque:

- desenvolve unha profesión relacionada co turismo, co comercio, ou quere mellorar o seu curriculum;
- precisa un certificado de nivel por motivos académicos;
- conta con familia en/de países nos que se fala a lingua;
- realiza cursos de linguas para a súa formación profesional;
- ten un interese persoal ao contar con familia en/de países nos que se fala a lingua ou porque realiza viaxes de pracer;
- está interesado en facer unha actividade de carácter intelectual no seu tempo libre.

## 2. NIVEL BÁSICO A1

### 2.1. Descrición do nivel A1

O alumnado que supere o nivel básico A1 será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas

e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.

Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.

Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.

## **2.2. Obxectivos do nivel A1**

### Actividades de comprensión de textos orais

Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.

Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.

Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.

Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.

### Actividades de produción e coprodución de textos orais

Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.

Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.

Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.

Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.

Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

### Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.

Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...)

Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.

Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.

Comprender información relevante en noticias moi breves que contan con apoio visual.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

### Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.

Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.

Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

### Actividades de mediación

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.

Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.

Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

### **2.3. Competencias e contidos do nivel A1**

#### Socioculturais e sociolingüísticos

- Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...
- Condicións de vida: vivenda, transporte...
- Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares
- Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)
- Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá

#### Estratéxicos

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolverla.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Planificar a estrutura básica do texto.
- Ensaiar o texto oral ou escrito.
- Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Probar novas expresións.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- Comprobar hipóteses.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

#### Funcionais

Usos sociais da lingua:

- Saudar e despedirse.
- Presentarse ou presentar a alguén.
- Dirixirse a alguén.
- Pedir desculpas.



- Agradecer.
- Felicitar.
- Convidar.
- Interesarse por persoas.

Control da comunicación:

- Manifestar comprensión e incompreensión.
- Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.
- Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrear, repetir).
- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

Información xeral:

- Pedir e dar información sobre datos persoais.
- Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.
- Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa.
- Indicar posesión.
- Indicar onde e cando ocorre algo.
- Referirse a accións cotiás presentes.

Opinións e valoracións:

- Expresar intereses, preferencias e gustos.
- Afirmar e negar algo.
- Mostrar acordo e satisfacción.
- Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

- Expresar sensacións físicas e sentimentos.

Petición de instrucións e suxestións:

- Pedir axuda, obxectos e servizos.
- Invitar, e reaccionar adecuadamente.

### Discursivos

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Formularios
- Listaxes
- Horarios
- Billetes e entradas
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Dicionarios
- Folletos informativos ou publicitarios
- Notas e mensaxes

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara
- Conversas telefónicas moi sinxelas

### Sintácticos

- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais
- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais
- O demostrativo. Formas, contraccións e usos
- O posesivo. Formas e usos
- Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais

- Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos
- As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos
- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos

### Léxicos

- Actividades cotiás: hábitos e horarios...
- Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía
- Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía...
- Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián...
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...
- Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...
- Educación: material e actividades da aula, centros de ensino...
- Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
- Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas...
- Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- Saúde e coidados físicos: estado físico, partes do corpo...
- Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
- Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais...
- Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...
- Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico...

### Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- O alfabeto
- Correspondencia entre grafías e fonemas
- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos
- A entoación
- O acento. Regras básicas de acentuación
- Recoñecemento e produción dos tons
- Estrutura silábica
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente
- Orde dos trazos dos caracteres
- Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos
- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas
- Ortografía do vocabulario máis usual
- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes

## **2.4. Criterios de avaliación do nivel A1**

### Actividades de comprensión de textos orais

Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.

#### Actividades de produción e coprodución de textos orais

Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.

Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

#### Actividades de comprensión de textos escritos.

Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.

Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.

#### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.

## Actividades de mediación

É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

### **2.5 Temporalización do A1**

O método que se utiliza neste curso é: Schritte International Neu 1 + 2 A1. Editorial Hueber. Kursbuch und Arbeitsbuch.

#### **Primeiro cuadrimestre**

##### **Unidade 1**

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre – <b>4 sesións</b>  |
| Tema                | <b>OS SAÚDOS E PRESENTACIÓNS</b>  |
| Recursos didácticos | Lección 1 do libro Schritte International Neu A1<br>Material para proxectar<br>Fotocopias, Fichas orais, Xogos didácticos   |
| Obxectivos CTO      | <ul style="list-style-type: none"><li>• Comprender información sinxela sobre datos persoais propios e de terceiras persoas (nome, procedencia, dirección e linguas)</li><li>• Comprender información sinxela sobre o saúdo e a despedida.</li></ul> |
| Obxectivos CTE      | <ul style="list-style-type: none"><li>• Comprender tarxetas de visita</li><li>• Comprender biografías sinxelas</li><li>• Comprender formularios sinxelos</li></ul>  |
| Obxectivos PCOM     | <ul style="list-style-type: none"><li>• Saudarse e despedirse</li><li>• Presentarse e presentar a terceiras persoas</li><li>• Informar sobre a procedencia, dirección e linguas</li></ul>   |
| Obxectivos PCEM     | <ul style="list-style-type: none"><li>• Escribir un texto breve de presentación: nome, procedencia, dirección e linguas</li><li>• Cubrir un formulario sinxelo ou tarxeta de visita con datos persoais moi básicos</li></ul>                        |
| Contidos funcionais | <ul style="list-style-type: none"><li>• Saúdos e despedidas</li><li>• Presentación propia e de terceiras persoas: nome, procedencia, dirección e linguas</li><li>• Deletrear</li><li>• Petición de información sobre persoas</li></ul>              |

|                            |  |
|----------------------------|--|
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresión de afirmacións e negacións</li> <li>• Expresión de agradecemento</li> <li>• Intercambio de información sobre datos persoais</li> </ul>  |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fórmulas de saúdo e despedidas</li> <li>• Identificación persoal</li> <li>• Formas de tratamento sinxelas</li> <li>• Países e linguas</li> <li>• Frases e expresións útiles: <i>Entschuldigung, Tut mir leid, Wie bitte?, einen Moment bitte, Ich weiß es nicht</i></li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A oración simple: elementos constituíntes e a súa posición</li> <li>• Oración declarativa afirmativa</li> <li>• Oración interrogativa parcial: elemento interrogativo en posición inicial (<i>Wie ist Ihr Familienname?</i>).</li> <li>• O pronome: Pronomes persoais en nominativo, <i>ich, du, Sie</i>; e interrogativos: <i>was, wer, woher</i></li> <li>• Conxugación dos verbos en singular: <i>heißen, kommen, sprechen, sein</i></li> <li>• A preposición <i>aus</i></li> </ul>            |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronunciación dos ditongos &lt;ei&gt;, &lt;au&gt;, &lt;eu&gt;</li> <li>• Entoación ascendente e descendente</li> <li>• Acento en palabras</li> <li>• A melodía da oración</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <p>Variedades de saúdos e despedida (Alemaña, Austria e Suíza)</p> <p>Discernir formas de tratamento (<i>du / Sie; Herr / Frau</i>)</p> <p>A petición cortes e a palabra <i>bitte</i> como marcador de cortesía</p> <p>Formas de presentarse en situacións formais e informais</p> <p>Extraer información dunha tarxeta de visita</p>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diálogos de presentación</li> <li>• Tarxetas de visita</li> <li>• Perfiles de internet con datos persoais</li> <li>• Textos biográficos</li> <li>• Fichas de datos persoais</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estratexias para a aprendizaxe de vocabulario: Aprender de memoria as preguntas e as respostas correspondentes</li> <li>• Estratexias para a comprensión auditiva: Ler primeiro as preguntas logo escoitar a audición</li> <li>• Estratexias de comprensión escrita: Ler primeiro a tarefa e marcar as partes importantes do texto</li> <li>• Estratexias para memorizar vocabulario novo: Facer fichas</li> <li>• Estratexia para a produción oral: Aprender de memoria frases feitas</li> </ul> |
| Avaliación                 | <p>A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación e por medio do material de revisión do libro de exercicios. Poderanse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada lección no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</p>  |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de entender preguntas breves sobre cuestións persoais básicas en conversacións moi sinxelas</li> <li>• É quen de entender formularios para proporcionar datos sinxelos</li> <li>• É quen de utilizar as fórmulas de saúdo e despedida máis comúns</li> </ul>   |

|  |  |
|--|--|
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de pedir información persoal e informar oralmente e por escrito a terceiras persoas sobre os datos persoais máis relevantes</li> <li>• É quen de dicir que non entende algo</li> <li>• É quen de encher un formulario/tarxeta de visita cos seus datos persoais</li> </ul> |
|--|--|

## Unidade 2

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Temporalización            | 1º cuadrimestre – <b>4 sesións</b>  |
| Tema                       | <b>FAMILIA E AMIZADES</b>   |
| Recursos didácticos        | Lección 2 do libro Schritte International Neu A1<br>Material para proxectar<br>Fotocopias, Fichas orais, Xogos didácticos   |
| Obxectivos<br>CTO          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender información sinxela sobre a familia, achegados ou coñecidos</li> <li>• Comprender información sinxela sobre o estado de saúde</li> <li>• Comprender información dun formulario sobre datos persoais</li> </ul>  |
| Obxectivos<br>CTE          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender información moi básica de textos curtos</li> <li>• Comprender formularios sinxelos</li> <li>• Comprender números (0 -20)</li> </ul>   |
| Obxectivos<br>PCOM         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Saudarse e despedirse</li> <li>• Preguntar polo estado de saúde e expresar o propio</li> <li>• Agradecer o interese</li> <li>• Presentar aos membros da familia e aos amigos</li> <li>• Preguntar por números (0 – 20)</li> </ul>  |
| Obxectivos<br>PCEM         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir un texto curto presentando a familia</li> <li>• Cubrir un formulario con datos persoais básicos</li> <li>• Árbore xenealóxica</li> <li>• Estatística moi sinxela</li> <li>• Autobiografía</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Saúdos e despedidas</li> <li>• Manifestación de interese por persoas</li> <li>• Intercambio de información sobre datos persoais: domicilio, idade, estado de saúde, estado civil, fillos, países, idiomas</li> <li>• Expresión de información persoal sobre achegados</li> <li>• Expresión de información sobre relacións familiares e de amizade</li> <li>• Enumeración (0 – 20)</li> </ul> |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Familia e amizades</li> <li>• Parentescos</li> <li>• Identificación persoal (número de teléfono, estado de saúde, procedencia, dirección, familia)</li> <li>• Os números</li> <li>• Frases e expresións útiles: <i>Na ja, ... Ach, ... Ja, genau. Nein, falsch.</i></li> </ul>   |

|                           |   |
|---------------------------|---|
| Contidos gramaticais      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Oración declarativa: afirmativa e negativa</li> <li>• Oración interrogativa parcial: elemento interrogativo en posición inicial (<i>Wie ist Ihr Familienname?</i>).</li> <li>• Os posesivos</li> <li>• pronome: Pronomes persoais (plural); e interrogativos: <i>wie, wer</i>,</li> <li>• Conxugación dos verbos en singular e plural</li> <li>• A preposición <i>in</i></li> </ul>  |
| Contidos fonéticos        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entoación ascendente e descendente en enunciados e preguntas</li> <li>• ritmo</li> <li>• Pronuncia dos números</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais   | <p>As relacións sociais e familiares<br/>Os países e rexións de fala alemá<br/>As relacións sociais e familiares<br/>Os países e rexións de fala alemá<br/>Identificar cidades alemás (nun mapa)</p>  |
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diálogos de presentación</li> <li>• Textos biográficos</li> <li>• Fichas de datos persoais</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estratexias para a aprendizaxe dos artigos</li> <li>• Estratexias para a comprensión auditiva: centrarse na información importante</li> <li>• Estratexias de comprensión escrita: Ler e marcar a información importante</li> <li>• Estratexia para a produción oral: Aprender de memoria frases feitas</li> </ul>  |
| Avaliación                | A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación e por medio do material de revisión do libro de exercicios. Poderanse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada lección no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.  |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de entender preguntas sobre o estado de saúde e expresar o propio estado de saúde</li> <li>• É quen de presentar a familia</li> <li>• É quen de entender formularios para proporcionar datos sinxelos</li> <li>• É quen de entender e enumerar os números do 0 ao 20</li> <li>• É quen de pedir información persoal e informar oralmente e por escrito a terceiras persoas sobre os datos persoais máis relevantes</li> </ul> |

### Unidade 3

|                     |  |
|---------------------|--|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre – <b>4 sesións</b>   |
| Tema                | <b>COMIDAS E BEBIDAS</b>   |
| Recursos didácticos | <p>Lección 3 do libro Schritte International Neu A1<br/>Material para proxectar<br/>Fotocopias, Fichas orais, Xogos didácticos</p> |

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| Obxectivos<br>CTO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender conversas sinxelas sobre os alimentos</li> <li>• Comprender prezos, pesos e medidas</li> <li>• Comprender gustos e preferencias alimentarias moi básicas</li> <li>• Comprender diálogos moi básicos sobre a comida e a bebida</li> </ul>   |
| Obxectivos<br>CTE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender un texto sinxelo sobre os alimentos</li> <li>• Comprender textos curtos sobre os gustos e preferencias alimentarias</li> <li>• Comprender un cómic moi sinxelo</li> <li>• Comprender prezos e cantidades nun prospecto</li> <li>• Comprender unha receita moi sinxela</li> </ul> |
| Obxectivos<br>PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Preguntar polo significado dunha palabra</li> <li>• Preguntar por prezos/cantidades e dicir prezos/cantidades relacionadas cos alimentos</li> <li>• Expresar cantidades e preguntar por cantidades relacionadas cos alimentos</li> <li>• Expresar preferencias alimentarias</li> </ul>      |
| Obxectivos<br>PEM              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir a lista da compra</li> <li>• Escribir un pequeno cómic a partir dunha lectura</li> <li>• Escribir un texto curto sobre as preferencias alimentarias seguindo o esquema dun texto de comprensión escrita</li> <li>• Completar unha táboa despois de ler un texto</li> </ul>         |
| Contidos<br>funcionais         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Intercambio de información sobre alimentos e bebidas</li> <li>• Expresión de preferencias relacionadas cos alimentos e as bebidas</li> <li>• Expresión de información sobre alimentos, comidas e bebidas</li> <li>• Conversación breve nunha tenda de alimentos</li> </ul>                  |
| Contidos léxico-<br>semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Alimentos</li> <li>• Comidas</li> <li>• Bebidas</li> <li>• Cantidades e prezos</li> <li>• Compras</li> <li>• Frases e expresións útiles: <i>Ja, natürlich. Hier, bitte. Nein, tut mir leid.</i></li> </ul>  |
| Contidos<br>gramaticais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O artigo indefinido e a negación con kein (nominativo)</li> <li>• A formación do plural</li> <li>• A oración interrogativa (<i>Ja-/Nein-Frage</i>)</li> <li>• Conxugación dos verbos (<i>essen, haben, brauchen</i>)</li> </ul>   |
| Contidos<br>fonéticos          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acento en palabras compostas</li> <li>• Vogais longas e curtas</li> </ul>   |
| Contidos<br>socioculturais     | Comidas típicas das rexións e países de fala alemá<br>Fórmulas de cortesía nunha tenda   |
| Contidos<br>discursivos        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diálogos nunha tenda de comestibles</li> <li>• Prospectos</li> <li>• Receitas</li> </ul>  |
| Competencias<br>estratéxicas   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estratexias para a comprensión de textos orais: centrar a atención en prezos e cantidades</li> <li>• Estratexias para a expresión de textos escritos: escribir un texto partindo do esquema doutro</li> </ul>   |



|                   |   |
|-------------------|---|
|                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estratexias de comprensión escrita: Ler e marcar a información importante</li> <li>• Estratexia para a produción oral: Aprender de memoria frases feitas (<i>Ich esse gern, ich trinke gern</i>)</li> </ul>  |
| Avaliación        | A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación e por medio do material de revisión do libro de exercicios. Poderanse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada lección no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.  |
| Mínimos esixibles | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de preguntar como se di algo en alemán</li> <li>• É quen de indicar e entender prezos e cantidades (alimentos e bebidas)</li> <li>• É quen de manter unha conversación moi básica nunha tenda de alimentos</li> <li>• É quen de entender a lista da compra</li> <li>• É quen de expresar gustos e preferencias alimentarias básicas</li> <li>• É quen de entender información breve sobre unha receita</li> </ul> |

#### Unidade 4

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre – <b>4 sesións</b>  |
| Tema                | <b>A VIVENDA</b>  |
| Recursos didácticos | Lección 4 do libro Schritte International Neu A1<br>Material para proxectar<br>Fotocopias, Fichas orais, Xogos didácticos   |
| Obxectivos<br>CTO   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender información sobre o tamaño, prezo e estilo dun moble</li> <li>• Comprender información sobre as características dunha habitación</li> <li>• Comprender información sobre as partes dunha vivenda</li> <li>• Comprender textos ou descrições sinxelas sobre a vivenda</li> <li>• Comprender un diálogo sinxelo relacionado co aluguer dunha vivenda</li> <li>• Comprender os números ata o millón</li> </ul> |
| Obxectivos<br>CTE   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender un texto sinxelo sobre a vivenda e as estancias</li> <li>• Comprender descrições sinxelas relativas aos mobles, habitacións e vivendas ou a vivenda ideal</li> <li>• Comprender información sobre o tamaño, prezo e estilo dun moble</li> <li>• Comprender anuncios relacionados co aluguer da vivenda</li> </ul>   |
| Obxectivos<br>PCOM  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Preguntar por un obxecto (moble) e describilo</li> <li>• Describir unha habitación e/ou a vivenda</li> <li>• Preguntar por información relacionada coa vivenda</li> <li>• Expresar gustos (verbo: <i>gefallen</i>) e valoracións relativas á vivenda</li> <li>• Describir a vivenda ideal</li> </ul>   |
| Obxectivos<br>PCEM  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir un texto breve sobre a vivenda</li> <li>• Describir de maneira sinxela un moble, unha estancia, a vivenda e a vivenda ideal</li> <li>• Completar unha táboa con información sinxela</li> </ul>  |

|                            |   |
|----------------------------|---|
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Corrixir un texto</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición de mobiliario e vivenda</li> <li>• Descrición da vivenda ideal</li> <li>• Intercambio de información relativo ao aluguer da vivenda</li> </ul>  |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mobiliario</li> <li>• Partes da casa</li> <li>• Vivenda</li> <li>• Anuncios inmobiliarios</li> <li>• As cores</li> <li>• Frases e expresións útiles: <i>Sag mal, Ja, richtig, nicht? oder? wichtig? Also, Oh! , Was? Schau mal, Ah ja, danke.</i></li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O pronome persoal (<i>er, sie, es, sie</i>)</li> <li>• A negación (<i>nicht e kein</i>)</li> <li>• Os adverbios locais: <i>hier, dort</i></li> <li>• A oración interrogativa (<i>Ja-/Nein-Frage</i>)</li> <li>• A formación de palabras compostas</li> <li>• O verbo <i>gefallen</i></li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• acento nas palabras compostas</li> <li>• Vogais longas e curtas: e, i</li> </ul>   |
| Contidos socioculturais    | <p>A vivenda en países de fala alemá</p> <p>Os anuncios inmobiliarios</p>   |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diálogos relacionados co aluguer da vivenda</li> <li>• Anuncios do mercado inmobiliario</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estratexias para a comprensión de textos orais: centrar a atención en información importante.</li> <li>• Estratexias para a expresión de textos escritos: escribir un texto partindo doutro</li> <li>• Estratexias de comprensión de textos escritos: tarefas de emparellamento</li> <li>• Estratexia para a produción oral: iniciar, manter e rematar unha interacción,</li> <li>• tomar notas para planificar a intervención</li> </ul>  |
| Avaliación                 | <p>A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación e por medio do material de revisión do libro de exercicios. Poderanse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada lección no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</p>   |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de dar e pedir información relacionada con necesidades inmediatas da vida cotiá, como alugar unha vivenda</li> <li>• É quen de indicar as estancias dunha vivenda</li> <li>• É quen de entender un anuncio por palabras relacionado co aluguer da vivenda</li> <li>• É quen de expresar gustos e preferencias</li> <li>• É quen de entender e describir textos sobre a vivenda, as estancias e os móbiles</li> <li>• É quen de expresar se algo lle gusta ou non</li> <li>• É quen de contar ate un millón</li> </ul> |

## Unidade 5

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Temporalización            | 1º cuatrimestre – <b>4 sesións</b>  |
| Tema                       | <b>ACTIVIDADES COTIÁS</b>   |
| Recursos didácticos        | Lección 5 do libro Schritte International Neu A1<br>Material para proxectar<br>Fotocopias, Fichas orais, Xogos didácticos   |
| Obxectivos<br>CTO          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender información sobre actividades cotiás/rutina diaria</li> <li>• Comprender as horas</li> <li>• Comprender información sobre horarios da semana</li> <li>• Comprender información sobre partes do día</li> <li>• Comprender información sobre horarios de apertura</li> <li>• Comprender mensaxes nun contestador, anuncios publicitarios sinxelos na radio</li> </ul>   |
| Obxectivos<br>CTE          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender un texto sinxelo sobre un programa semanal</li> <li>• Comprender un texto sinxelo sobre horarios de apertura</li> <li>• Comprender un texto sinxelo sobre as carreiras universitarias e as profesións</li> <li>• Comprender carteis e folletos con horarios</li> <li>• Comprender anuncios sinxelos en prospectos turísticos ou publicitarios</li> <li>• Comprender anotacións nunha axenda persoal</li> </ul>            |
| Obxectivos<br>PCOM         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Facer preguntas e respostas sobre a hora</li> <li>• Expresar horarios de apertura</li> <li>• Falar sobre a vida e rutinas da vida cotiá</li> <li>• Falar sobre preferencias</li> <li>• Citarse e quedar con outras persoas</li> </ul>  |
| Obxectivos<br>PEM          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir sobre a súa rutina diaria</li> <li>• Completar un horario/unha táboa</li> <li>• Escribir sms ou e-mail para propor unha actividade</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Nombrar as partes do día</li> <li>• Consultar horarios, carteis de comercio.</li> <li>• Entender actividades relacionados coa vida cotiá/rutina diaria</li> <li>• Concertar/cambiar/anular unha cita</li> <li>• Organizar unha visita ou ruta a unha cidade alemá</li> <li>• Preguntar por gustos e preferencias</li> <li>• Expresar aprecio e simpatía</li> <li>• Expresar preferencia</li> <li>• Escusarse por un tempo</li> </ul> |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades cotiás/rutina diaria</li> <li>• As hora</li> <li>• A semana</li> <li>• Horarios da semana</li> <li>• Horarios de apertura</li> <li>• As partes do día</li> </ul>   |

|                           |  |
|---------------------------|--|
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vida diaria</li> <li>• Costumes</li> </ul>  |
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos
- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos

### Léxicos

- Actividades cotiás: hábitos e horarios...
- Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía
- Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía...

- Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián...
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...
- Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...
- Educación: material e actividades da aula, centros de ensino...
- Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
- Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas...
- Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- Saúde e cuidados físicos: estado físico, partes do corpo...
- Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
- Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais...
- Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...
- Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico...

### Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- O alfabeto
- Correspondencia entre grafías e fonemas
- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos
- A entoación
- O acento. Regras básicas de acentuación
- Recoñecemento e produción dos tons
- Estrutura silábica
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente
- Orde dos trazos dos caracteres
- Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos
- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas
- Ortografía do vocabulario máis usual
- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes

### **3.4. Criterios de avaliación do nivel A2**

#### Actividades de comprensión de textos orais.

Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

#### Actividades de produción e coprodución de textos orais

Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.

Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

#### Actividades de comprensión de textos escritos.

Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.

Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

#### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común.

#### Actividades de mediación

É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlle ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

### 3.5 Temporalización do nivel A2

- 1.- Farase unha avaliación inicial considerando tamén os informes individuais do curso 2022-2023.
- 2.- Traballarase coa Aula virtual de Moodle como o ano pasado.

O método que se utiliza neste curso é: Schritte international neu 3 + 4 .Editorial Hueber. Kursbuch und Arbeitsbuch.

## Programación A2. Temporalización

### Primeiro cuadrimestre

#### Unidade didáctica 1

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Temporalización            | 1º cuadrimestre - <b>4 sesións</b>  |
| Tema                       | <b>A VESTIMENTA E A DESCRICIÓN FÍSICA</b>   |
| Recursos didácticos        | <i>Schritte International Neu 2.Lektion 13</i><br>Material para proxectar<br>Fotocopias<br>Folletos e catálogos   |
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar e entender descrições e valoracións sobre a roupa</li> </ul>  |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender aportacións nun foro de internet relacionado coa roupa</li> <li>• Comprender textos narrativos sinxelos relacionados con esta temática e con apoio visual</li> </ul>  |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir nun monólogo de forma breve e sinxela persoas e a súa vestimenta</li> <li>• Falar e opinar sobre o tema “roupa”</li> <li>• Transmitirle oralmente a terceiras persoas a información relativa á roupa</li> </ul>  |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir de forma sinxela a forma de vestir</li> <li>• Escribir pequenas aportacións nun foro de internet arredor do tema “roupa”</li> <li>• Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar o propio texto</li> </ul>                                   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir persoas</li> <li>• Describir a roupa</li> <li>• Expresar a propia opinión</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A roupa</li> <li>• As cores, o tamaño, prezos</li> <li>• Os adxectivos calificativos en función atributiva (sen declinar) aplicados á descripción física.</li> <li>• Introducción do fenómeno da declinación do adxectivo en función das necesidades do alumnado.</li> </ul> |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación do comparativo e superlativo do adxectivo</li> <li>• Adverbios de modo</li> </ul>  |

|                           |  |
|---------------------------|--|
| Contidos fonéticos        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A vogal “e” átona</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vestimenta apropiada para eventos. Convencións sociais: o vestiario.</li> </ul>   |
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Catálogos</li> <li>• Folletos informativos e/ou publicitarios</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificar a estrutura básica do texto</li> <li>• Ensañar o texto oral ou escrito</li> <li>• Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto</li> <li>• Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas</li> </ul>  |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderanse usar os descritores avaliatorios e os tests presentes ao final de cada unidade no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul> |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de entender nunha conversa: talla/tamaño, cor, forma e prezo dunha prenda de roupa</li> <li>• É quen de describir oralmente e por escrito a unha persoa e o tipo de roupa que leva.</li> </ul>   |

## Unidade didáctica 2

|                     |  |
|---------------------|--|
| Temporalización     | 1º cuatrimestre – <b>4 sesións</b>   |
| Tema                | <b>A FAMILIA</b>   |
| Recursos didácticos | Lección 1 do libro <i>Schritte-International Neu 3, Kurs- und Arbeitsbuch</i><br>Material para proxectar<br>Fotocopias e fichas para xogos de rol  |
| Obxectivos CO       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o significado global e as informacións relevantes de conversas sinxelas que relaten descrições sobre a familia</li> <li>• Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre a familia.</li> <li>• Comprender o sentido xeral e a información específica en mensaxes curtas sobre inconvenientes ou problemas xurdidos no día a día, p.ex. audios de mensaxería instantánea, mensaxes no buzón de voz.</li> </ul> |
| Obxectivos CE       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados coa familia</li> <li>• Comprender mensaxes curtas sobre inconvenientes ou problemas xurdidos no día a día. P.ex. mensaxes de Whatsapp.</li> </ul>  |
| Obxectivos PCOM     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, a familia</li> <li>• Manter unha conversa ofrecendo e solicitando información básica sobre a familia</li> <li>• Resumir brevemente a información máis importante relacionada coa familia e coas formas de vida.</li> <li>• Relatar acontecementos e experiencias propias sucedidas na vida cotiá.</li> </ul>  |
| Obxectivos PCEM     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir un pequeno texto describindo a familia</li> <li>• Intercambiar correspondencia breve e sinxela sobre temas relacionados</li> </ul>   |



|                            |   |
|----------------------------|---|
|                            | <p>coa familia e con pequenos problemas sucedidos na vida cotiá (p.ex. mensaxes para persoas da súa unidade de convivencia comunicando retrasos, avisos, inconvenientes, etc.)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Relatar sucintamente acontecementos e problemas da vida cotiá.</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Relatar acontecementos e inconvenientes.</li> <li>• Interesarse por alguén.</li> <li>• Manifestar comprensión e falta de comprensión</li> </ul>  |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Relacións familiares e sociais.</li> <li>• Parentesco</li> <li>• Formas de convivencia e modos de vida.</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Repaso e ampliación do <i>Perfekt</i> (pasado composto): verbos con prefixo separable, verbos con prefixo non separable, verbos terminados en -ieren.</li> <li>• Oracións subordinadas con “<i>weil</i>”.</li> <li>• O artigo posesivo</li> <li>• O xenitivo con nomes propios.</li> <li>• Adverbios de progresión temporal: Zuerst, danach, dann, später, schließlich...</li> </ul> |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acentuación de verbos separables e inseparables (básica para diferencialos)</li> </ul>   |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As relacións persoais: sociais e familiares.</li> <li>• Modos de vida e de convivencia.</li> </ul>   |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Textos de lectura e árbores xenealóxicas</li> <li>• Correos electrónicos</li> <li>• Mensaxes curtas a través de medios electrónicos (Whatsapps e similares), tanto orais como escritas.</li> <li>• Conversas curtas a pé de rúa.</li> <li>• Biografía curtas.</li> <li>• Organización temporal do discurso.</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...)</li> <li>• Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.</li> </ul>  |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación Poderanse usar os descritores avaliatorios e os tests que aparecen no propio libro de texto ao final da unidade para autoavaliarse.</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de falar e describir a familia e a forma de vida propia e doutra persoa.</li> <li>• É quen de entender a información relevante de textos de produción oral e escrita sinxelos nos que se fala sobre a familia, as relacións interpersoais e os modos de convivencia.</li> </ul>   |

### Unidade didáctica 3

|                 |                                    |
|-----------------|------------------------------------|
| Temporalización | 1º cuadrimestre – <b>4 sesións</b> |
| Tema            | <b>VIVENDA E FOGAR</b>             |

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Recursos didácticos        | Lección 2 do libro <i>Schritte International Neu 3, Kurs- und Arbeitsbuch</i><br>Material para proxectar<br>Fotocopias e fichas para xogos de rol   |
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o significado global e as informacións relevantes de conversas sinxelas que relaten descrições da vivenda ou aspectos relacionados coa convivencia e veciñanza.</li> <li>• Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre a vivenda, decoración.</li> </ul>  |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender descrições</li> <li>• Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados coa vivenda.</li> <li>• Comprender textos e instrucións básicas sobre a xestión do lixo.</li> </ul>  |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Manter unha conversa ofrecendo e solicitando información básica sobre a vivenda</li> <li>• Falar sobre a decoración / renovación dun piso o dunha casa</li> <li>• Transmitirle a unha terceira persoa a información relevante contida en textos sinxelos sobre a vivenda (Anuncios por palabras, folletos, letreiros...)</li> <li>• Pedir e ofrecer axuda a respecto da vivenda ou da veciñanza.</li> <li>• Expresar opinións e experiencias persoais a respecto da redución de lixo.</li> </ul> |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Producir un breve texto describindo a vivenda</li> <li>• Intercambiar correspondencia curta, tanto informal como formal no contexto da vivenda (p.ex. pedindo información sobre unha vivenda ou preguntando sobre a vivenda en aluguer)</li> <li>• Producir e contestar mensaxes escritas curtas pedindo ou ofrecendo axuda no contexto da vivenda e da convivencia. Tamén mensaxes transmitidas por medios dixitais como <i>Telegramm, Signal, Whatsapp</i>, etc.</li> </ul>                    |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dar e entender instrucións básicas de decoración</li> <li>• Describir lugares (vivenda e contorna)</li> <li>• Pedir e ofrecer axuda.</li> <li>• Agradecer.</li> <li>• Desculparse.</li> <li>• Expresar opinións.</li> <li>• Expresar suposicións.</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mobiliario</li> <li>• Electrodomésticos e aparellos electrónicos de uso cotián</li> <li>• A vivenda, aluguer e servizos (auga, luz, calefacción)</li> <li>• O lixo e a súa xestión.</li> <li>• Expresións básicas para ofrecer axuda (<i>soll ich...</i>) ou pedila (<i>würden Sie bitte..., könnten Sie bitte...</i>)</li> <li>• Expresións básicas para agradecer e pedir desculpas.</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As preposicións de cambio de réxime ( <i>Akkusativ / Dativ</i>).</li> <li>• Os verbos de movemento / posición en alemán (<i>stellen / stehen, legen / liegen...</i>).</li> <li>• Os adverbios direccionais: <i>dahin, dorthin, rein, raus, runter...</i></li> <li>• Repaso do imperativo.</li> </ul>   |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O acento nas palabras compostas.</li> <li>• O U-Umlaut</li> </ul>  |

|                           |   |
|---------------------------|---|
| Contidos socioculturais   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As condicións de vida no ámbito da vivenda.</li> <li>• As normas de convivencia básicas nun edificio de veciños.</li> <li>• A xestión do lixo.</li> </ul>  |
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Anuncios, carteis, letreiros e sinais.</li> <li>• Catálogos e folletos informativos.</li> <li>• Conversas</li> <li>• Mensaxes electrónicas escritas e faladas.</li> <li>• Artigos breves.</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...)</li> <li>• Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.</li> <li>• Deducir o significado de palabras compostas.</li> </ul>  |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación Poderanse usar os descritores e os tests que aparecen ao final da unidade no propio libro de texto para autoavaliarse.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de entender a información relevante de textos de produción oral e escritos sinxelos nos que se fala sobre a vivenda.</li> <li>• É quen de facer descrições elementais sobre a posición dos elementos no espazo.</li> <li>• É quen de desenvolverse na xestión de alugar unha vivenda.</li> <li>• É quen de desenvolverse en conversas cotiás cos veciños a respecto da convivencia: pedir, ofrecer, agradecer e desculparse.</li> </ul> |

#### Unidade didáctica 4

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre – <b>4 sesións</b>  |
| Tema                | <b>ALIMENTACIÓN</b>   |
| Recursos didácticos | Lección 3 do libro <i>Schritte International Neu 3, Kurs- und Arbeitsbuch</i><br>Material para proxectar<br>Fotocopias e fichas para xogos de rol   |
| Obxectivos CO       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o significado global e as informacións relevantes de conversas sinxelas que relaten os hábitos alimenticios .</li> <li>• Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre a alimentación.</li> </ul>   |
| Obxectivos CE       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o significado global e informacións relevantes en textos divulgativos sobre a alimentación e costumes alimenticios</li> <li>• Comprender invitacións escritas.</li> </ul>   |
| Obxectivos PCOM     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Manter unha conversa sobre os hábitos alimenticios e de cociña.</li> <li>• Convidar e reaccionar a un convite para comer.</li> <li>• Transmitirle a unha terceira persoa a información relevante contida en textos sinxelos sobre a comida (anuncios, menús, folletos, publicacións de redes sociais...).</li> </ul> |
| Obxectivos PCEM     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Producir un breve texto describindo hábitos e costumes alimenticios e de cociña.</li> <li>• Reformular a información contida en anuncios ou cartas de restaurantes</li> </ul>  |

|                            |  |
|----------------------------|--|
|                            | <p>para unha terceira persoa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Producir e contestar correos electrónicos ou mensaxes curtas escritas convidando a comer ou contestando a unha invitación.</li> <li>• Escribir críticas sinxelas de restaurantes.</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Referir hábitos e preferencias de alimentación.</li> <li>• Convidar a alguén a comer</li> <li>• Reaccionar a un convite</li> <li>• Interaccionar nun restaurante: reservar, pedir, reclamar e pagar.</li> <li>• Expresar opinión a respecto de costumes alimenticios</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As comidas e os alimentos: repaso e ampliación.</li> <li>• As diferentes comidas ao longo do día.</li> <li>• Lugares onde se serven comidas: <i>Kantine, Imbiss, Gasthof...</i></li> <li>• Enseres de cociña, pratos e cubertos.</li> <li>• Adxectivos do gusto: <i>lecker, sauer, salzig...</i></li> </ul>                                 |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronomes indefinidos: “<i>ein-, kein-, welch-</i>”.</li> <li>• Adverbios e frases adverbiais de frecuencia.</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As diferentes pronunciacións do &lt;s&gt;. Diferentes grafías para o /s/: &lt;ss&gt;, e &lt;ß&gt;</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Normas de cortesía e costumes á hora de convidar e ser convidado a comer.</li> <li>• Normas de cortesía e costumes á hora de ir a un restaurante e á hora de pagar.</li> </ul>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conversas relacionadas coa comida, en ámbito privado ou nun restaurante.</li> <li>• Entrevistas.</li> <li>• Pequenos artigos.</li> <li>• Anuncios.</li> <li>• Posts.</li> <li>• Pequenas comunicacións escritas ou orais (<i>Whatsapp</i> e similares).</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...)</li> <li>• Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.</li> </ul>   |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación Poderanse usar os descritores presentes ao final da unidade que aparecen no propio libro de texto para autoavaliarse.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de referir os seus hábitos de alimentación e de preparación de alimentos.</li> <li>• É quen de convidar a alguén a comer e de reaccionar a un convite.</li> <li>• É quen de se desenvolver nun restaurante.</li> <li>• É quen de comprender textos orais e escritos sinxelos sobre a alimentación e hábitos alimenticios.</li> </ul> |

## Unidade didáctica 5

|                 |                                    |
|-----------------|------------------------------------|
| Temporalización | 1º cuadrimestre – <b>4 sesións</b> |
| Tema            | <b>TRABALLO</b>                    |

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Recursos didácticos        | Lección 4 do libro <i>Schritte International Neu 3, Kurs- und Arbeitsbuch</i><br>Material para proxectar<br>Fotocopias e fichas para xogos de rol  |
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o significado global e as informacións relevantes de conversas sinxelas no ámbito laboral.</li> <li>• Comprender o significado global, as peticións e as informacións relevantes de mensaxes telefónicas, directas ou gravadas (p.ex. no buzón de voz), referentes ao ámbito laboral.</li> </ul>   |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o significado global e informacións relevantes de textos divulgativos referentes ao benestar laboral, a consellos para conseguir un traballo ou a compatibilidade de tempo de traballo e tempo de lecer.</li> <li>• Comprender un anuncio no que se oferta un emprego (<i>Fokus Beruf</i>)</li> </ul>  |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Manter unha conversa sobre a situación laboral e profesional.</li> <li>• Transmitirlle a unha terceira persoa a información relevante contida en textos sinxelos sobre o traballo (anuncios, publicacións de redes sociais...)</li> <li>• Manter unha conversa telefónica simple no ámbito laboral.</li> </ul>  |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reformular a información contida en anuncios de traballo simples para unha terceira persoa.</li> <li>• Producir e contestar correos electrónicos ou mensaxes curtas no ámbito laboral.</li> <li>• Escribir sobre as condicións laborais no país de orixe ou nun lugar concreto, sobre a súa situación laboral persoal ou sobre os seus desexos no ámbito profesional.</li> <li>• Escribir un correo electrónico en estilo formal, p. ex. solicitando un emprego.</li> </ul> |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar condicións.</li> <li>• Expresar hipóteses.</li> <li>• Comparar (neste caso, situacións laborais en diferentes países)</li> <li>• Referir ideas e experiencias persoais do traballo e do tempo libre.</li> <li>• Dar consellos</li> <li>• Conversar telefonicamente, especificamente no ámbito laboral.</li> <li>• Expresar opinións (neste caso, a respecto das condicións laborais e do tempo libre dispoñible)</li> </ul>  |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vocabulario relacionado co traballo, a empresa e a profesión.</li> <li>• Fórmulas moi básicas para solicitar un posto de traballo.</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Oracións subordinadas condicionais con “<i>wenn</i>”</li> <li>• Konjunktiv II de “<i>sollen</i>”</li> <li>• Adverbios <i>schon</i> e <i>noch nicht</i>.</li> <li>• Pronomes indefinidos: <i>jemand, niemand, etwas, nichts</i></li> </ul>   |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronunciación da grafía &lt;ch&gt;</li> <li>• Acento na frase.</li> </ul>   |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aspectos básicos das condicións laborais en Alemaña.</li> <li>• Usos e normas á hora de realizar conversas telefónicas.</li> </ul>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pequenos artigos divulgativos</li> <li>• Entrevistas</li> <li>• Cuestionarios</li> </ul>  |

|                           |   |
|---------------------------|---|
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Enquisas</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...)</li> <li>• Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.</li> </ul>  |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderanse usar os descritores e tests que aparecen no propio libro de texto ao final da unidade para autoavaliarse.</li> </ul> |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de transmitir a súa propia experiencia no ámbito laboral e de expresar opinións ao respecto.</li> <li>• É quen de facer conversas básicas por teléfono.</li> <li>• É quen de comprender textos sinxelos referentes a situacións e condicións laborais.</li> </ul>               |

## Unidade didáctica 6

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre – 4 sesións   |
| Tema                | <b>FORMACIÓN E PROFESIÓN</b>  |
| Recursos didácticos | Lección 6 do libro <i>Schritte International 3, Kurs- und Arbeitsbuch</i><br>Material para proxectar<br>Fotocopias, vídeos<br>Fichas para xogos de rol  |
| Obxectivos CO       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o significado global e as informacións relevantes de textos sinxelos que relaten descrições ou experiencias sobre a formación e a profesión</li> <li>• Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre experiencias formativas e profesionais</li> <li>• Comprender unha canción sobre a aprendizaxe.</li> </ul>  |
| Obxetivos CE        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender relatos curtos sobre profesións ou a vida laboral</li> <li>• Comprender textos curtos relacionados cos estudos, como ofertas de cursos</li> <li>• Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados coa vida profesional e/ou a formación</li> <li>• Comprender un cadro sobre o sistema educativo alemán</li> </ul>             |
| Obxectivos PCOM     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, a formación e/ou a profesión</li> <li>• Manter unha conversa ofrecendo e solicitando información básica sobre a propia formación e a profesión</li> <li>• Falar sobre as nosas actividades profesionais</li> <li>• Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a formación ou profesión contida nunha biografía profesional ou cadro explicativo</li> </ul> |
| Obxectivos PCEM     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir un correo electrónico sobre as propias experiencias de aprendizaxe escolar e/ou de idiomas</li> <li>• Relatar brevemente a información máis relevante de textos escritos ou gráficos relativos á temática profesional ou á profesión</li> </ul>   |

|                            |  |
|----------------------------|--|
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir un texto breve e sinxelo describindo a propia formación e/ou profesión</li> <li>• Escribir un texto breve e sinxelo sobre experiencias da nenez</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Relatar accións e situacións do pasado (desexos, plans, etc.)</li> <li>• Expressar impresións e sentimentos</li> <li>• Expoñer aspiracións profesionais</li> <li>• Describir a profesión e o carácter de persoas</li> <li>• Expressar a propia opinión e consultar a doutras persoas</li> <li>• Mostrar acordo</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación: tipos de formación</li> <li>• A experiencia laboral</li> <li>• Educación: centros de ensino, tipos de estudo</li> <li>• O sistema educativo alemán</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A subordinación con <i>dass</i></li> <li>• Conxugación do pasado simple (<i>Präteritum</i>) dos verbos modais</li> <li>• Repaso do pasado simple dos verbos <i>haben</i> e <i>sein</i></li> </ul>   |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronuncia de <i>-ich</i> e <i>-ig</i> a final de palabra</li> <li>• Pronuncia de “b” ou “w”</li> <li>• Pronuncia de “f”, “v” ou “w”</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O sistema educativo en Alemaña</li> <li>• Os exames e a puntuación</li> <li>• Os horarios e costumes relacionados co traballo</li> <li>• A oferta de formación continuada</li> </ul>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Artigos</li> <li>• Biografía formativas e profesionais</li> <li>• Cancións</li> <li>• Conversas telefónicas de tipo profesional</li> <li>• Correos electrónicos</li> <li>• Cadros explicativos e diagramas</li> <li>• Biografía formativas e profesionais</li> <li>• Entradas nun blog</li> <li>• Entrevistas e enquisas</li> <li>• Ofertas formativas</li> </ul>         |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar estratexias para lembrar palabras ou estruturas novas aprendidas</li> <li>• Ensañar o texto oral (planificar mentalmente o texto, gravarse, repetir termos en voz alta, etc.)</li> <li>• Adecuar de forma básica o texto (oral ou escrito) ao destinatario, ao contexto e á canle</li> </ul>   |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderanse usar os descritores avaliatorios e os tests presentes ao final de cada lección no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul> |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de expresar impresións relacionadas coa súa formación e /ou profesión</li> <li>• É quen de entender a información relevante de textos de produción oral e</li> </ul>   |

- escrita sinxelos nos que se fala sobre a educación e formación laboral
- É quen de falar sobre a súa educación e/ou sobre a súa profesión/vida laboral

## Unidade didáctica 7

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Temporalización            | 1º cuadrimestre - <b>4 sesións</b>   |
| Tema                       | <b>FESTAS E CELEBRACIÓNS</b>   |
| Recursos didácticos        | Lección 7 do libro <i>Schritte International Neu 3, Kurs- und Arbeitsbuch</i><br>Material para proxectar<br>Fotocopias, vídeos<br>Fichas para xogos de rol   |
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o significado global e a información específica relevante de conversas básicas sobre festas ou celebracións</li> <li>• Comprender o significado global, e as informacións relevantes de textos sinxelos como mensaxes de audio ou vídeo gravados durante unha festa</li> <li>• Comprender unha historia sinxela sobre unha voda apoiada coa reprodución de diapositivas (<i>Slide-Show</i>)</li> </ul> |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender tipos básicos de correspondencia sobre festas como correo electrónico ou mensaxes curtas transmitidas por medios dixitais</li> <li>• Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados coa organización de festas, como anuncios</li> </ul>   |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir festas coñecidas</li> <li>• Manter unha conversa sobre unha festa: planificándoa, invitando e ou falando de agasallos</li> <li>• Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a unha festa ou celebración (hora, lugar de celebración, actividades)</li> </ul>  |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Responder a unha invitación a unha festa por medio, p.ex., dun correo electrónico</li> <li>• Escribir un breve texto invitando a unha festa</li> <li>• Resumir brevemente a información relativa a unha festa ou celebración, como unha voda</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Felicitar e convidar</li> <li>• Agradecer (repaso e ampliación)</li> <li>• Describir celebracións</li> <li>• Referirse a situacións do pasado (celebracións nas vacacións, etc.)</li> <li>• Expresar a importancia dun feito</li> <li>• Facer recomendacións</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Festas e celebracións: aniversarios, vodas, festas na rúa, etc.)j</li> <li>• Agasallos</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Posicións dos complementos directo e indirecto</li> <li>• Posición dos complementos nominalizados</li> <li>• Os posesivos (repaso e ampliación): o dativo</li> <li>• Os artigos en dativo</li> <li>• O pronomes persoais en dativo</li> <li>• A preposición <i>von</i> (repaso e ampliación): <i>mein Freund / ein Freund von mir</i></li> </ul>  |
| Contidos                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Práctica dos sons “o” e “ö”</li> </ul>  |



|                           |  |
|---------------------------|--|
| fonéticos                 |  |
| Contidos socioculturais   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Datás especiais e festivos nos países de fala alemá</li> <li>• Comunicación de acontecementos festivos en DACH</li> <li>• Convencións sociais: formulas de cortesía</li> <li>• As vodas en Alemaña</li> </ul>   |
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Anuncios e carteis relacionados con festas</li> <li>• Axendas</li> <li>• Conversas en / sobre celebracións</li> <li>• Mensaxes electrónicas</li> <li>• Mensaxes curtas en medios dixitais</li> <li>• Narracións curtas</li> <li>• Notas</li> <li>• Tarxetas</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión</li> <li>• Utilizar estratexias para comezar, manter ou rematar unha conversa breve</li> <li>• Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.</li> <li>• Aproveitar os coñecementos previos</li> </ul>  |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderanse usar os descritores avaliatorios e os tests ao final de cada unidade no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>                                 |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de entender a información relevante de textos de produción oral e escrita sinxelos nos que se fala sobre algunha festa ou celebración</li> <li>• É quen de organizar unha festa, convidar e responder a unha invitación oralmente e por escrito</li> <li>• É quen de transmitir a información relevante de textos sinxelos nos que se fala sobre algunha festa ou celebración</li> </ul> |

## Segundo cuadrimestre

### Unidade didáctica 8

|                     |  |
|---------------------|--|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre – <b>5 sesións</b>   |
| <b>Tema</b>         | <b>DEPORTES E TEMPO DE LECER</b>   |
| Recursos didácticos | <p><i>Lección 5 do libro Schritte International Neu 3 e Lección 8 do libro Schritte International Neu 3, Kurs- und Arbeitsbuch.</i></p> <p>Material para proxectar<br/>Fotocopias, vídeo<br/>Fichas para xogos de rol</p>  |
| Obxectivos CO       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre os deportes, como os intereses persoais por disciplinas deportivas e o tempo libre.</li> <li>• Comprender o significado global, e as informacións relevantes de textos sinxelos como mensaxes de audio ou vídeo sobre plans e gustos para a fin de semana.</li> </ul> |

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender un texto sinxelo sobre a práctica deportiva e o tempo de lecer.</li> <li>• Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, relacionados cos deportes e con actividades de tempo libre e a fin de semana.</li> <li>• Comprender curtos textos sobre gustos para o tempo de lecer como entradas nun blog.</li> </ul>  |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar os propios intereses en canto a disciplinas deportivas, e preguntar a alguén sobre os seus</li> <li>• Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, os hábitos deportivos</li> <li>• Dar consellos sobre a práctica dun deporte</li> <li>• Solicitar información sobre a matrícula nun club deportivo</li> <li>• Describir gustos e desexos propios para o tempo de lecer</li> <li>• Manter unha conversa sobre a fin de semana: planificándoa, facendo propostas e invitando a participar nelas</li> <li>• Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a actividade ou evento (hora, lugar de celebración, etc.)</li> </ul> |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir un correo electrónico sobre a actividade física</li> <li>• Describir de forma breve e sinxela, os hábitos deportivos</li> <li>• Escribir un breve texto facendo unha proposta ou invitación para unha actividade de ocio, p. ex. durante a fin de semana</li> <li>• Responder a unha proposta ou invitación para o tempo de lecer por medio dun correo electrónico, unha mensaxe de chat, etc.</li> <li>• Transmitirlle por escrito a terceiras persoas a información relativa a unha actividade de ocio ou evento (hora, lugar de celebración, etc.)</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expoñer proxectos e formular hipóteses</li> <li>• Solicitar e ofrecer información</li> <li>• Comunicar plans</li> <li>• Expresar desexos, gustos, intereses e preferencias</li> <li>• Formular propostas e invitacións</li> <li>• Aceptar ou o rexeitar unha invitación ou unha proposta</li> <li>• Quedar para facer algo</li> <li>• Informar sobre datas, lugares e actividades</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os deportes (perfil deportivo)</li> <li>• A práctica deportiva</li> <li>• O estilo de vida saudable</li> <li>• Afecións e hobbies</li> <li>• Lugares de ocio nunha cidade</li> <li>• Actividades de ocio e tempo de lecer</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Verbos reflexivos máis habituais</li> <li>• Pronomes reflexivos en acusativo</li> <li>• Repaso e ampliación do xénero e o número dos substantivos: formas especiais do plural como "<i>Sportarten, Ratschläge</i> ou <i>Stockwerke</i>".</li> <li>• O <i>Konjunktiv II</i> de <i>sein, haben, können</i> e <i>würden</i> + infinitivo</li> <li>• O adverbio conxuncional <i>trotzdem</i></li> <li>• A posición do adverbio conxuncional na frase</li> <li>• Repaso e ampliación dos nomes compostos: nome+nome, adxectivo+nome, verbo+nome</li> </ul>  |

|                           |  |
|---------------------------|--|
| Contidos fonéticos        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A pronuncia do son “r” en posición media e final da palabra e da sílaba</li> <li>• A exclamación</li> <li>• O acento e a entoación na frase</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Hábitos e costumes deportivos nos países de fala xermana</li> <li>• As asociacións deportivas en DACH</li> <li>• Determinar o grao de cortesía nun correo</li> <li>• Escribir, aceptar e rexeitar axeitadamente unha invitación</li> <li>• Os hábitos e costumes da fin de semana nos países de fala alemá</li> </ul>   |
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conversas telefónicas</li> <li>• Folletos</li> <li>• Textos informativos</li> <li>• Anuncios sobre actividades e eventos</li> <li>• Conversas sobre as preferencias para o tempo de lecer</li> <li>• Correos electrónicos, e mensaxes de texto propoñendo actividades</li> <li>• Entradas en blogs e foros na rede</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adecuar de forma básica o texto (oral ou escrito) ao destinatario, ao contexto e á canle</li> <li>• Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...)</li> <li>• Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto</li> <li>• Estratexias para a produción dun escrito de resposta: ler detidamente o texto, marcar as preguntas e tomar apuntes para a resposta</li> <li>• Buscar información importante nos textos e marcala</li> <li>• Prepararse para a comprensión oral apuntando previamente palabras relacionadas co tema e pensando en posibles preguntas sobre el</li> <li>• Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve</li> <li>• Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua</li> </ul> |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderanse usar os descritores avaliatorios e os tests presentes ao final de cada unidade no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de falar dos hábitos deportivos</li> <li>• É quen de dar consellos de boas prácticas deportivas</li> <li>• É quen de entender consellos relacionados coa práctica dalgún deporte</li> <li>• É quen de inscribirse para practicar unha actividade deportiva</li> <li>• É quen de entender mensaxes breves da vida cotiá con información sobre o tempo de lecer e de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas sobre eles</li> <li>• É quen de entender preguntas breves sobre o tempo de lecer en conversacións moi sinxelas</li> <li>• É quen de pedir información sobre habilidades ou capacidades, e de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas sobre elas</li> </ul>  |

## Unidade didáctica 9

|                 |                                    |
|-----------------|------------------------------------|
| Temporalización | 2º cuadrimestre - <b>4 sesións</b> |
|-----------------|------------------------------------|

| Tema                       | <b>SAÚDE E COIDADOS FÍSICOS</b>   |
|----------------------------|---|
| Recursos didácticos        | Material de elaboración propia<br>Fotocopias<br>Folletos e catálogos  |
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar e entender conversas sinxelas relacionadas coa saúde e consellos médicos</li> </ul>   |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender textos curtos sobre a saúde e os coidados físicos.</li> <li>• Comprender o significado global e as informacións relevantes de conversas sinxelas entre médico e paciente</li> </ul>   |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Preguntar con cortesía</li> <li>• Pedir e ofrecer información e axuda</li> <li>• Expresar doenzas</li> </ul>   |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir de forma sinxela sobre a saúde propia e de terceiras persoas</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender consellos moi simples sobre a saúde</li> <li>• Preguntar e expresar interese pola saúde de terceiras persoas</li> <li>• Manexarse nun centro de saúde</li> </ul>  |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As partes do corpo</li> <li>• Coidados físicos</li> <li>• Doenzas e enfermidades sinxelas</li> <li>• Bens e servizos: servizos médicos, servizos sociais</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Preguntas indirectas con partículas interrogativas</li> <li>• O verbo modal *sollen</li> </ul>   |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cadencias, acentos e pausas nas oracións</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A sanidade en países de lingua alemá</li> </ul>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Notas e mensaxes</li> <li>• Blog sobre temas relacionados coa saúde</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificar a estrutura básica do texto</li> <li>• Ensañar o texto oral ou escrito</li> <li>• Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas</li> </ul>   |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de entender textos curtos e sinxelos sobre a saúde</li> <li>• É quen de falar da súas enfermidades e doenzas</li> <li>• É quen de entender a información relevante de textos de produción oral/escrita sinxelos nos que se fala sobre enfermidades e doenzas</li> </ul> |

### Unidade didáctica 10

|                     |  |
|---------------------|--|
| Temporalización     | 2º cuadrimestre - <b>4 sesións</b>   |
| Tema                | <b>COMPRAS E ACTIVIDADES COMERCIAIS</b>  |
| Recursos didácticos | <i>Schritte International Neu 4</i> Lección 9 do Kursbuch e Arbeitsbuch<br>Material para proxectar<br>Fotocopias<br>Folletos e catálogos |

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar e entender conversas coa temática de <i>compra e venda</i></li> <li>• escoitar e entender un texto que trate dos obxectos persoais</li> </ul>   |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender unha estatística</li> <li>• Comprender textos informativos</li> <li>• Comprender e localizar información relevante con esta temática en anuncios</li> <li>• Entender correo electrónico e blogs de internet relacionados con esta temática</li> </ul>   |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar a propia opinión</li> <li>• Describir e comparar obxectos (persoais)</li> <li>• Falar dos hábitos de compras</li> </ul>   |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir pequenas aportacións nun foro de internet relativo ao tema compras e / ou obxectos persoais</li> <li>• Escribir un pequeno anuncio</li> <li>• Escribir unha aportación pequena comparando diferentes aspectos: obxectos, cidades, calidades ....</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir obxectos: tamaño, material, calidades, prezo</li> <li>• Comparar e valorar obxectos, datos e hábitos</li> <li>• Expresar gustos e preferencias</li> </ul>  |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Obxectos de decoración, materiais, compras</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Declinación de adxectivos co artigo indeterminado, negativo, posesivo e “<i>Nullartike</i>” en nominativo, acusativo “<i>Ich suche keine flachen Teller, ich suche tiefe Teller.</i>”</li> <li>• Adxectivos en uso predicativo, gradación de adxectivos en predicativo e en nominativo e acusativo “... <i>ist schön - schöner - am schönsten, der schönste ...</i>”.</li> <li>• As partículas de comparación “<i>als e so ... wie,</i>”</li> <li>• Números cardinais e ordinais en acusativo e dativo</li> <li>• Os partitivos máis comúns “<i>die Hälfte, ein Drittel, Viertel</i>”</li> <li>• Preposición “<i>aus</i>” para indicar materiais “<i>aus Glas, aus Holz.</i>”</li> <li>• Coordinación con “<i>sondern</i>”.</li> <li>• Formación de palabras: adxectivos co sufixo <i>-los</i>.</li> </ul> |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acentos na oración: “<i>Haupt- und Nebenakzent</i>”.</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Gastos dos fogares alemáns</li> <li>• Produtos famosos de Alemaña, Austria e Suíza.</li> </ul>   |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Folletos informativos</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificar a estrutura básica do texto</li> <li>• Ensañar o texto oral ou escrito</li> <li>• Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto</li> <li>• Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas</li> </ul>   |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderanse usar os descritores avaliatorios e os tests presentes ao final de cada lección no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>  |

|                   |  |
|-------------------|--|
| Mínimos esixibles | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de comparar oralmente e por escrito diferentes aspectos dun obxecto</li> <li>• É quen de valorar datos básicos e hábitos de compra</li> <li>• É quen de atopar a información necesaria nunha paxina web</li> </ul> |
|-------------------|--|

## Unidade didáctica 11

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Temporalización            | 2º cuadrimestre - <b>4 sesións</b>   |
| Tema                       | <b>COMUNICACIÓN E SERVIZOS</b>   |
| Recursos didácticos        | <i>Scritte International Neu 4</i> Lección 10 do Kursbuch e Arbeitsbuch<br>Material para proxectar<br>Fotocopias<br>Folletos e catálogos   |
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar e entender entrevistas sinxelas sobre os medios de comunicación</li> <li>• escoitar e entender mensaxes de voz por exemplo dun contestador automático, ...</li> <li>• escoitar e entender un texto sobre o uso dos medios de comunicación</li> </ul>   |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• comprender unha entrevista</li> <li>• facer unha estatística do curso sobre o uso dos medios de comunicación</li> <li>• comprender e localizar información relevante con esta temática en anuncios</li> </ul>   |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• deixar notas /mensaxes curtas de voz</li> <li>• falar dos hábitos en canto as comunicacións e os medios de comunicación</li> <li>• conversar ao teléfono</li> </ul>   |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• elaborar unha estatística de clase acerca do uso persoal dos medios de comunicación.</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• pedir información sobre características e atributos de obxectos e persoas</li> <li>• pedir desculpas (ampliación), xustificarse, expresar enfado, enfatizar.</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• correos, comunicación e medios de comunicación.</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• oracións interrogativas con partículas declinadas: “<i>Was für ein-?</i>”, diferenza entre “<i>was für ein- /welch-</i>”</li> <li>• recoñecemento de oracións en presente en voz pasiva</li> <li>• declinación de adxectivos co artigo determinado en nominativo, acusativo e dativo</li> <li>• artigo interrogativo “<i>was für ein-</i>”</li> <li>• formación de palabras: adxectivos co prefixo <i>un-</i></li> <li>• substantivos deverbais terminados en <i>-ung</i>.</li> </ul> |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• diferenciación entre “<i>b/p, d/t, g/k</i>”.</li> </ul>   |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• o uso de móbiles en España y Alemaña</li> <li>• o entroido en Alemaña.</li> </ul>   |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• recursos para iniciar e terminar unha conversa telefónica informal</li> <li>• fórmulas habituais para queixarse “<i>Das finde ich unmöglich; Das geht</i></li> </ul>  |

|                           |   |
|---------------------------|---|
|                           | <p><i>doch nicht; Das kannst du doch nicht machen!</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar disculpas “<i>Es tut mir sehr / wirklich / schrecklich leid; Das kommt bestimmt nicht wieder vor; Sei bitte nicht böse.</i>”.</li> </ul> |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Simular conversas por teléfono</li> <li>• Elaborar unha estatística</li> </ul>   |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de entender mensaxes de voz curtas e anotar información requirida</li> <li>• É quen de atopar a información necesaria en mensaxes curtos</li> </ul>   |

## Unidade didáctica 12.A

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Temporalización            | 2º cuadrimestre - <b>4 sesións</b>  |
| Tema                       | <b>TRÁFICO E TRANSPORTE E O TEMPO METEOROLÓXICO</b>   |
| Recursos didácticos        | Lección 11 do libro <i>Schritte International Neu 4, Kurs- und Arbeitsbuch</i><br>Material para proxectar<br>Fotocopias<br>Folletos e catálogos   |
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar e entender indicacións para chegar a un determinado sitio</li> <li>• escoitar e entender noticias da radio relativas ao tráfico e sobre a previsión do tempo climatolóxico (o parte meteorolóxico)</li> </ul>   |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender textos curtos con indicacións para chegar a un destino</li> <li>• Comprender textos informativos (partes meteorolóxicos)</li> <li>• Comprender o sentido global e localizar información relevante con esta temática (o estado do tráfico nunha cidade e o tempo climatolóxico)</li> <li>• Entender blogs e correo electrónico de internet relacionados con esta temática</li> </ul> |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir nun monólogo de forma breve e sinxelo o estado do tráfico na túa cidade</li> <li>• Preguntar polo camiño, indicar unha ruta, indicar onde vive alguén</li> <li>• Indicar consecuencias</li> <li>• Falar e opinar e dar información sobre o tema “clima/ tempo climatolóxico”</li> </ul>  |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir pequenas aportacións nun foro de internet relativo ao tema tráfico, transporte e clima</li> <li>• Escribir un correo electrónico a un/unha amigo/a describindo de forma sinxela o tráfico na túa cidade</li> <li>• Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar o propio texto</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir o tempo</li> <li>• Describir o estado do tráfico e os medios de transporte.</li> <li>• Expresar a propia opinión</li> <li>• Indicar como se quere efectuar un pago</li> </ul>  |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descricións de camiño, transporte e tempo atmosférico</li> <li>• Formas de pago (en efectivo, con tarxeta...)</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinación co enlace “<i>deshalb</i>”, orden sintáctico dos elementos (“<i>deshalb</i>” en posición 1)</li> </ul>  |

|                           |   |
|---------------------------|---|
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Oracións impersoais co suxeito formal <i>es</i>, presenza obrigatoria do suxeito/suxeito formal “<i>Es regnet; Es ist heiß; Es ist langweilig, ...</i>”</li> <li>• Preposicións locais con caso fixo: con acusativo: “<i>durch, entlang, um ... herum</i>” e con dativo: “<i>aus, von, bis ... zu, an ... vorbei, gegenüber</i>”.</li> <li>• Formación de palabras: adxectivos con sufixos <i>-bar, -ig, -isch</i>.</li> </ul> |
| Contidos fonéticos        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Agrupación de consonantes “<i>kw, ks, pf, ts</i>”, e a súa representación gráfica.</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Medios de transporte e tráfico en Alemaña.</li> <li>• O clima nos países de fala alemá.</li> </ul>   |
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Folletos informativos</li> <li>• Partes meteorolóxicos</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificar a estrutura básica do texto</li> <li>• Ensañar o texto oral ou escrito</li> <li>• Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto</li> <li>• Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas</li> </ul>   |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de entender nunha conversa as indicacións dun camiño e a previsión do tempo</li> <li>• É quen de describir oralmente e por escrito en que medios de transporte prefire viaxar.</li> </ul>   |

## Unidade didáctica 12.B

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 2º cuadrimestre - <b>4 sesións</b>  |
| Tema                | <b>VIAXES</b>   |
| Recursos didácticos | Lección 12 do libro <i>Schritte International Neu 4, Kurs- und Arbeitsbuch</i><br>Material para proxectar<br>Fotocopias<br>Folletos e catálogos   |
| Obxectivos CO       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar e entender conversas dunha axencia de viaxes</li> <li>• escoitar e entender cando se fala dunha viaxe, as actividades que se fan, os destinos, etc.</li> <li>• escoitar e entender conversas relacionadas co “diñeiro”. Pagar en efectivo ou con tarxeta.</li> </ul>  |
| Obxectivos CE       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• comprender textos curtos ou anuncios sobre aloxamentos</li> <li>• comprender textos informativos curtos sobre viaxes (destinos)</li> <li>• comprender o sentido global e localizar información relevante con esta temática</li> <li>• entender mensaxes (whatsapp) e correo electrónicos/ invitacións e tamén as relacionadas con esta temática</li> </ul> |
| Obxectivos PCOM     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• describir as preferencias para viaxar</li> <li>• falar, planificar e opinar sobre viaxes, destinos, actividades nas vacacións e contratar unha viaxe</li> <li>• invitar a persoas a que veñan de visita</li> <li>• transmitir oralmente a terceiras persoas a información relativa ao tráfico e ao tempo</li> </ul>  |
| Obxectivos          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• describir de forma sinxela unha viaxe</li> </ul>   |



|                            |  |
|----------------------------|--|
| PCEM                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir pequenas aportacións nun foro de internet arredor do tema “viaxe”</li> <li>• Invitar de forma sinxela a terceiros a vir de visita</li> <li>• Planificar e contratar unha viaxe e actividades estando de vacacións</li> <li>• Escribir un correo electrónico solicitando información sobre unha viaxe</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Propoñer destinos para as vacacións</li> <li>• Valorar propostas</li> <li>• Expresar acordo e desacordo</li> <li>• Pedir e dar informacións sobre viaxes, aloxamentos e prezos</li> <li>• Referirse a viaxes realizados no pasado</li> <li>• Invitar a alguén á casa</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Viaxes, destinos, actividades durante as viaxes</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Preposicións locais “<i>in, an, auf</i>” con caso variable: uso con lugares xeográficos “<i>aufs Land, in die Berge, ans Meer</i>”</li> <li>• preposicións temporais “<i>von ... an</i>” con dativo e “<i>über</i>” con acusativo</li> <li>• preposición modal “<i>ohne</i>” + acusativo, preposicións locais e outras mais frecuentes con caso fixo “<i>bei, für, mit</i>” e en expresións fixas, pronomes que coinciden co artigo determinado, declinación do adxectivo diante de substantivos sen artigo en nominativo, acusativo e dativo.</li> </ul> |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cadencias, acentos e pausas nas oracións.</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexións e cidades de interese turístico nos países de fala alemá</li> </ul>   |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fórmulas de saúdos, invitacións, despedida e expresións de alegría anticipada na correspondencia persoal</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificar a estrutura básica do texto</li> <li>• Ensañar o texto oral ou escrito</li> <li>• Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto</li> <li>• Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas</li> </ul>  |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación.</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de entender textos sobre viaxes, destinos, preferencias</li> <li>• É quen de facer unha invitación oralmente e por escrito</li> </ul>  |

#### 4. NIVEL INTERMEDIO B1.1

##### 4.1. Descrición do nivel do nivel B1.1

O alumnado que supere o nivel intermedio B1.1 poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema...

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.

Producir e coproducir descrições sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.

Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.

Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

## **4.2. Obxectivos do nivel B1.1**

### Actividades de comprensión de textos orais

Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

Comprender anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.

Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual .

Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.

Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.

Comprender a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.

### Actividades de produción e coprodución de textos orais

---

Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.

Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.

Dar información xeral sobre un asunto de saúde.

Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).

Participar en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.

Pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre formas de pagamento.

Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.

Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

### Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas.

Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.

Comprender instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.

Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.

Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.

Comprender correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.

### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.

Cubrir impresos e formularios -segundo modelos- que requiran datos persoais, académicos, profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións (reclamacións).

Tomar notas a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.

Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.

Redactar documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.

Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.

### Actividades de mediación

Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimoniais, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.

Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

## **4.3. Competencias e contidos do nivel B1.1**

### Socioculturais e sociolingüísticos

Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.

### Estratéxicos

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.

- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

### Funcionais

#### Usos sociais da lingua:

- Desculparse por algo e reaccionar ante a desculpa.
- Escribir notas de agradecemento e desculpa.
- Presentarse e presentar a outras persoas.
- Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.
- Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas.

#### Control da comunicación:

- Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión.
- Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas.
- Pedirlle á persoa interlocutora confirmación da comprensión.

#### Información xeral:

- Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo.
- Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento.
- Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico.
- Relatar accións e circunstancias pasadas.
- Dar e pedir información sobre sucesos pasados.
- Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida.
- Solicitar información sobre servizos.

#### Coñecemento, opinións e valoracións:

- Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.
- Expresar gustos, afeccións, teimas etc.
- Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc.
- Explicar un síntoma dunha enfermidade.
- Falar do futuro e facer hipóteses.
- Pedir e ofrecer consellos e recomendacións.
- Explicar un problema de xeito sinxelo.

### Funcionais

- Protestar e reclamar por un servizo.
- Dar e pedir información con distintos graos de seguridade.

#### Organización do discurso:

- Pedir, tomar e ceder a palabra.
- Reaccionar e cooperar na interacción.
- Introducir un tema en situacións formais e informais.
- Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema.
- Enunciar o peche do discurso e pechalo.

- Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.

### Discursivos

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado, series e curtametraxes
- Audiovisuais propios de internet: Podcasts, videoblogs, tutoriais de Youtube...
- Mensaxes de audio: Messenger, Whatsapp, buzón de voz...
- Presentacións
- Cancións e vídeos musicais
- Representacións teatrais

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Textos propios de internet: Posts en blogues e redes sociais, comentarios nun foro, valoracións dun produto ou servizo en webs comerciais...
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, cartas comerciais...
- Guións
- Dicionarios

### Sintácticos

- Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo
- Posición e gradación do adxectivo. A comparación
- Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento
- Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores
- Posición e concordancia dos elementos da oración
- Uso da impersonalidade
- Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes
- Uso do imperativo afirmativo e negativo
- O aspecto. Incoativo, durativo
- O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición
- O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto
- Réxime preposicional con verbos frecuentes
- Adverbios. Usos e formas máis frecuentes
- Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais
- Posición e concordancia dos elementos oracionais
- Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal
- Oración composta. Coordinación
- Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais

- Correlación temporal nas oracións
- Uso de conectores propios do nivel
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos

### Léxicos

- Actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...
- Actividades económicas e comerciais: comercio, entidades e empresas, industria...
- Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía...
- Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- Educación: o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...
- Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet...
- Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
- Saúde e coidados físicos: movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
- Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...

### Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...).
- A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.
- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
- O uso especial de maiúsculas e minúsculas.
- As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

#### **4.4. Criterios de avaliación do nivel B1.1**

##### Actividades de comprensión de textos orais

Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.

Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.

Comprende e segue instrucións que lle permiten poñer en marcha instrumentos ou aparellos cotiáns, manexar e instalar aparellos relacionando o texto coas imaxes que lle facilitan a súa comprensión.

Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.

Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.

Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.

#### Actividades de produción e coprodución de textos orais

Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.

Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples.

Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar. Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel.

Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.

Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis, transportes, restaurantes...).

Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.

Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

#### Actividades de comprensión de textos escritos

Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc.

Le cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.

Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.



Segue as instrucións que lle permiten poñer en marcha, manexar ou instalar un aparello, relacionando o texto coas imaxes que facilitan a súa comprensión.

Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgúñas palabras e expresións que descoñece.

#### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias- solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos.

Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.

Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.

Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.

Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

Utiliza, de xeito adecuado para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

#### Actividades de mediación

Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.

Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.

Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasladada ás persoas destinatarias ou solicitada con anterioridade para tela dispoñible.

Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.

### **4.5 Temporalización do nivel B1.1**

1.- Farase unha avaliación inicial detallada nas primeiras sesións de clase de todas as destrezas: comprensión oral e escrita, expresión e interacción oral e escrita e tamén de contidos gramaticais básicos.

2.- Comezarse a ensinanza na unidade 1 do curso B1.1, xa que no curso pasado se viron todos os contidos relevantes do nivel A2.

3.- Traballarase coa Aula virtual de Moodle como ferramenta adicional ás clases presenciais.

O método que se utiliza neste curso é: Schritte international neu 5 (B1.1). Editorial Hueber.

Kursbuch und Arbeitsbuch. Traballarase con outros materiais, tanto bibliográficos como audiovisuais para completar dun xeito satisfactorio a programación.

## Primeiro cuadrimestre

### Unidade 1

|                     |  |
|---------------------|--|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre <b>8 sesións</b>   |
| Tema                | <b>GLÜCK IM ALLTAG (A FELICIDADE, SORTE NA VIDA COTIÁ)</b>   |
| Recursos didácticos | Método da aula (Schritte International B1.1, Lektion 1)<br>Material para proxectar, fotocopias, vídeos, fichas para xogos de rol.  |
| Obxectivos CO       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender un texto sobre un día de traballo dunha xornalista.</li> <li>• Comprender unha entrevista sobre recordos da infancia.</li> <li>• Comprender unha entrevista radiofónica sobre unha experiencia como <i>Aupair</i> no estranxeiro.</li> <li>• escoitar atentamente un texto sobre amuletos co fin de identificar unha serie de informacións.</li> <li>• Entender unha conversa sobre a felicidade.</li> <li>• Comprender un poema e unha historia de amor.</li> </ul> |
| Obxectivos CE       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender una columna sobre unha experiencia de sorte.</li> <li>• Ler noticias de sucesos e relacionalas cos textos que as resumen.</li> <li>• Comprender un artigo xornalístico sobre unha estancia no estranxeiro.</li> <li>• Entender un artigo sobre aspectos do tema da sorte en diferentes países como amuletos, crezas ou rituais.</li> </ul>   |
| Obxectivos PCOM     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tratar aspectos do tema da sorte como os dos obxectos e os rituais relacionados con ela.</li> <li>• Compartir experiencias relacionadas coa sorte.</li> <li>• Relatar experiencias especialmente emocionantes da propia vida.</li> <li>• Contar recordos da infancia.</li> <li>• Relatar unha historia de amor.</li> </ul>  |
| Obxectivos PCEM     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir unha noticia sobre un suceso.</li> <li>• Narrar un momento feliz do pasado.</li> <li>• Transmitir por escrito bos desexos ao interlocutor.</li> <li>• Relatar momentos de felicidade / mala sorte na vida cotiá</li> </ul>   |
| Contidos funcionais | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Informar sobre acontecementos pasados.</li> <li>• Desexar felicidade ou sorte.</li> <li>• Relatar experiencias propias.</li> <li>• Seguir unha historia.</li> <li>• Expresar relacións cronolóxicas do pasado.</li> </ul>   |

|                            |  |
|----------------------------|--|
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Relatar unha historia.</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresións para falar da boa e a mala sorte e sobre acontecementos importantes da vida.</li> <li>• Substantivos para nomear amuletos e rituais.</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• tempo simple do pasado: <i>das Präteritum</i></li> <li>• pluscuamperfecto.</li> <li>• As preposicións temporais <i>als</i> e <i>wenn</i>.</li> <li>• Repaso doutros conectores temporais: <i>nach, vor, danach, dann, nacher, vorher</i>.</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A entoación en oración subordinadas antepostas.</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar sobre símbolos da boa e mala sorte en países de fala alemá e comparalos con outros países.</li> <li>• Comentar supersticións.</li> </ul>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresión da coherencia temporal en textos narrativos.</li> <li>• Artigos xornalísticos.</li> <li>• Noticias sobre sucesos.</li> <li>• Entrevistas xornalísticas.</li> <li>• Poemas.</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Decidir sobre a necesidade de utilizar material complementario de entramento da comprensión oral.</li> <li>• Aplicar estratexias de comprensión oral.</li> <li>• Relacionar textos orais con informacións que os sintetizan.</li> </ul>   |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase.</li> <li>• Farase coavaliación e autoavaliación.</li> <li>• Poderanse utilizar os descritores de avaliación e os tests presentes ao final de cada unidade, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución dos seus obxectivos.</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Trasládalles ás persoas destinatarias información relevante dun suceso mediante un breve texto de carácter xornalístico elaborado coa axuda de notas.</li> <li>• Interactúa utilizando fórmulas simples en conversas do ámbito da sorte.</li> <li>• Identifica e comprende a meirande parte do contido de conversas ou textos que xorden habitualmente ao falar da felicidade e expresar bos desexos.</li> <li>• Inicia, mantén e pecha unha conversa coa axuda da persoa interlocutora para compartir recordos en orde cronolóxica.</li> </ul> |

## Unidade 2

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre <b>8 sesións</b>  |
| Tema                | <b>UNTERHALTUNG (ENTRETEMENTO)</b>  |
| Recursos didácticos | Método da aula (Schritte International B1.1, Lektion 2)<br>Material para proxectar, fotocopias, vídeos, fichas para xogos de rol. |

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender conversas sobre series televisivas.</li> <li>• Entender unha conversa sobre a canción preferida.</li> <li>• Comprender unha entrevista sobre o uso dos medios para informarse.</li> <li>• Recoñecer expresións de énfase nun texto oral.</li> </ul>   |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender unha columna xornalística sobre series televisivas.</li> <li>• Entender unha estatística sobre o consumo de contidos televisivos.</li> <li>• Comprender un texto sobre música en alemá.</li> <li>• Comprender textos sobre películas e relacionalos cos seus carteis anunciadores.</li> </ul>   |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentar oralmente información sobre a serie de televisión preferida.</li> <li>• Manter unha pequena conversa para acordar que película se quere ver.</li> <li>• Participar nunha conversa sobre as preferencias de entretemento.</li> <li>• Falar sobre música alemá.</li> </ul>   |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaborar unha presentación sobre unha serie televisiva.</li> <li>• Escribir unha pequena historia.</li> <li>• Escribir un diálogo con recursos lingüísticos para chegar a un acordo.</li> <li>• Elaborar un pequeno texto sobre a obra preferida (<i>Lieblingsfilm, Lieblingsbuch, ...</i>).</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar opinións e preferencias.</li> <li>• Expresar contraste.</li> <li>• Describir características de cousas e persoas.</li> <li>• Facer e rexeitar propostas.</li> <li>• Presentar contrapropostas.</li> <li>• Chegar a un acordo nunha discusión.</li> <li>• Expresar e confirmar suposicións.</li> <li>• Facer preguntas sobre persoas.</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Léxico do entretemento: cinema, música, series de televisión.</li> <li>• O léxico do consumo de medios.</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A conxunción <i>obwohl</i>.</li> <li>• Repaso dos conectores causais e concesivos (<i>weil / deshalb, obwohl / trotzdem</i>)</li> <li>• As oracións de relativo con pronome en nominativo, acusativo e dativo.</li> <li>• A expresión adverbial do grao.</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronuncia de &lt;-ig&gt;, &lt;-ich&gt;, &lt;-isch&gt;.</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A música alemá: hip-hop alemán, rapeiros alemáns (<i>Die Fantastischen Vier, Kollegah, Megaloh...</i>).</li> <li>• A realización de &lt;-ig&gt; en Alemaña, Austria e Suíza.</li> <li>• Cinema alemán: <i>Oh, wie schön ist Panama, Almanya- Willkommen in Deutschland, Honig im Kopf</i>.</li> <li>• O uso de diferentes medios en países de fala alemá.</li> <li>• Un conto alemán: <i>Frau Holle</i></li> </ul> |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Linguaxe coloquial: énfase mediante adverbios de grao.</li> <li>• Elaboración dun texto no que se chega a un acordo.</li> </ul>  |

|                           |   |
|---------------------------|---|
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar notas para expresar as preferencias no uso dos medios.</li> <li>• Reunir recursos expresivos en tarxetas co obxecto de utilizar a maior cantidade deles para debater un tema.</li> <li>• Aplicar estratexias de aprendizaxe antes e despois de redactar un texto sobre as preferencias nos gustos de consumo de medios.</li> <li>• Utilizar estratexias de aprendizaxe de vocabulario.</li> <li>• Preguntar sobre o dito, solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra chave, dicir que non se entendeu.</li> <li>• Asegurar a comprensión dun texto oral, repetir o comprendido, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.</li> </ul> |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase.</li> <li>• Tamén se fará coavaliación e autoavaliación.</li> <li>• Poderanse utilizar os descritores de avaliación e os tests presentes ao final de cada unidade, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución dos seus obxectivos.</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica e comprende a meirande parte do contido de conversas ou textos sobre os medios de entretemento.</li> <li>• Trasládalles ás persoas destinatarias información sobre o uso que fai dos medios sendo quen de facer ou responder preguntas.</li> <li>• Planifica conxuntamente o disfrute dun medio, aportando información, expresando opinións e establecendo ou confirmando suposicións.</li> <li>• Responde por escrito á demanda de información sobre as preferencias no ámbito do cinema.</li> </ul>   |

### Unidade 3

|                     |  |
|---------------------|--|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre <b>8 sesións</b>   |
| Tema                | <b>GESUND BLEIBEN (SAÚDE, HÁBITOS SAUDABLES)</b>   |
| Recursos didácticos | Método da aula (Schritte International B1.1, Lektion 3)<br>Material para proxectar, fotocopias, vídeos, fichas para xogos de rol, internet.  |
| Obxetivos CO        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender una consulta de asesoramento sobre a saúde.</li> <li>• escoitar atentamente un texto co fin de relacionar unha serie de información sobre a saúde.</li> <li>• Comprender consellos para a saúde</li> <li>• Comprender un programa de radio sobre unha consulta ao médico</li> </ul>  |
| Obxetivos CE        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender textos con consellos sobre o estrés e a relaxación.</li> <li>• Comprender descrición de exercicios físicos.</li> <li>• Comprender formularios, artigos, correos electrónicos, etc. onde se pide ou da información referente a saúde.</li> <li>• Comprender un e-mail ou artigo no que alguén describe os puntos importantes relacionados coa boa e mala saúde e a práctica de deportes.</li> <li>• Comprender unha mensaxe nun foro sobre "vida sana"</li> </ul> |
| Obxetivos PCOM      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir exercicios físicos.</li> <li>• Dar consellos sobre saúde.</li> </ul>  |

|                            |  |
|----------------------------|--|
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaborar un cuestionario sobre hábitos saudables, facer unha entrevista e facer unha estatística cos datos adquiridos</li> <li>• Falar sobre formas saudables da vida .</li> <li>• Describir estatísticas sobre saúde.</li> </ul>   |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• redactar e debuxar /executar instrucións para exercicios físicos</li> <li>• contestar a un e-mail: describir o traballo/ estudos e comentar a idea dun ano sabático (Arbeitsbuch).</li> <li>• Pedir e dar consellos nun foro de saúde.</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• expresar e comprobar suposicións</li> <li>• comprender un texto informativo sobre o estrés e os seus remedios</li> <li>• falar sobre consellos de relaxación e expresar opinión ao respecto</li> <li>• describir procesos e falar sobre exames médicos</li> <li>• pedir e dar consello (para levar unha vida saudable)</li> <li>• expoñer resultados dunha estatística</li> <li>• falar sobre os propios hábitos saudables e alimenticios</li> <li>• facer suposicións sobre mitos nutricionais</li> <li>• discutir sobre mitos en alimentación</li> <li>• falar sobre o deporte favorito.</li> </ul> |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• saúde</li> <li>• vida sana</li> <li>• exámes médicos</li> <li>• hábitos saudables</li> <li>• exercicio físico</li> <li>• estatísticas.</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pasiva en presente e con verbos modais</li> <li>• O xenitivo co artigo definido e indefinido</li> </ul>   |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acento en palabras estranxeiras</li> <li>• Acento en verbos que rematan en -ieren</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer o procedemento antes dunha operación o certos exámes médicos en Alemania</li> <li>• Falar sobre a saúde como tema de conversa.</li> <li>• Entender un vídeo sobre o deporte "Eisstockschießen"</li> <li>• Entender un artigo xornalístico sobre o consumo de carne en Alemania</li> <li>• Comparar hábitos alimentarios de diferentes países.</li> </ul>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fórmulas para pedir e dar consellos.</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar atentamente un texto co fin de relacionar unha serie de información</li> <li>• Consellos e estratexias de aprendizaxe.</li> <li>• Tratamento da información e competencia dixital.</li> </ul>  |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será contínua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación . Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no libro de exercicios ,útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas ou</li> </ul>  |

|  |  |
|--|--|
|  | <p>textos que xorden habitualmente ao falar de saúde.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Intractúa utilizando fórmulas simples en conversas do ámbito tratado.</li> <li>• Inicia, mantén e pecha unha conversa coa axuda da persoa interlocutora para expresar hábitos saudables.</li> <li>• Trasládalles ás persoas detinatarias información necesaria que considera importante , coa axuda de notas breves.</li> </ul> |
|--|--|

#### Unidade 4

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Temporalización            | 1º cuadrimestre <b>3 sesións</b>   |
| Tema                       | <b>TIERE (ANIMAIS)</b>   |
| Recursos didácticos        | Menschen B1.1 L7<br>Material para proxectar, fotocopias, vídeos, fichas para xogos de rol, internet.   |
| Obxetivos CO               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender descripcións de animais</li> <li>• Comprender instrucións sobre coidados de animais</li> </ul>   |
| Obxetivos CE               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender instrucións, artigos, foros, etc. onde se fala de coidados e atención a animais</li> <li>• Comprender a descrición dun animal</li> <li>• Comprender aportacións en foros</li> </ul>  |
| Obxetivos PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinión e sentimentos hacía animais.</li> <li>• Describir un animal.</li> <li>• Falar sobre as vantaxes/inconvenientes de ter un animal doméstico.</li> <li>• Discutir na clase se é axeitado ou non regalar animais domésticos.</li> </ul> |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir un texto expresando a súa opinión sobre ter ou non ter un animal e coidados a animais domésticos.</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición: familia e animais</li> <li>• Describir detalladamente un animal</li> <li>• Dar consello sobre ter un animal doméstico ou non</li> <li>• Coloquio: necesidades e o comportamento dalgúns animais domésticos</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vivir con animais domésticos</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sustantivos + haben + infinitivo con “zu”: ich habe keine Zeit, keine Lust, ...</li> <li>• Expresións con “es”. Es ist toll/ interessant/ gesund/ ...</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• /</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tipos de animais</li> </ul>   |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Foro</li> <li>• Debate: vantaxes e desvantaxes de ter animais domésticos</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Consellos e estratexias de aprendizaxe</li> <li>• Tratamento da información e competencia dixital</li> </ul>  |

|                   |  |
|-------------------|--|
| Avaliación        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será contínua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación . Poderá usarse os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no libro de exercicios , útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas ou textos que xorden habitualmente ao expresar vantaxes e desvantaxes sobre ter animais domésticos.</li> <li>• Intractúa utilizando fórmulas simples en conversas do ámbito tratado.</li> <li>• Inicia, mantén e pecha unha conversa coa axuda da persoa interlocutora para expresar gustos e preferencias sobre persoas.</li> <li>• Trasládalle ás persoas destinatarias información necesaria que considera importante , coa axuda de notas breves.</li> </ul> |

## Segundo cuadrimestre

### Unidade 5

|                     |  |
|---------------------|--|
| Temporalización     | 2º cuadrimestre <b>4 sesións</b>   |
| Tema                | <b>SPRACHEN (IDIOMAS)</b>  |
| Recursos didácticos | Método da aula (Schritte International B1.1, Lektion 4)<br>Material para proxectar, fotocopias, vídeos, fichas para xogos de rol, internet.  |
| Obxetivos CO        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender unha enquisa de radio sobre "aprender idiomas"</li> <li>• escoitar atentamente un texto co fin de relacionar cunha serie de información e expresións de cortesía.</li> </ul>   |
| Obxetivos CE        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender consellos para aprender unha lingua estranxeira</li> <li>• Comprender un texto sobre plurilingüismo</li> </ul>   |
| Obxetivos PCOM      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar sobre situacións e circunstancias irrealas</li> <li>• Conversar sobre o aprendizaxe de idiomas</li> <li>• Manifestar incompreensión</li> <li>• Pedir cortésmente axuda ao interlocutor para asegurar a comprensión</li> <li>• Pedir información</li> <li>• Falar sobre a importancia da lingua</li> <li>• Falar sobre a lingua materna e a experiencia con linguas estranxeiras.</li> </ul> |
| Obxetivos PCEM      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexeitar cortésmente unha invitación</li> <li>• Redactar un texto de 50 palabras sobre unha situación irreal</li> <li>• Escribir a opinión nun foro (Arbeitsbuch)</li> <li>• Redactar un texto sobre a palabra favorita en alemán e na lingua materna (Arbeitsbuch).</li> </ul>   |
| Contidos funcionais | <ul style="list-style-type: none"> <li>• expresar e comprobar suposición</li> <li>• expresar a opinión</li> <li>• falar de experiencias propias</li> <li>• expresar a importancia de algo e razoalo</li> <li>• entender conversas con dificultades de entendemento</li> <li>• comprender e dar consellos para aprender idiomas</li> </ul>  |



|                            |   |
|----------------------------|---|
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• idiomas</li> <li>• lingua e comunicación</li> <li>• plurilingüismo</li> <li>• malentendidos</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Frases condicionais irrealis con wenn (Konjunktiv II)</li> <li>• Preposición causal <i>wegen</i> + genitivo</li> </ul>   |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• discriminación entre &lt;u&gt; / &lt;ü&gt;, &lt;a&gt; / &lt;ä&gt;, &lt;o&gt; / &lt;ö&gt;.</li> </ul>   |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender un refrán alemán (<i>etwas durch die Blume sagen</i>)</li> <li>• Coñecer abreviaturas alemanas</li> <li>• Comprender anuncios que ofrecen cursos de alemán en DACH (Fokus Beruf).</li> </ul>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fórmulas de cortesía (<i>Tut mir leid,... , Darf ich Sie etwas fragen?, Könnten Sie...</i>).</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Simular diálogos de cortesía</li> <li>• Presentar consellos e estratexias personais para o aprendizaxe dun idioma</li> <li>• Facer unha entrevista sobre a lingua materna e os coñecementos doutros idiomas</li> <li>• Xogar con abreviaturas</li> </ul>   |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación . Poderáse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no libro de exercicios , útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas ou textos que xorden habitualmente ao falar de idiomas ou linguas estranxeiras.</li> <li>• Intractúa utilizando fórmulas simples en conversas do ámbito tratado.</li> <li>• Inicia, mantén e pecha unha conversa coa axuda da persoa interlocutora para expresar dificultades na aprendizaxe de idiomas.</li> <li>• Trasládalle ás persoas destinatarias información necesaria que considera importante , coa axuda de notas breves.</li> </ul> |

## Unidade 6

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 2º cuatrimestre – <b>8 sesións</b>  |
| Tema                | <b>EINE ARBEIT FINDEN (ENCONTRAR TRABAJO)</b>   |
| Recursos didácticos | Lección 5 do libro <i>Schritte-International Neu 5, Kurs- und Arbeitsbuch</i><br>Material para proxectar<br>Fotocopias e fichas para xogos de rol   |
| Obxectivos CO       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o significado global e as informacións relevantes de conversas sinxelas que relaten descrições sobre o traballo e a busca dun emprego.</li> <li>• Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre o traballo.</li> <li>• Comprender o sentido xeral e a información específica en mensaxes</li> </ul> |

|                            |   |
|----------------------------|---|
|                            | <p>curtas sobre inconvintes ou problemas xurdidos no día a día. p.ex. audios de mensaxería instantánea, mensaxes no buzón de voz.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Extraer información clave de conversas.</li> <li>• Entender e simular unha entrevista de traballo.</li> </ul>  |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos en lingua estándar e relacionados co traballo.</li> <li>• Comprender mensaxes sobre inconvintes ou problemas xurdidos no día a día. p.ex. mensaxes de Whatsapp.</li> <li>• Comprender anuncios de emprego.</li> </ul>  |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir o traballo ou oficio dunha persoa.</li> <li>• Resumir a información máis importante relacionada co traballo e coas formas de traballar.</li> <li>• Relatar acontecementos e experiencias propias sucedidas na vida laboral e falar das propias aspiracións laborais.</li> <li>• Falar sobre creatividade e aspectos da elección da profesión e o desexo de cambio de rutinas.</li> </ul> |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir un pequeno texto describindo o propio traballo.</li> <li>• Intercambiar correspondencia sobre temas relacionados co traballo e con pequenos problemas sucedidos. (p.ex. mensaxes para persoas da oficina comunicando retrasos, avisos, inconvintes, etc.)</li> <li>• Relatar acontecementos e problemas da vida laboral.</li> <li>• Redactar unha carta de presentación.</li> </ul>       |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Relatar acontecementos e inconvintes.</li> <li>• Interesarse por un anuncio.</li> <li>• Presentar e valorar ideas.</li> <li>• Manifestar comprensión e falta de comprensión</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O traballo e profesión: anuncios, experiencias no traballo.</li> <li>• Aspiracións profesionais.</li> <li>• Busca, solicitude e entrevista de traballo.</li> <li>• Fórmulas para redactar unha carta de presentación.</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• expresions e verbos con infinitivo con <i>zu</i>, <i>nicht brauchen/ nur brauchen</i> + infinitivo con <i>zu</i></li> <li>• As preposicions de xenitivo <i>während</i>, <i>innerhalb</i> y <i>außerhalb</i>.</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A pronuncia de &lt;ng&gt; versus &lt;n-g&gt;. O &lt;n&gt; velar</li> </ul>   |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender o modelo alemán da formación profesional dual (<i>Berufsausbildung</i>)</li> <li>• Saber en que consiste unha carpeta de solicitude de traballo nun país de fala alemá.</li> <li>• Entender un video sobre a biografía laboral dunha dona dun restaurante turco en Alemania e a situación xeral de empresarios con raíces extranxeiras.</li> </ul>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• carta de presentación.</li> <li>• entrevista de traballo.</li> <li>• anuncios de emprego.</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...)</li> <li>• Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.</li> </ul>  |

|                   |   |
|-------------------|---|
| Avaliación        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderanse usar os descritores avaliatorios e os tests que aparecen no propio libro de texto ao final da unidade para autoavaliarse.</li> </ul> |
| Mínimos esixibles | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de falar e describir o seu traballo e o de outros.</li> <li>• É quen de entender a información relevante de textos de produción oral e escrita nos que se fala sobre o traballo.</li> <li>• É quen de referir pequenas anécdotas e problemas xurdidos no posto de traballo.</li> </ul>          |

## Unidade 7

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Temporalización            | 2º cuatrimestre - <b>6 sesións</b>  |
| Tema                       | <b>DIENSTLEISTUNG (SERVIZOS AO CLIENTE)</b>   |
| Recursos didácticos        | Lección 6 do libro <i>Schritte-International Neu 5, Kurs- und Arbeitsbuch</i><br>Material proxectable<br>Fotocopias<br>Folletos e catálogos   |
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar entender a descrición dun traballo no sector de servizos ao cliente</li> <li>• escoitar e comprender textos sobre ideas para emprender un negocio</li> <li>• entender unha entrevista sobre habilidades sociais</li> <li>• entender diálogos entre vendedor e cliente</li> </ul>  |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• comprender a descrición dun traballo no sector de servizos</li> <li>• comprender textos sobre ideas para emprender un negocio</li> <li>• comprender unha mensaxe nun foro sobre problemas relacionados co traballo</li> <li>• entender un poema sobre vendedores</li> </ul>  |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• falar sobre ideas de negocios, soños e desexos</li> <li>• falar sobre coñecementos e competencias profesionais</li> <li>• interactuar en establecementos comerciais</li> <li>• manter unha conversa co cliente</li> <li>• vender un produto imaxinario</li> <li>• transmitir oralmente a terceiras persoas a información relativa á servizos</li> <li>• discutir na clase como facer unha reclamación formal.</li> </ul> |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• escribir e contestar mensaxes en foros de internet.</li> <li>• redactar unha reclamación</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• ofrecer e pedir axuda</li> <li>• describir algo sobre o que se quere reclamar</li> <li>• ofrecer consellos para problemas laborais</li> <li>• expresar obxectivos</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• o sector servizos: servizos aos clientes</li> <li>• a rutina laboral</li> <li>• as reclamacións</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• verbos e expresión impersonais con <i>es</i></li> <li>• oracións finais con <i>um zu</i> + infinitivo e con <i>damit</i>.</li> <li>• oracións modais con <i>statt/ ohne zu</i> + infinitivo</li> </ul>   |

|                           |  |
|---------------------------|--|
| Contidos fonéticos        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A pronuncia das oclusivas &lt;b&gt;, &lt;d&gt;, &lt;g&gt; e &lt;p&gt;, &lt;t&gt;, &lt;k&gt;</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer a importancia de soft skills nos países de fala alemana</li> </ul>  |
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Catálogos</li> <li>• Folletos informativos e/ou publicitarios</li> <li>• Diálogos</li> <li>• Foros de internet</li> <li>• Reclamacións</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificar a estrutura básica do texto</li> <li>• Ensañar o texto oral ou escrito</li> <li>• Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto</li> <li>• Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas</li> </ul>  |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderanse usar os descritores avaliatorios e os tests presentes ao final de cada unidade no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul> |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de interactuar en establecementos comerciais e redactar unha reclamación.</li> <li>• É quen de describir oralmente e por escrito a información relativa á un servizo.</li> </ul>   |

## Unidade 8

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 2º cuadrimestre - <b>7 sesións</b>  |
| Tema                | <b>LEBENSFORMEN (MODOS DE VIDA)</b>   |
| Recursos didácticos | Lección 7 do libro <i>Schritte-International Neu 5, Kurs- und Arbeitsbuch</i><br>Material proxectable<br>Fotocopias<br>Folletos e catálogos   |
| Obxectivos CO       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender diálogos entre persoas conviventes ou veciñas.</li> <li>• Comprender selectivamente opinións a respecto das relacións a distancia</li> </ul>  |
| Obxectivos CE       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender mensaxes nun foro de busca de vivenda.</li> <li>• Comprender anuncios de vivenda</li> </ul>   |
| Obxectivos PCOM     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar sobre a propia vivenda e expresar opinión e/ou desexos de cambio e mellora.</li> <li>• Resolver conflitos (cos veciños) e expresar queixas (nun establecemento hoteleiro)</li> <li>• Expresar opinións persoais.</li> <li>• Narrar experiencias pasadas (conflitos coa veciñanza, lugares e modos de residencia, relacións a distancia)</li> <li>• Expresar malestar e enfado</li> <li>• Reaccionar ás críticas e ao enfado doutra persoa. Desculparse.</li> </ul> |
| Obxectivos PCEM     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir sobre a propia vivenda e a opinión ao respecto.</li> <li>• Expresar desexos sobre a vivenda e modo de vida.</li> <li>• Extraer pros e contras dun artigo de opinión sobre o tema “relacións a distancia”</li> <li>• Escribir correspondencia a propósito da vivenda (busca de vivenda, peticións aos caseiros, peticións aos compañeiros de piso...)</li> </ul>   |

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Extraer pros e contras de un texto de opinión.</li> <li>• Utilizar anotacións para estruturar a exposición dunha opinión ou a narración dunha experiencia.</li> <li>• Relacionar debuxos que se correspondan con conversas escoitadas.</li> <li>• Utilizar fórmulas formais ou informais para expresar queixa.</li> <li>• Expresar maior ou menor amabilidade.</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A vivenda e a veciñanza</li> <li>• O aluguer de vivenda</li> <li>• Normas de convivencia</li> <li>• As relacións a distancia</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As conxuncións dobres „<i>entweder...oder</i>“, „<i>zwar... aber</i>“, „<i>nicht nur... sondern auch</i>“</li> <li>• O Konjunktiv II nas oracións desiderativas de pasado (“<i>Hätte ich bloß nichts gesagt</i>“)</li> <li>• As partículas modais desiderativas: <i>bloß</i> e <i>nur</i>.</li> <li>• O Konjunktiv II de presente en oracións desiderativas.</li> <li>• Verbos con preposición (repasso e ampliación)</li> <li>• Os conectores concesivos “<i>trotz</i>” e “<i>obwohl</i>”</li> </ul> |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entoación das oracións desiderativas.</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cómo vive a xente habitualmente nos países de fala alemá. Conceptos clave: <i>Wohngemeinschaft, Mehrgenerationenhaus, Untervermietung, Fernbeziehung, pendeln</i>.</li> <li>• Normas de convivencia.</li> </ul>   |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diálogos</li> <li>• Textos divulgativos</li> <li>• Foros de internet</li> <li>• Anuncios por palabras</li> <li>• Correspondencia</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Discriminar a información básica de textos máis complexos, tanto orais como escritos.</li> <li>• Deducir significado global dun texto</li> <li>• Automatizar o emprego de estruturas gramaticais diverxentes das da lingua materna.</li> </ul>  |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderanse usar os descritores avaliatorios e os tests presentes ao final de cada unidade no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de relatar experiencias respecto ás súas diferentes vivendas e relacións cos veciños / compañeiros de piso.</li> <li>• É quen de expresar enfado e queixas oralmente.</li> <li>• É quen de expresar opinións a respecto das formas de vivir, das normas da casa e das relacións a distancia.</li> <li>• É quen de buscar unha vivenda e manter unha comunicación básica cos propietarios (oral ou por correo electrónico / mensaxe de texto)</li> </ul>  |

## **5. INTERMEDIONIVEL B1.2**

### **5.1. Descrición do nivel do nivel B1.2**

O alumnado que supere o nivel intermedio B1.2 poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique opinións, pida aclaracións, explique un problema...

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.

Producir e coproducir descricións sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.

Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.

Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, en lingua estándar.

### **5.2. Obxectivos do nivel B1.2**

#### Actividades de comprensión de textos orais

Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

Comprender anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.

Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual .

Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.

Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.

Comprender a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.

#### Actividades de produción e coprodución de textos orais

Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.

Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.

Dar información xeral sobre un asunto de saúde.

Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).

Participar en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.

Pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre formas de pagamento.

Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.

Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

#### Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas.

Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.

Comprender instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en máquinas automáticas, prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.

Comprender descricións claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.

Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.

Comprender correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.

#### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.

Cubrir impresos e formularios -segundo modelos- que requiran datos persoais, académicos, profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións (reclamacións).

Tomar notas a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.

Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.

Redactar documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.

Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.

Redactar textos nos que se explica brevemente pero de maneira clara a súa opinión ou punto de vista respecto a un problema ou tema conflictivo.

Redactar textos nos que expresa desexos ou relata situacións hipotéticas.

### Actividades de mediación

Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.

Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

## **5.3. Competencias e contidos do nivel B1.2**

### Socioculturais e sociolingüísticos

Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.

### Estratéxicos

As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.



- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)

- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

### Funcionais

Usos sociais da lingua:

- Desculpase por algo e reaccionar ante a desculpa.
- Escribir notas de agradecemento e desculpa.
- Presentarse e presentar a outras persoas.
- Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.
- Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas.

Control da comunicación:

- Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión.
- Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas.
- Pedirle á persoa interlocutora confirmación da comprensión.

Información xeral:

- Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo.
- Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento.
- Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico.
- Relatar accións e circunstancias pasadas.
- Dar e pedir información sobre sucesos pasados.
- Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida.
- Solicitar información sobre servizos.

Coñecemento, opinións e valoracións:

- Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.
- Expresar gustos, afeccións, teimas, etc.
- Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade, etc.
- Explicar un síntoma dunha enfermidade.
- Falar do futuro e facer hipóteses.
- Pedir e ofrecer consellos e recomendacións.

- Explicar un problema de xeito sinxelo.
- Valorar, protestar e reclamar por un servizo.
- Dar e pedir información con distintos graos de seguridade.

Organización do discurso:

- Pedir, tomar e ceder a palabra.
- Reaccionar e cooperar na interacción.
- Introducir un tema en situacións formais e informais.
- Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema.
- Enunciar o peche do discurso e pechalo.
- Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.

### Discursivos

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais, en persoa e telefónicas
- Debates e discusións formais e informais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, series, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Audiovisuais propios de internet: Podcasts, videoblogs, tutoriais de Youtube...
- Mensaxes de audio: Messenger, Whatsapp, buzón de voz...
- Presentacións e exposicións orais
- Cancións e vídeos musicais
- Representacións teatrais

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Textos propios de internet: Posts en blogues e redes sociais, comentarios nun foro, valoracións dun produto ou servizo en webs comerciais...
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: facturas, cartas comerciais...
- Catálogos
- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo
- Dicionarios
- Prospectos
- Menús
- Receitas de cociña
- Adiviñas
- Biografías

### Sintácticos

- Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo
- Posición e gradación do adxectivo. A comparación

- Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento
- Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores
- Posición e concordancia dos elementos da oración
- Uso da impersonalidade
- Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes
- Uso do imperativo afirmativo e negativo
- O aspecto. Incoativo, durativo
- O modo. Expresión de hipótese, cortesía, desexo, recomendación, condición
- Réxime preposicional con verbos frecuentes
- Adverbios. Usos e formas máis frecuentes
- Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais
- Posición e concordancia dos elementos oracionais
- Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal
- Oración composta. Coordinación
- Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais
- Correlación temporal nas oracións
- Uso de conectores propios do nivel
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos

### Léxicos

- Actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...
- Actividades económicas e comerciais: comercio, entidades e empresas, industria...
- Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía...
- Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...
- Educación: o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...
- Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet...
- Política e sociedade: institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...
- Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
- Saúde e coidados físicos: movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
- Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...

### Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- Correspondencia grafema-fonema.
- A pronuncia separada de cada elemento en palabras compostas e derivadas. A oclusión glotal [ʔ]
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.

- A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.
- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
- O uso especial de maiúsculas e minúsculas.
- As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

#### **5.4. Criterios de avaliación**

##### Actividades de comprensión de textos orais

Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.

Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.

Comprende e segue instrucións que lle permiten elaborar preparados e receitas de cociña, utilizar máquinas expendedoras automáticas, poñer en marcha instrumentos ou aparellos cotiáns, manexar e instalar aparellos relacionando o texto coas imaxes que lle facilitan a súa comprensión.

Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.

Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.

Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.

##### Actividades de produción e coprodución de textos orais

Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns e de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.

Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples.

Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar. Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel.

Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.

Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hotéis, transportes, restaurantes...).

Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.

Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

### Actividades de comprensión de textos escritos

Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc.

Le cun nivel de comprensión global suficiente textos expositivos e narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.

Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.

Segue as instrucións que lle permiten elaborar un preparado (p.ex. remedio caseiro) ou unha receita de cociña. Segue instrucións para acceder a unha área privada da internet ou usar un servizo automático (máquinas expendedoras de billetes de viaxe, aluguer de bicicletas, e similares), así como outras coas que pode poñer en marcha, manexar ou instalar un aparello, relacionando o texto coas imaxes que facilitan a súa comprensión.

Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias- solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos.

Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.

Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.

Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.

Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

Utiliza, de xeito adecuado para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

## Actividades de mediación

Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.

Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.

Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solicítala con anterioridade para tela dispoñible.

Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.

### **5.5 Temporalización do nivel B1.2**

Adiamento da programación B.1.2

- 1.- Farase unha avaliación inicial considerando tamén os informes individuais do curso 2021-2022.
- 2.- En paralelo ás clases presenciais traballarase cunha aula Virtual Moodle.
- 3.- De suspenderse as clases, seguiremos as clases en liña coas ferramentas que están a nosa disposición, é dicir: correo electrónico, aula Moodle e videoconferencias con Webex.

O libro de texto como método neste curso é: Sicher B1+, Editorial Hueber. Kursbuch und Arbeitsbuch. Pero completouse a programación con outros materiais, tanto bibliográficos como audiovisuais para levar a cabo o seguinte desenvolvemento:

#### **Primeiro cuadrimestre.**

##### **Unidade 1**

|                     |  |
|---------------------|--|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre – <b>7 sesións</b>   |
| Tema                | <b>IN KONTAKT (tecnoloxías da comunicación, Internet e redes sociais)</b>  |
| Recursos didácticos | Primeira parte da lección 1 do libro Sicher B1+<br>Proxector e acceso a internet<br>Gráficos e imaxes proxectables<br>Cancións<br>Fotocopias<br>Tarxetas para xogos de rol   |
| Obxetivos CO        | <ul style="list-style-type: none"><li>• Entender entrevistas sobre o uso que fan diferentes persoas das novas tecnoloxías.</li><li>• Comprender mensaxes relacionadas con diferentes actividades que se poden facer en internet.</li><li>• escoitar unha serie de persoas falar sobre aparellos e obxectos que levarían a unha illa deserta e seleccionar a información relevante, poñéndoa por escrito nunha táboa.</li></ul> |
| Obxetivos CE        | <ul style="list-style-type: none"><li>• comprender pequenos textos sobre cousas da vida cotiá que están en</li></ul>   |

|                            |  |
|----------------------------|--|
|                            | desuso e relacionalos co título correspondente   |
| Obxetivos PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar ideas sobre o uso xeral que se fai das novas tecnoloxías, especialmente das redes sociais.</li> <li>• Falar da súa propia experiencia no uso de tecnoloxías e da comunicación a través de internet, do teléfono móbil e das redes sociais.</li> <li>• Comunicar a unha terceira persoa información básica e resumida sobre a experiencia que lle contou o compañeiro /-a de aula.</li> <li>• Falar dos pros e contras do uso de redes sociais.</li> </ul>                  |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir nun foro sobre as experiencias propias coas redes sociais.</li> <li>• Escribir nun foro sobre usos, vantaxes e inconvenientes dos <i>smartphones</i>.</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresión de gustos e preferencias</li> <li>• Expresión de vantaxes e inconvenientes</li> <li>• Estratexias para entender e usar a declinación do adxectivo.</li> <li>• Expresión da irrealidade, do desexo e da fantasía.</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adverbios de frecuencia</li> <li>• Outros adverbios temporais: Repaso e ampliación</li> <li>• Neoloxismos referidos ás novas tecnoloxías.</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Declinación do adxectivo: repaso e profundización</li> <li>• Oracións finais</li> <li>• Konjunktiv II en oracións desiderativas</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os <i>Schwa-Laute</i>: /ə/ e /ɐ/ relacionados coa declinación do adxectivo</li> <li>• A pronunciación das palabras de procedencia inglesa relacionadas con Internet e as tecnoloxías.</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso actual dos medios de comunicación.</li> <li>• As relacións sociais hoxe: Internet e redes sociais.</li> <li>• Obxectos e costumes que están en vías de desaparición coa chegada da tecnoloxía: p.ex. Cartas escritas á man.</li> </ul>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrevistas</li> <li>• Cancións</li> <li>• Foros de internet</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer o sistema de funcionamento da declinación do adxectivo e usala en consecuencia.</li> </ul>  |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de falar dos seus gustos e preferencias á hora de se comunicar</li> <li>• É quen de explicar vantaxes e inconvenientes no uso de determinadas tecnoloxías</li> <li>• É quen de entender a información relevante de entrevistas orais e foros de internet nos que se fala sobre o uso dos teléfonos móbiles e as tecnoloxías da comunicación.</li> <li>• Presenta unha pronunciación e entoación clara e natural, aínda que o acento extranxeiro sexa perceptible.</li> </ul> |

- Ten certa fluidez para expresar experiencias e opinións persoais.

## Unidade 2

|                     |  |
|---------------------|--|
| Temporalización     | 1º cuatrimestre – <b>8 sesións</b>   |
| Tema                | <b>LERNEN (aprender)</b>   |
| Recursos didácticos | <p>Segunda parte da lección 1 do libro Sicher B1+ e lección 8 do mesmo</p> <p>Gráficos proxectables</p> <p>DVD do libro de texto</p> <p>Páxinas web</p> <p>Fotocopias</p> <p>Tarxetas</p> <p>Dicionarios físicos e acceso a dicionarios online (a través do ordenador da aula ou do seu propio teléfono)</p> <p>Material auditivo extra</p>  |
| Obxetivos CO        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar unha emisión radiofónica sobre os custos da educación nos países de fala alemá. Seleccionar que opinión ou información transmiten cada un dos falantes nesa mesa redonda. Ordear cronoloxicamente a aparición dos diferentes puntos na conversa.</li> <li>• Comprender instrucións sobre pasos de baile e execución dos mesmos.</li> </ul>   |
| Obxetivos CE        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender un catálogo de cursos nunha Volkshochschule.</li> <li>• Comprender diferentes textos de opinión sobre a aprendizaxe a distancia por internet, definindo quen defende cada unha das opinións.</li> </ul>  |
| Obxetivos PCOM      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar a súa opinión sobre a idade á que se debe aprender cada cousa e se hai cousas que non se poden aprender de maiores.</li> <li>• Expresar a maneira na que aprenden idiomas, explicando sistemas, métodos, trucos e recursos que lles serviron de utilidade.</li> <li>• Expresar da finalidade pola cal aprenden alemán ou outra lingua estranxeira.</li> <li>• Seleccionar dunha serie de textos sobre consellos para a aprendizaxe de idiomas aqueles que lles parecen máis interesantes, resumir a información contida neses textos e expresar por que lles parecen interesantes.</li> </ul>  |
| Obxetivos PCEM      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Inscribirse, de maneira real ou ficticia, nunha rede social exclusiva para aprendices de alemán (Deutsch für dich) e facer unha presentación de si mesmo no foro, indicando o seu perfil de estudante desta lingua e as motivacións que o impulsan a darse de alta nesta web.</li> <li>• Escribir nun foro as súas opinións sobre a funcionalidade, vantaxes e inconvenientes, de aprender de maneira online.</li> <li>• Escribir a súa opinión sobre un artigo sobre os custos dos estudos e a dificultade que teñen as familias para que os seus fillos accedan a estudos superiores.</li> <li>• Creación dun vídeo publicitario para motivar á xente a aprender alemán.</li> </ul> |
| Contidos funcionais | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexo de dicionarios monolingües.</li> <li>• Recursos útiles para aprender un idioma</li> </ul>  |



|                            |  |
|----------------------------|--|
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vocabulario relacionado coa gramática</li> <li>• Vocabulario relacionado coa tecnoloxía, especialmente material informático e teléfonos móbiles.</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Repaso de preposicións locais e temporais con dativo e acusativo.</li> <li>• Colocación de <i>nicht</i> na frase.</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os sons <i>Ach (/x/)</i> e <i>Ich (/ç/)</i>, que graficamente se representan igual (&lt;ch&gt;)</li> <li>• O son /j/ en contraste cos anteriores.</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A Volkshochschule (VHS), institución tipicamente alemá especializada en ofrecer cursos para adultos.</li> <li>• O sistema educativo nos países de fala alemá. Idades e custos de cada modalidade de ensino.</li> <li>• Tipos de cursos: Seminar, Vorlesung...</li> </ul>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrevistas</li> <li>• Tests</li> <li>• Anuncios</li> <li>• debates</li> <li>• Artigos xornalísticos</li> <li>• índice do programa dunha Volkshochschule</li> <li>• Recomendacións</li> <li>• Instrucións</li> <li>• Foros de internet</li> <li>• Estadísticas</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprender a aprender. Estratexias para aprender / estudar un idioma con éxito. Estratexias para superar as dificultades de aprendizaxe.</li> </ul>   |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será contínua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber expresar os métodos utilizados á hora de aprender un idioma.</li> <li>• Saber recomendar métodos útiles para aprender un idioma.</li> <li>• Saber expresar a súa opinión sobre diferentes modelos de estudo-aprendizaxe (curso presencial, online, clases particulares, etc.), analisando vantaxes e inconvenientes.</li> <li>• Saber entender a información básica de artigos ou entrevistas (orais ou escritas) que versen sobre o tema estudos e aprendizaxe.</li> </ul> |

### Unidade 3

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre – <b>9 sesións</b>  |
| Tema                | <b>FESTE (festas e celebracións)</b>  |
| Recursos didácticos | <p>Lección 2 do libro de texto<br/> Fotos e gráficos proxectables<br/> DVD do libro de texto<br/> Fotocopias<br/> Audios e videos de internet</p> |

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Obxetivos CO               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender mensaxes de voz relacionadas con invitacións a festas.</li> <li>• Entender conversas lixeiras (<i>small talks</i>) en contextos de celebracións sociais, tanto en rexistro familiar como formal.</li> <li>• Entender unha reportaxe sobre a Oktoberfest en Munich.</li> </ul>   |
| Obxetivos CE               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender invitacións formais e informais en diferentes formatos escritos: e-mail, convite a unha voda, evento de facebook...</li> <li>• Comprender a información básica de artigos curtos que versen sobre festas e celebracións.</li> </ul>   |
| Obxetivos PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Convidar a unha festa en persoa ou por teléfono. Rexeitar un convite, agradecer a invitación e desculparse pola ausencia. Aceptar un convite e propor axuda na preparación da festa.</li> <li>• Resumir oralmente o contido dun convite recibido por escrito</li> <li>• Presentar oralmente unha festa tradicional da cultura propia da que se goste especialmente ou se teña experiencia por ter participado nela.</li> <li>• Organizar colectivamente unha festa, repartindo tarefas e responsabilidades.</li> <li>• Facer oralmente tarefas de intermediario cultural entre os costumes dos falantes de alemán e a cultura propia.</li> <li>• Mediar entre persoas de diferentes idiomas sobre normas de cortesía, usos e costumes en relación ás celebracións tradicionais e sociais.</li> </ul> |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Quedar por SMS / Whatsapp con alguén para celebrar algo. Rexeitar ou aceptar convites por escrito.</li> <li>• Resumir unha experiencia festiva, valorándoa positiva ou negativamente.</li> <li>• Facer por escrito tarefas de intermediario cultural entre os costumes dos falantes de alemán e a cultura propia.</li> <li>• Escribir sobre experiencias coa gastronomía: sobre pratos típicos ou en establecementos de restauración.</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Small talk (conversas para romper o xeo)</li> <li>• Fórmulas de cortesía e de hospitalidade.</li> <li>• Desculpas e reacción ás mesmas.</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Abtonungspartikeln: ja., eigentlich, mal, doch, denn.. Partículas marcadoras de emocións e intencións no falante.</li> <li>• Vocabulario relacionado coa gastronomía: establecementos, menús, pratos e receitas.</li> <li>• Vocabulario relacionado coas festas e celebracións.</li> <li>• Fórmulas de felicitación</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Verbos con preposición. Oracións con suplemento (Präpositionalergänzung)</li> <li>• Pronomes interrogativos para preguntar polo suplemento nunha frase, p.ex. Worauf? Auf wen?</li> <li>• Os adverbios preposicionais: darauf, damit, davon...</li> <li>• As oracións con "lassen"</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entonación emotiva no uso das Abtönungspartikeln.</li> <li>• Fonemas contrastados: /i/, /y/ e /u/.</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Normas de cortesía como convidados a unha cea ou a unha festa nun país de contexto alemán.</li> <li>• Uso das Abtönungspartikeln na lingua oral.</li> </ul>  |

|                           |   |
|---------------------------|---|
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tipos de festas</li> <li>• Festas tradicionais nos países de fala alemá. Vocabulario relacionado con algunha delas: Nadal, Entroido, Festa de Maio, Oktoberfest.</li> <li>• Conceptos tradicionais da cultura festiva alemá, como “Grillparty” ou “Stammtisch”.</li> <li>• A gastronomía nos países de fala alemá: pratos e establecementos.</li> </ul>  |
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conversas formais e informais.</li> <li>• Correspondencia persoal: convites formais, cartas, mensaxes privadas (sms, whatsapp...)</li> <li>• Presentacións</li> <li>• Receitas de cociña</li> <li>• Menús de restaurantes</li> <li>• Críticas de restaurantes</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolverse en contextos formais e informais de carácter festivo, atendendo ás normas de cortesía e hospitalidade vixentes na cultura alemá.</li> <li>• Desculpase e agradecer.</li> <li>• Negociar con outras persoas para organizar un evento.</li> </ul>  |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continúa a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe convidar por escrito e oralmente a unha festa privada ou tradicional.</li> <li>• Sabe reaccionar por escrito e oralmente a un convite, agradecendo e desculpándose no caso de non poder acudir.</li> <li>• Sabe expresar os seus gustos e prioridades á hora de organizar unha festa.</li> <li>• Sabe describir o que acontece en festas e celebracións.</li> <li>• Sabe comprender instrucións para elaborar un prato culinario simple.</li> <li>• Sabe dar instrucións básicas para preparar unha receita.</li> </ul> |

#### Unidade 4

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre – <b>5 sesións</b>  |
| Tema                | <b>UNTERWEGS (viaxes e transportes)</b>   |
| Recursos didácticos | Lección 3 do libro de texto<br>DVD do libro de texto<br>videos, fotos e audios de internet<br>fotocopias  |
| Obxetivos CO        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender diálogos en situacións cotiás no aeroporto e na estación de ferrocarril.</li> <li>• Comprender os detalles básicos dunha entrevista a unha persoa que fixo viaxes de aventura.</li> </ul> |
| Obxetivos CE        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender un artigo publicitario sobre unha app de mobilidade.</li> <li>• Entender artigos xornalísticos sobre coches eléctricos e mobilidade urbana.</li> </ul>                                      |

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Obxetivos PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Discutir sobre transporte: utilidade, ecoloxía e practicidade.</li> <li>• Conversar sobre as súas preferencias á hora de viaxar.</li> <li>• Planear unha viaxe en conxunto: propor, preguntar por detalles, expresar acordo ou desacordo.</li> </ul>  |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir un aloxamento vacacional</li> <li>• Valorar a calidade e experiencia nun aloxamento vacacional</li> <li>• Expresar nun foro de internet as súas ideas sobre mobilidade urbana</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Suposicións</li> <li>• Propostas</li> <li>• Rexeitamento e aceptación de propostas</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vocabulario relacionado cos medios de transporte, tipos de viaxes e aloxamentos.</li> <li>• Expresións útiles para facer propostas, aceptalas e rexeitalas.</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Partículas e adverbios utilizados para expresar suposición</li> <li>• Verbos separábeis de movemento e desprazamento</li> <li>• Oracións de relativo. Repaso e ampliación. Pronomes de relativo excepcionais: <i>was, wo, wer</i></li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fricativas: /ts/, /s/ e /z/. Escritas como tz, z, s, ss e ß</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso dos medios de transporte públicos nun contexto cultural alemán. “Schwarzfahren”, concepto de viaxar sen pagar o billete, control de infractores e consecuencias.</li> <li>• “Reiselust” e “Fernweh”: os alemáns como xentes viaxeiras.</li> </ul>   |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conversas informais sobre o tema viaxes, aloxamento e transporte.</li> <li>• Textos informativos: Artigos xornalísticos e folletos publicitarios</li> <li>• Comentarios de consumidores en páxinas web: Tripadvisor</li> <li>• Foros de discusión</li> <li>• Entrevista</li> <li>• Reportaxe televisiva</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar suposicións e hipóteses</li> <li>• Negociar con outras persoas para organizar unha viaxe en conxunto</li> <li>• Desenvolverse nunha viaxe nun país de fala alemá</li> </ul>  |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será contínua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul> |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe contar a súa experiencia nunha viaxe pasada</li> <li>• Sabe facer suposicións a partir dunha foto</li> <li>• Sabe facer propostas, aceptalas e rexeitalas á hora de organizar unha viaxe.</li> <li>• Sabe preguntar por detalles concretos</li> <li>• Sabe entender diálogos sinxelos en situacións ordinarias de viaxes e transportes.</li> </ul>       |

## Segundo cuadrimestre.

## Unidade 5

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Temporalización            | Segundo cuadrimestre: <b>7 sesións</b>   |
| Tema                       | <b>KLIMA UND UMWELT (o clima e o medio ambiente)</b>   |
| Recursos didácticos        | Libros de texto Ja Genau B1.1., Netzwerk B1 (Kapitel 5), Studio D B1<br>Material para proxectar, fotocopias, vídeos, fichas para xogos de rol.   |
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>Entender a información básica de reportaxes audiovisuais ou radiofónicas sobre o clima.</li> <li>Entender conversas e entrevistas sobre o clima e o aforro de enerxía.</li> </ul>   |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>Entender as ideas xerais de artigos divulgativos sobre o cambio climático.</li> <li>Comprender palabras clave referidas á ecoloxía, o aforro de enerxía e o cambio climático</li> </ul>   |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Expresar oralmente a súa opinión a respecto do cambio climático e das medidas a adoptar para minimizalo.</li> <li>Expresar oralmente as súas experiencias coa reciclaxe, o aforro de enerxía e outras medidas ecolóxicas no seu día a día.</li> </ul> |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Expresar a súa opinión sobre o clima en foros de internet.</li> <li>Expoñer por escrito a súa experiencia con medidas ecolóxicas e de aforro de enerxía.</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>Expresar suposicións e hipóteses</li> <li>Expresar opinións</li> <li>Expresar recomendacións e consellos</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>medio ambiente</li> <li>cambio climático, climas extremos, catástrofes naturais.</li> <li>Medidas para coidado do medio ambiente e aforro de enerxía.</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>futuro con werden (repaso)</li> <li>Oracións desiderativas irrealis con wenn / falls + Konjunktiv II (repaso)</li> <li>Oracións de relativo (repaso)</li> </ul>   |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>cúmulo de consoantes (Konsonantenhäufung).</li> <li>A pronunciación das palabras compostas. A oclusiva glotal (Knacklaut).</li> </ul>   |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>Medidas para o aforro de enerxía e coidado do medio ambiente presentes na vida cotiá da xente que vive en países de fala alemá: Mülltrennung, Pfandflaschen und -Gläser, E-Autos, Mitfahrgelegenheiten, Unverpacktläden, ...</li> </ul>               |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>Entrevistas</li> <li>Artigos xornalísticos</li> <li>Artigos e foros de opinión</li> <li>Avisos e anuncios</li> <li>Documentais e reportaxes</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Deducir palabras compostas polo seu significado</li> <li>Deducir palabras polo contexto</li> <li>Discriminar as palabras que forman unha palabra composta</li> </ul>  |
| Avaliación                 | A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase.   |

|                   |   |
|-------------------|---|
|                   | Farase coavaliación e autoavaliación.   |
| Mínimos esixibles | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de expresar opinións sobre o cambio climático e as medidas que toma e se deberían tomar en xeral para aforrar enerxía ou minguar o quentamento global.</li> <li>• Entende noticias básicas relativas ao clima e ecoloxía.</li> <li>• Entende avisos e instrucións de carteis e anuncios que animan ao aforro enerxético.</li> </ul> |

## Unidade 6

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Temporalización            | 2º cuadrimestre – <b>5 sesións</b>   |
| Tema                       | <b>WOHNEN (vivenda)</b>  |
| Recursos didácticos        | Lección 4 do libro de texto<br>videos, fotos e audios de internet<br>fotocopias  |
| Obxetivos CO               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender unha reportaxe radiofónica sobre experiencias de intercambio de casa.</li> <li>• Entender as vantaxes e inconvenientes que se mencionan nunha mesa redonda sobre persoas que viven nun piso compartido.</li> </ul>   |
| Obxetivos CE               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender a información básica sobre vivendas que se anuncian para aluguer ou intercambio.</li> <li>• Entender artigos xornalísticos breves e sinxelos que versan sobre o tema convivencia e habitabilidade.</li> <li>• Entender a información básica sobre recomendacións de amoblamento e decoración: para aforrar espazo ou diñeiro, para mellorar o ambiente...</li> </ul> |
| Obxetivos PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conversar dentro dun contexto de convivencia informal: normas, comportamento como convidado, busca dun novo compañeiro de piso.</li> <li>• Falar sobre a propia experiencia respecto á vivenda, actual e pasada.</li> <li>• Expresar expectativas e desexos de mellora respecto á vivenda.</li> </ul>   |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir unha vivenda: localización, estrutura, equipamento, decoración.</li> <li>• Escribir un E-Mail para participar nun intercambio de casa.</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Normas de convivencia e de veciñanza</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vocabulario relacionado coa vivenda: aluguer e compra, estrutura e equipamento, situación, decoración, etc.</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Posición dos elementos na frase</li> <li>• Preposicións de tempo: repaso e ampliación.</li> <li>• Formación de substantivos compostos</li> <li>• O verbo “brauchen”, con substantivos e con oracións de infinitivo.</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• /j/ en sp- e st-</li> </ul>   |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Intercambio de casas e <i>couchsurfing</i></li> <li>• Modos de vida nun contexto cultural alemán: pisos e residencias de</li> </ul>   |

|                           |  |
|---------------------------|--|
|                           | <p>estudiantes, residencias e vivendas compartidas para anciáns, as <i>Wohngemeinschaften (WG)</i>, diferentes xeracións compartindo vivenda...</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Como é habitar unha vivenda nun contexto sociocultural alemán: <i>Alt- und Neubau</i>, aluguer de vivendas, costumes típicos: poñer os nomes dos habitantes no timbre, presentarse aos veciños cando se fai mudanza a unha nova casa, normas implícitas e explícitas, etc.</li> </ul> |
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Anuncios de vivenda e de busca de compañeiro de piso</li> <li>• <i>Hausordnung</i>: normas que rixen dentro dunha comunidade de veciños ou nunha vivenda compartida.</li> <li>• Notas e avisos</li> <li>• E-Mails e correspondencia informal</li> <li>• Webs de intercambio de vivenda</li> <li>• Textos xornalísticos</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellorar a redacción de textos mediante o uso de diferentes comezos e respectando as normas de orde de elementos na frase.</li> <li>• Buscar aloxamento e vivenda nun contexto sociocultural alemán</li> <li>• Poñer e respectar normas de convivencia</li> <li>• Describir as características dunha vivenda</li> </ul>   |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será contínua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe describir unha vivenda: localización, estrutura, equipamento e decoración.</li> <li>• Sabe entender anuncios e webs nas que se describen vivendas</li> <li>• Sabe poñer normas de convivencia e preguntar sobre o que está permitido, o que non e o que se espera que un faga nunha comunidade de veciños ou piso compartido.</li> </ul>   |

## Unidade 7

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 2º cuatrimestre - <b>6 sesións</b>  |
| Tema                | <b>BERUFSEINSTIEG (traballo e profesión)</b>  |
| Recursos didácticos | <p>Lección 5 do libro de texto<br/> DVD do libro de texto<br/> Fotocopias<br/> Vídeos e audios de internet didactizados</p>   |
| Obxetivos CO        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender a información básica sobre unha conversa informal referente á busca de emprego.</li> <li>• Comprender a información básica nunha entrevista relacionada coas prácticas en empresas: tarefas, motivación de cara a profesión, previsión de futuro, satisfacción.</li> <li>• Comprender informacións básicas en reportaxes televisivas sobre o mundo laboral: prácticas, problemáticas concretas, reivindicacións, cambios, etc.</li> </ul> |
| Obxetivos CE        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o funcionamento da FP dual a través dun texto inormativo</li> </ul>   |

|                            |  |
|----------------------------|--|
|                            | <p>básico.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender a información básica en anuncios de oferta de emprego: que buscan que ofrecen.</li> </ul>   |
| Obxetivos PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conversar sobre a súa profesión e condicións laborais nun contexto informal.</li> </ul>   |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Redactar unha solicitude formal de emprego a partir dun anuncio, respectando a estrutura e as fórmulas típicas deste tipo de texto.</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresión da finalidade</li> <li>• Expresión de desexos e soños</li> </ul>  |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vocabulario relacionado co mundo laboral e a formación académica requerida en diferentes perfís profesionais.</li> <li>• Expresións coloquiais útiles en conversas para indicar ao interlocutor que estamos escoitando activamente: <i>ach so!, oh je!, ach?!, echt?, wirklich?</i></li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Konjunktiv II</i></li> <li>• Oracións irrealis, con <i>wenn</i> e <i>falls</i>. Oracións irrealis sen conxunción.</li> <li>• Oracións finais con <i>damit</i> e <i>um...zu</i></li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acento en verbos separábeis e inseparábeis</li> <li>• Acento en palabras compostas longas</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A FP dual en Alemaña</li> <li>• As prácticas nun contexto alemán.</li> <li>• Diferentes tipos de escolas para acceder a diferentes tipos de profesións</li> <li>• Acceder a un posto de traballo nun contexto de fala alemá: <i>Bewerbungsschreiben, Lebenslauf, Vorstellungsgespräch</i>.</li> <li>• A moda do “speed-dating” no contexto laboral.</li> <li>• A situación do funcionariado en Alemaña</li> <li>• Traballo e conciliación familiar: como é nos países de fala alemá.</li> </ul> |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Solicitudes de emprego e currículum vitae</li> <li>• Entrevistas de traballo</li> <li>• Anuncios de traballo (en xornais e portais online)</li> <li>• Conversas informais sobre a profesión e o traballo</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Buscar emprego nun contexto de fala alemá<sup>o</sup></li> </ul>  |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será contínua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe falar da súa profesión e das súas condicións laborais, expresando a súa opinión e satisfacción ao respecto, así como expresando desexos de mellora.</li> <li>• Sabe buscar traballo correspondente á súa formación nun portal de busca de emprego.</li> <li>• Sabe desenvolverse nunha conversa informal (small talk) sobre o traballo e a vida laboral.</li> </ul>  |



|  |   |
|--|---|
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe redactar unha solicitude formal de emprego</li> <li>• Sabe redactar un curriculum vitae básico e esquemático</li> <li>• Sabe entender a información básica de reportaxes e entrevistas sinxelas referentes ao mundo laboral, situacións e problemáticas.</li> </ul> |
|--|---|

## Unidade 8

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 2º cuatrimestre – <b>4 sesións</b>  |
| Tema                | <b>KULTUR /MUSIK (música; actividades artísticas: literatura, cine e música)</b>  |
| Recursos didácticos | <p>Lección 6 do libro de texto</p> <p>DVD do libro de texto</p> <p>Audios e videos de internet</p> <p>Materiais fotocopiáveis</p>   |
| Obxetivos CO        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender breves presentacións sobre diferentes tipos de libros (xéneros literarios) e prensa escrita/dixital.</li> <li>• Comprender as ideas principais dunha conversa, discusión ou debate articulados con claridade e ben organizados en lingua estándar.</li> <li>• Comprender a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.</li> <li>• Comprender a información principal en biografías breves sobre personaxes coñecidos.</li> <li>• Comprender a información detallada en anuncios breves sobre actividades culturais.</li> </ul> |
| Obxetivos CE        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender reseñas breves e sinxelas sobre libros ou películas</li> <li>• Comprender a información xeral en letras de cancións</li> <li>• Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas relacionados coa música, literatura e cine</li> </ul>   |
| Obxetivos PCOM      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Intervir en asuntos relacionados coas actividades do tempo libre, expresando opinións e sentimentos.</li> <li>• Dar información sobre gustos e preferencias persoais relacionados cos hábitos de lectura na actualidade e no pasado.</li> <li>• Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos no suficientemente claros</li> </ul>  |
| Obxetivos PCEM      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión sobre libros</li> <li>• Resumir o contido dun libro preferido ou o argumento dunha película</li> <li>• Redactar unha invitación a un evento cultural</li> <li>• Contestar a unha invitación por escrito</li> </ul>  |
| Contidos funcionais | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender a información xeral e específica</li> <li>• Expresar gustos e preferencias</li> <li>• Pedir e ofrecer consellos</li> </ul>  |

|                            |  |
|----------------------------|--|
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ofrecer e solicitar información sobre aspectos culturais</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Xéneros literarios</li> <li>• Tipos de revistas e xornais</li> <li>• Películas e series</li> <li>• Adxectivos cualificativos</li> <li>• Instrumentos musicais</li> <li>• Profesións relacionadas coa música</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Modalverben: Präteritum</li> <li>• Adverbios e pronomes con sentido negativo: <i>nichts, nie/niemals, niemand, nirgends, nirgendwo, nirgendwohin</i></li> <li>• Os conectores de causa: <i>denn, darum, deswegen, deshalb, daher, aus diesem Grund, nämlich, weil ....</i></li> <li>• Os conectores concesivos: <i>aber, trotzdem</i></li> <li>• Os subordinadas finais: <i>um ... zu, damit</i></li> <li>• Adxectivos</li> </ul> |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O acento, melodía e entoación dunhas oracións que expresan interese ou desinterese por algo</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O tempo de lecer: hábitos e actividades</li> <li>• A influencia da lectura na vida social e persoal</li> <li>• Os hábitos de lectura, a importancia da información actualizada a través dos xornais</li> <li>• Diferentes grupos musicais de culto nos países de fala alemá</li> </ul>  |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro, ....</li> <li>• Películas e series</li> <li>• Estilos musicais</li> <li>• Unha ficha técnico dun libro</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión</li> <li>• Relacionar a información nova con coñecementos previos</li> <li>• Resumir para comprender e producir textos orais e escritos</li> <li>• Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver a escoitar o texto</li> <li>• Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu</li> </ul> |
| Avaliación                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será contínua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comenta os propios hábitos de lectura</li> <li>• Fala sobre gustos e preferencias literarias, de películas ou grupos musicais</li> <li>• Relata os hábitos de lectura da infancia</li> <li>• Escribe unha ficha técnica dun libro</li> <li>• Comprende as liñas xerais do argumento dun libro ou dunha película</li> </ul>  |

## Unidade 9

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Temporalización            | 2º cuadrimestre – <b>6 sesións</b>   |
| Tema                       | <b>GELD (diñeiro, xogo e compras)</b>  |
| Recursos didácticos        | <p>Lección 7 do libro de texto</p> <p>DVD do libro de texto</p> <p>Audios e videos de internet</p>   |
| Obxetivos CO               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender entrevistas relacionadas co rol do home e da muller á hora de conciliar a vida familiar e laboral</li> <li>• Comprender unha curtametraxe que versa sobre o tema da mendicidade.</li> </ul>  |
| Obxetivos CE               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender as instrucións dun xogo.</li> <li>• Comprender un test sobre hábitos de consumo</li> <li>• Comprender unha entrevista cun experto que fala sobre a adicción ás compras</li> </ul>  |
| Obxetivos PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participar en diálogos de compra-venta e intermediar en transaccións mercantís da vida cotiá (feiróns, mercados, centros comerciais, etc.)</li> </ul>   |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir un produto para poñelo á venda</li> <li>• Expresar por escrito (foro de internet) a súa opinión respecto a hábitos de consumo, incluídas as compras online.</li> <li>• Escribir cartas de reclamación dun produto</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Relato de hábitos de consumo</li> <li>• Expresión da opinión</li> <li>• Conversas informais en transaccións comerciais, tamén na compra-venta de artigos de segunda man.</li> </ul>   |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vocabulario relacionado cos xogos de azar e xogos de mesa</li> <li>• Vocabulario relacionado co consumo e as compras, actividades económicas e comerciais.</li> <li>• Vocabulario relacionado co diñeiro e as transaccións bancarias.</li> </ul>                                    |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conectores causais e a orde dos elementos na frase / oración causal.</li> <li>• Conectores concesivos e a orde dos elementos na frase / oración concesiva.</li> <li>• Sufixos que marcan o xénero dos substantivos.</li> <li>• A pasiva en pasado (Präteritum e Perfekt)</li> </ul> |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vogais curtas e longas</li> </ul>   |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os xogos de mesa na cultura alemá: O premio “Best Spiel des Jahres”</li> <li>• Os mercados e feiróns (Märkte und Flohmärkte)</li> <li>• As compras por internet. Realidade e tendencia.</li> <li>• Traballo e conciliación familiar: como é nos países de fala alemá.</li> </ul>    |
| Contidos discursivos       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Textos instructivos (xogos)</li> <li>• Artigos xornalísticos</li> <li>• Tests de revistas</li> <li>• Anuncios</li> <li>• Escritos sobre experiencias persoais en foros e blogs.</li> </ul>  |

|                           |   |
|---------------------------|---|
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrevistas</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar transaccións mercantís da vida cotiá: compras online, compras en mercados e mercadillos, compra e venda de produtos de segunda man...</li> </ul>  |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será contínua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe entender instrucións dun xogo.</li> <li>• Sabe facer transaccións mercantís da vida cotiá: compras online, compras en mercados e mercadillos, compra e venda de produtos de segunda man, etc.</li> <li>• Sabe entender reportaxes e entrevistas sobre hábitos de consumo</li> <li>• Sabe expresar a súa opinión sobre hábitos de consumo.</li> <li>• Sabe escribir cartas de reclamación</li> </ul> |

## 6. NIVEL INTERMEDIO B2

### 6.1. Descrición do nivel do nivel B2

O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas expresións idiomáticas de uso común.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.

Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de

uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en períodos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.

Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (rexistro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

## **6.2. Obxectivos do nivel B2**

### Actividades de comprensión de textos orais

Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.

Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.

Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.

Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.

Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.

Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

### Actividades de produción e coprodución de textos orais

Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.

Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.  
Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.

Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.

Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...

Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.

Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.

Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

### Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.

Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.

Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.

Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.

Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.

Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.

Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).

### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.

Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.

Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.

Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.

Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.

Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.

Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

### Actividades de mediación

Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben

organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou rler as seccións difíciles.

### **6.3. Competencias e contidos do nivel B2**

#### Socioculturais e sociolingüísticos

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas: a vida cotiá, os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e crenzas.

#### Estratéxicos

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

#### Funcionais

Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:

- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos.
- Redactar textos de ámbito académico.
- Entender e aventurar un diagnóstico simple.
- Desenvolverse con soltura nun comercio.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.
- Construír argumentos razoados.
- Comparar e contrastar alternativas.
- Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.
- Sintetizar unha información.
- Especular sobre causas e consecuencias.
- Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.
- Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.
- Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos.
- Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística...

Usos compromisorios, relacionados coa expresión de ofrecemento, a intención, a vontade e a decisión:

- Poñer condicións para unha acción futura.
- Negociar un acordo.
- Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda.
- Expresar intención ou vontade.

Usos directivos, teñen como finalidade que o/a destinatario/a faga ou non faga algo:

- Pedir opinións sobre algo ou alguén.
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.
- Lembrarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo.
- Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.

Usos fálicos e solidarios, que se realizan para manter o contacto social:

- Participar adecuadamente en diferentes tipos de situacións sociais.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...)

Usos expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:

- Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado.
- Expresar dúbidas.
- Presentar unha queixa ou reclamación.
- Mostrar sorpresa e admiración.
- Describir cambios de personalidade.
- Discutir sobre a información recibida.

### Discursivos

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións



- Representacións teatrais

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos
- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo
- Dicionarios
- Prospectos
- Receitas de cociña
- Adiviñas
- Biografía

### Sintácticos

- Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo
- Posición e gradación do adxectivo. A comparación
- Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento
- Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores
- Posición e concordancia dos elementos da oración
- Uso da impersonalidade
- Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes
- Uso do imperativo afirmativo e negativo
- O aspecto. Incoativo, durativo
- O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición
- O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto
- Réxime preposicional con verbos frecuentes
- Adverbios. Usos e formas máis frecuentes
- Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais
- Posición e concordancia dos elementos oracionais
- Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal
- Oración composta. Coordinación
- Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais
- Correlación temporal nas oracións
- Uso de conectores propios do nivel
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos

### Léxicos

- Actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...
- Actividades económicas e comerciais: comercio, entidades e empresas, industria...
- Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía...
- Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...

- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...
- Educación: o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...
- Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet...
- Política e sociedade: institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...
- Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
- Saúde e cuidados físicos: movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
- Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...

### Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...).
- A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.
- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
- O uso especial de maiúsculas e minúsculas.
- As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

## **6.4. Criterios de avaliación do nivel B2**

### Actividades de comprensión de textos orais

Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.

Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.

Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.

Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...

### Actividades de produción e coprodución de textos orais

Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.

Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.

Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.

Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.

Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.

Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.

É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.

Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.

Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.

#### Actividades de comprensión de textos escritos

Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.

Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico. Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.

Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.

#### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.

Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.

Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.

Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.

Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico do nivel.

Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.

### Actividades de mediación

Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.

Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.

Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.

Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

## **6.5 Temporalización do nivel B2**

1.- Farase unha avaliación inicial nas primeiras sesións de clase de todas as destrezas: comprensión escrita e oral, expresión e interacción escrita e oral e tamén de contidos gramaticais básicos.

2.- Comezarse a ensinanza na unidade 1 do curso B2.

3.- Traballarase coa Aula virtual de Moodle.

4.- De suspenderse as clases, traballaremos en liña cas ferramentas que están a nosa disposición, e dicir: correo electrónico, aula moodle e conferencias en liña co Webex.

O libro de texto como método neste curso é: *Sicher B2*, Kursbuch, Editorial Hueber. Pero completouse a programación con outros materiais, tanto bibliográficos como audiovisuais para levar a cabo o seguinte desenvolvemento:

## Primeiro cuadrimestre

### Unidade 1

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Temporalización            | 1º cuadrimestre – <b>4 sesións</b>  |
| Tema                       | <b>RELACIONES INTERPERSONAIS: Amigos</b>  |
| Recursos didácticos        | Método da aula <i>Sicher B2 Kursbuch</i><br>Proxector<br>Copias<br>Materiais compartidos en plataformas online  |
| Obxetivos CO               | <ul style="list-style-type: none"> <li>Comprender a información relevante dun programa de radio sobre relacións interpersoais</li> </ul>  |
| Obxetivos CE               | <ul style="list-style-type: none"> <li>Comprender enquisas sociolóxicas sobre relacións interpersoais</li> </ul>  |
| Obxetivos PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>Describir relacións persoais en detalles</li> <li>Resumir</li> <li>Falar sobre experiencias persoais</li> <li>Presentar un tema: Estratexias</li> <li>Expresar a propia opinión</li> <li>Explicar significados</li> <li>Caracterizar persoas</li> <li>Describir e opinar sobre a relación entre seres humanos e animais na sociedade actual</li> </ul> |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>Redactar tarxetas de saúdos, felicitacións ou invitacións</li> <li>Escribir textos argumentativos sobre as relacións nas redes sociais</li> <li>Resumir a información relevante de artigos xornalísticos sobre relacións interpersoais</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>Describir relación</li> <li>Anotar información</li> <li>Resumir</li> <li>Falar sobre experiencias persoais</li> <li>Presentar un tema: Estratexias</li> <li>Expresar a propia opinión</li> <li>Explicar significados</li> <li>Caracterizar persoas</li> <li>Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes</li> </ul>                        |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>Tipos de relación interpersoais</li> <li>Amistade</li> <li>Actos familiares</li> <li>Etapas da vida</li> <li>Sentimentos</li> <li>Redes sociais</li> </ul>   |

|                           |  |
|---------------------------|--|
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Animais domésticos</li> <li>• Amor</li> <li>• Idade</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conectores de dous membros</li> <li>• Comparación</li> <li>• Orde dos elementos na frase</li> <li>• Formación de substantivos con sufixos</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vogais: e-ä</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Amigos e coñecidos</li> <li>• Épocas na vida</li> <li>• Tarxetas de saúdo</li> </ul>  |
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrevistas</li> <li>• Debates</li> <li>• Cancións</li> <li>• Presentacións públicas</li> <li>• Enquisas</li> <li>• Fragmentos de películas</li> <li>• Programas de radio</li> <li>• Resumos e síntesis</li> <li>• Textos xornalísticos</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Predición e dedución dos contidos dos documentos presentados</li> <li>• Estratexias para iniciar, manter e finalizar unha conversa telefónicas</li> <li>• Autocorrección</li> <li>• Solicitude de aclaración e de repetición</li> <li>• Lectura en función da tipoloxía dos textos</li> </ul>   |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será continua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de comprender e resumir a información relevante dun programa de radio ou artigo xornalístico sobre relación interpersoais, sempre que o poda escoitar dúas veces, con pausas e que a locución sexa en linguaxe estándar e ritmo normal.</li> <li>• É quen de comprender enquisas sociolóxicas sobre relación interpersoais e sacar conclusións</li> <li>• É quen de describir relación persoais con detalle</li> <li>• É quen den presentar argumentos, sinxelos pero ben estruturados, a favor e en contra das redes sociais</li> <li>• É quen de redactar tarxetas de saúdos, felicitacións ou invitacións</li> <li>• É quen de escribir textos argumentativos, sinxelos pero claros, sobre vantaxes e desvantaxes as relación nas redes sociais.</li> <li>• É quen de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas sobre as relacións, amizade, redes sociais.</li> </ul> |

## Unidade 2

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Temporalización            | 1º cuadrimestre – <b>4 sesións</b>   |
| Tema                       | <b>TRABALLO: na empresa</b>  |
| Recursos didácticos        | Método da aula <i>Sicher B2 Kursbuch</i><br>Proxector<br>Copias<br>Materiais compartidos en plataformas online   |
| Obxetivos CO               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender as indicacións dun monitor/a para facer unha sesión de relaxación</li> <li>• Comprender a descrición de tarefas dunha determinada profesión en conversas cara a cara ou en textos gravados</li> <li>• Comprender consellos sobre a saúde laboral nun programa radiofónico, de televisión ou podcast</li> </ul>   |
| Obxetivos CE               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender as ideas principais e información detallada de textos xornalísticos que versen sobre temas laborais</li> </ul>   |
| Obxetivos PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir as tarefas desenvolvidas na profesión propia ou allea</li> <li>• Formular preguntas sobre as condicións de traballo de outras persoas</li> <li>• Participar nunha conversa telefónica de traballo</li> <li>• Describir fortalezas e debilidades de cara aos requisitos do mercado laboral</li> </ul>  |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Redactar preguntas para unha enquisa sobre o grao de satisfacción das persoas co seu traballo</li> <li>• Redactar “cartas ao director” con opinión sobre temas actuais do mercado laboral, como a precariedade</li> <li>• Escribir unha carta de presentación</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Extraer e relacionar informacións</li> <li>• Comprender descripcións</li> <li>• Presentar a outras persoas</li> <li>• Explicar actividades profesionais</li> <li>• Reclamar</li> <li>• Expresar finalidade de acción e de intencións</li> <li>• Expresar intereses e preferencias</li> <li>• Participar adecuadamente en diferentes tipos de situación sociais</li> </ul>                                       |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Profesións</li> <li>• Cualidades para un traballo e trazos de carácter (adxectivos)</li> <li>• Formación académica e laboral</li> <li>• Lugares de traballo e postos na empresa</li> <li>• Funcións e tarefas laborais</li> <li>• Experiencia profesional</li> <li>• Conflitos laborais</li> <li>• Saúde laboral</li> <li>• Planificación das vacacións</li> <li>• Desemprego e búsqueda de traballo</li> </ul> |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A pasiva de proceso e de estado</li> <li>• Formación de palabras: substantivos con prefixos</li> <li>• Oracións causais</li> <li>• Os participios en función de adxectivos</li> <li>• Declinación do adxectivo</li> </ul>   |

|                           |   |
|---------------------------|---|
| Contidos fonéticos        | <ul style="list-style-type: none"> <li>Os ditongos ei-au-eu/äu</li> </ul>   |
| Contidos socioculturais   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Estruturas e aspectos dun curriculum vitae</li> <li>Panorama laboral en Alemania</li> <li>Na feira profesional</li> <li>Novas profesións</li> <li>Pecados no posto de traballo e comportamento con outros</li> <li>Teléfono: Temas e interlocutores</li> </ul>   |
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Conversas formais e informais</li> <li>Entrevistas de traballo</li> <li>Enquisas</li> <li>Audiovisuais</li> <li>Presentacións</li> <li>Correspondencia formal</li> <li>Artigos de opinión</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos</li> <li>Reformular hipóteses</li> </ul>   |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>A avaliación será contínua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles         | <ul style="list-style-type: none"> <li>É quen de seguir as indicacións dun monitor/a para facer unha sesión de relaxación con axuda visual.</li> <li>É quen de comprender a información relevante en textos xornalísticos ou entradas en blogs de categoría “traballo”</li> <li>É quen de comprender consellos sobre saúde laboral nun programa radiofónico, de televisión ou podcast se o pode escoitar dúas veces e a locución é clara con uso de linguaxe estándar</li> <li>É quen de describir as tarefas desenvolvidas na profesión propia ou allea utilizando léxico do nivel</li> <li>É quen de redactar e formular preguntas sobre as condicións de traballo dos compañeir@s de clase</li> <li>É quen de participar nunha conversa telefónica de empresa, aínda que cometa fallos que non entorpezan a comunicación e precise repeticións</li> <li>É quen de escribir unha carta de presentación utilizando as convencións formais desa tipoloxía textual</li> <li>É quen de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas sobre profesións, o mundo laboral, conflitos no traballo, formación, saúde laboral</li> </ul> |

### Unidade 3

|                     |   |
|---------------------|---|
| Temporalización     | 1º cuatrimestre – <b>4 sesións</b>                    |
| Tema                | <b>MEDIOS DE COMUNICACIÓN E TECNOLOXÍA</b>            |
| Recursos didácticos | Método da aula <i>Sicher B2 Kursbuch</i><br>Proxector |



|                            |   |
|----------------------------|---|
|                            | <p>Copias</p> <p>Materiais compartidos en plataformas online</p>  |
| Obxetivos CO               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender a liña principal dun filme de ficción</li> <li>• Comprender a información principal de noticias de prensa oral</li> <li>• Comprender a información relevante e a valoración de recensións de libros e películas en programas de radio, TV ou podcasts</li> <li>• Comprender informacións gravadas sobre horarios e sesións de cine</li> </ul>   |
| Obxetivos CE               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender artigos xornalísticos (reportaxes ou crónicas) sobre o tema “Hábitos de lectura”</li> <li>• Comprender críticas cinematográficas</li> <li>• Comprender recensións de libros</li> <li>• Seguir a liña argumental de textos literarios breves</li> </ul>  |
| Obxetivos PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Debater sobre o uso de distintos medios de comunicación</li> <li>• Sintetizar e reformular información escoitada ou lida na prensa</li> <li>• Recomendar e comentar unha película</li> <li>• Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro ou calquera manifestación artística</li> </ul>   |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir argumentacións a favor ou en contra dun medio determinado</li> <li>• Describir o argumento dun filme e emitir valoración</li> </ul>   |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Argumentar e convencer</li> <li>• Comparar e contrastar alternativas</li> <li>• Sintetizar información</li> <li>• Recomendar</li> <li>• Reformular textos orais escritos</li> <li>• Expresar opinión</li> <li>• Valorar e pedir valoración</li> </ul>  |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vocabulario relacionado coa prensa: xéneros xornalísticos, edicións, tipos de texto, verbos de “dicir”</li> <li>• Vocabulario relacionado coa lectura: xéneros, edicións, ...</li> <li>• Vocabulario relacionado co cine: xéneros, profesións, emisión de películas: salas, sesións, versión</li> <li>• Adxectivos relacionados coa valoración</li> <li>• Aniversarios</li> <li>• Avances científicos e tecnolóxicos</li> <li>• Cuestións éticas e filosóficas</li> <li>• A película favorita</li> </ul> |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Palabras de referencia</li> <li>• Formación de adxetivos con sufixos</li> <li>• Condicionais sin conxunción</li> <li>• Oración con “dass”</li> <li>• Pronomes preposicionais</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As consonantes: l e r</li> </ul>   |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Panorama do cine e a literatura alemana</li> <li>• Comportamento leitor da mocidade</li> <li>• Visión de programas de televisión en común</li> <li>• O consumo de medios de comunicación</li> </ul>  |

|                           |   |
|---------------------------|---|
| Contidos discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Audiovisuais: fragmentos de películas, documentais, representacións teatrais</li> <li>• Fragmentos de textos literarios</li> <li>• Recensións</li> <li>• Guións</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estratexias para iniciar, manter e finalizar unha conversa telefónica</li> <li>• Autocorrección</li> <li>• Solicitude de aclaración e de repetición</li> </ul>   |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será contínua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderánse usar os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>  |
O alumnado que supere o nivel avanzado C1 poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e un repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e trasladar matices de significados.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles. Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

## **7.2. Obxectivos do nivel C1**

### Actividades de comprensión de textos orais

Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.

Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.

Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

### Actividades de produción e coprodución de textos orais

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

### Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.

Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

### Actividades de mediación

---

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

### **7.3. Competencias e contidos do nivel C1**

#### Socioculturais e sociolingüísticos

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

#### Estratéxicos

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...
- Informarse, se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade

coa que se expresa etc.

### Funcionais

Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

### Discursivos

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas

- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

### Sintácticos

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- Formación de palabras: derivación e composición
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos
- Usos sintácticos complexos
- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos

### Léxicos

Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

- Alimentación: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...
- Bens e servizos: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...
- Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...
- Compras e actividades comerciais: actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...
- Cultura e actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...
- Economía e industria: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...
- Educación e actividades académicas: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...
- Goberno, política e sociedade: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...
- Identidade persoal: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...

- Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais...
- Lecer e tempo libre: xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...
- Relacións persoais e sociais: relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...
- Relixión e filosofía: correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...
- Saúde, coidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...
- Traballo e actividades profesionais: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...
- Viaxes e estancias no estranxeiro: turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadias no estranxeiro...
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...
- Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

### Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

- A énfase
- A entoación e os cambios de ton
- Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)
- Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas
- Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refróns, poemas...)
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación
- O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas
- As convencións de distribución e organización do texto
- As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común

#### **7.4. Criterios de avaliación do nivel C1**

##### Actividades de comprensión de textos orais

Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.

Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.

É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

##### Actividades de produción e coprodución de textos orais

Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.

Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.

Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.

Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.

Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.

É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.

Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

### Actividades de comprensión de textos escritos

Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.

Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.

Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.



Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

#### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.  
Redacta un texto e adáptao á situación requirida.

Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.

Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).

Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

#### Actividades de mediación

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

### **7.5 Temporalización do nivel C1.1**

---

## Adiamento da programación

- 1.- Farase unha avaliación inicial nos primeiros días de clase.
- 2.- Comezarse a ensinanza ca unidade 1 do curso C1.1.
- 3.- Traballarase coa Aula virtual de Moodle como o ano pasado.
- 4.- De suspenderse as clases, traballaremos en liña cas ferramentas que están a nosa disposición, e dicir: correo electrónico, aula moodle e conferencias en liña co Webex.

O libro de texto como método neste curso é: Sicher C1.1. Editorial Hueber. Kursbuch und Arbeitsbuch. Pero completouse a programación con outros materiais, tanto bibliográficos como audiovisuais para levar a cabo o seguinte desenvolvemento:

### Primeiro cuadrimestre

#### Unidade 1

|                     |  |
|---------------------|--|
| Temporalización     | 1º cuadrimestre – <b>10 sesións</b>  |
| Tema                | <b>MODERNES LEBEN (Vida moderna)</b>   |
| Recursos didácticos | Lección 1 Sicher! C1.1 / Vídeos / Libro de exercicios / Copias   |
| Obxectivos CO       | <ul style="list-style-type: none"><li>• Comprender conversacións de certa lonxitude.</li><li>• Comprender información relevante unha reportaxe radiofónica.</li><li>• Deducir información implícita dun texto.</li></ul>   |
| Obxectivos CE       | <ul style="list-style-type: none"><li>• Comprender artigos do ámbito social e comprender as ideas e posturas alí expresadas.</li></ul>   |
| Obxectivos PCOM     | <ul style="list-style-type: none"><li>• Realizar unha presentación oral clara e estruturada sobre os cambios na sociedade nos últimos anos.</li><li>• Deducir información de textos sobre a vida actual e reaccionar oralmente.</li><li>• Mediar entre falantes para trasladar a información implícita dun texto sobre a sociedade moderna.</li></ul>  |
| Obxectivos PCEM     | <ul style="list-style-type: none"><li>• Comunicarse por escrito nun foro sobre temas sociais con eficacia.</li><li>• Deducir información de textos sobre a vida actual e reaccionar por escrito.</li><li>• Mediar entre falantes para trasladar por escrito a información implícita dun texto.</li></ul>   |
| Contidos funcionais | <ul style="list-style-type: none"><li>• Presentarse e presentar a alguén.</li><li>• Identificar e identificarse.</li><li>• Informar sobre un tema social.</li><li>• Expresar suposicións.</li><li>• Deducir información relevante.</li><li>• Deducir a reflexión, opinión do autor.</li><li>• Deducir insinuacións.</li><li>• Expresar dúbidas.</li><li>• Describir as propias experiencias.</li><li>• Expresar unha opinión, un acordo e un desacordo.</li><li>• Referirse a unha opinión anterior e replicar.</li><li>• Resumir unha película.</li></ul> |

|   |  |
|---|--|
|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Formular unha hipótese sobre unha película.</li> </ul>  |
| Contidos léxico-semánticos                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As relación persoais e sociais.</li> <li>• Información e medios de comunicación.</li> <li>• O medio ambiente.</li> <li>• A nosa sociedade de malgasto.</li> <li>• Relaxación no día a día.</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O uso subxectivo dos verbos modais: <i>müssen, dürfen, können und wollen</i></li> <li>• Prefixos <i>miss-, zer-, ent-</i> e <i>de-</i></li> </ul>   |
| Contidos fonéticos                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• ---</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais e sociolingüísticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretar unha canción.</li> <li>• A música pop alemana: Lisa Basenge: Wolke 8 e Van Gogh.</li> <li>• Resume da película: Frau Ella.</li> <li>• O cine alemán actual.</li> </ul>  |
| Contidos discursivos                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber discutir sobre diferenzas culturais acerca do termo <i>felicidade</i>.</li> <li>• Saber explicar a información implícita dun texto.</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Saber referirse a una fonte.</li> <li>• Saber interpretar textos humorísticos.</li> <li>• Entender a ironía nun texto.</li> </ul>   |
| Avaliación                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece en rexistro formal a intención de actos de fala en reportaxes sobre o consumo e os medios.</li> <li>• Desenvolve argumentos detallados e estruturados sobre temas de actualidade social como o ritmo de vida moderno.</li> <li>• Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir.</li> <li>• Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo nun texto de opinión irónico sobre hábitos de vida moderna.</li> <li>• Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais en textos de opinión.</li> <li>• Adapta o texto ao propósito comunicativo opinando nun blog.</li> <li>• Resume por escrito os puntos máis relevantes do contido dun filme.</li> <li>• Produce un texto escrito coherente a partir dun texto oral, un tráiler dun filme.</li> </ul>  |
| Mínimos esixibles                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de extraer información detallada e esencial dunha reportaxe radiofónica sobre hábitos de consumo e de uso dos medios de comunicación.</li> <li>• É quen de falar sobre os cambio na sociedade dos últimos anos.</li> <li>• É quen de facer, xuntamente con outros, una exposición oral claramente estruturada.</li> <li>• É quen de estruturar en puntos diferenciados a intervención nun debate sobre o ritmo da vida moderna.</li> <li>• É quen de usar un mínimo de estruturas estratéxicas para comprobar a comprensión da interlocución nun debate.</li> <li>• É quen de identificar elementos de ironía e opinión persoal en textos de debate social actual.</li> <li>• É quen de estruturar por escrito os puntos relevantes dunha opinión persoal expresada nun blog.</li> <li>• É quen de facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</li> <li>• É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen</li> </ul> |

|  |   |
|--|---|
|  | <p>alterar a información e as posturas orixinais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos.</li> <li>• É quen de usar a información principal dun tráiler para redactar un resumo.</li> </ul> |
|--|---|

## Unidade 2

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Temporalización            | 1º cuadrimestre – <b>10 sesións</b>   |
| Tema                       | <b>TOURISMUS (O turismo)</b>  |
| Recursos didácticos        | Lección 2 Sicher! C1.1 / Vídeos / Libro de exercicios / Copias  |
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer significados complexos en textos orais e adaptar o contido.</li> <li>• Tomar notas dunha conversa.</li> <li>• Entender unha conversa informativa na recepción dun hotel.</li> <li>• Entender con detalle unha reportaxe irónica sobre recordos de viaxe.</li> </ul>  |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Extraer a información demandada dunha reportaxe sobre profesións no sector hostelario.</li> <li>• Compilar información dunha narración de experiencias laborais nun hotel.</li> <li>• Comprender información complexa con especificacións de servizos.</li> </ul>  |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participar nun debate sobre as cualidades profesionais na área do turismo, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas.</li> <li>• Realizar unha presentación clara e ben estruturada sobre unha proposta para unha viaxe conxunta e a oferta de actividades turísticas.</li> <li>• Formular argumentos para un tipo de viaxe, expresar peticións individuais e poñerse de acordo con outros.</li> <li>• Participar en conversacións informais sobre os propios recordos de viaxes.</li> </ul> |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir un programa claro e estruturado sobre un tema profesional.</li> <li>• Leer e contestar queixas grotescas.</li> <li>• Presentar un posible programa turístico para a propia cidade.</li> <li>• Facer unha lista de ideas para desenvolver unha rexión turística.</li> <li>• Formular propostas para o fomento do turismo sostenible.</li> <li>• Comentar unha reportaxe sobre unha xoven emprendedora e a súa empresa.</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprobar ou lamentarse das condicións de traballo.</li> <li>• Formular satisfacción e desgusto cunha situación.</li> <li>• Formular unha decepción e exculpar a outros ou a se mesmo.</li> <li>• Reclamar e esixir cambios nas condicións.</li> <li>• Alertar de posibles problemas.</li> <li>• Describir o propio punto de vista.</li> <li>• Describir sentimentos e emocións.</li> <li>• Convencer e persuadir aos compañeiros.</li> <li>• Expresar interese e desinterese.</li> </ul>          |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballar cun dicionario lingüístico monolingüe.</li> <li>• Fomentar o turismo rexional.</li> </ul>  |
| Contidos                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conectores concesivos e restrictivos.</li> </ul>   |

|   |   |
|---|---|
| gramaticais                                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conxuncións bimembres.</li> <li>• Verbos funcionais.</li> </ul>  |
| Contidos fonéticos                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entonación das partículas modáis.</li> <li>• A énfase mediante a entonación.</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais e sociolingüísticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso de partículas modais</li> <li>• Resumen da película: O hotel Adlon</li> <li>• A ironía nos textos radiofónicos</li> </ul>  |
| Contidos discursivos                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mediar diferencias culturáis en chamadas telefónicas formáis</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballar co dicionario monolingüe</li> <li>• Entender a ironía nun texto</li> <li>• Saber comportarse adecuadamente en debates</li> </ul>   |
| Avaliación                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprende o que se pretende comunicar nunha chamada dende un hotel.</li> <li>• Recoñece expresións idiomáticas nun relato sobre aspectos dunha viaxe.</li> <li>• É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa para organizar unha viaxe valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.</li> <li>• Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira fluída, convincente e apropiada no contexto dunha discusión para organizar un plan turístico.</li> <li>• Localiza detalles relevantes nun texto extenso e complexo sobre experiencia laboral nun hotel.</li> <li>• Identifica con rapidez o contido de textos diversos nun foro sobre tipos de viaxes.</li> <li>• Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua e produce un texto sobre un plan turístico con estrutura, distribución en parágrafos e puntuación adecuadas.</li> <li>• Presenta por escrito ideas e puntos de vista sobre un plan de viaxe para destacalos e diferencialos.</li> <li>• Xestiona con flexibilidade e interacción entre as partes para que flúa a comunicación nun debate de organización conxunta dun plan de viaxe.</li> </ul> |
| Mínimos esixibles                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de comprender a maioría da información para sacar información concreta e detallada nunha chamada telefónica.</li> <li>• É quen de identificar os marcadores de inicio, seguemento e peche dunha conversa.</li> <li>• É quen de falar sobre exixencias e condicións laborais no turismo.</li> <li>• É quen de facer uso de elementos para rebater a outros interlocutores nunha planificación oral dun plan turístico.</li> <li>• É quen de identificar elementos idiomáticos nun relato oral sobre viaxes e regalos. Identifica información relevante e esencial dun texto complexo.</li> <li>• É quen de distinguir os contidos diversos de textos sobre tipos de viaxes. Organiza e estrutura un texto coa puntuación e a división adecuada.</li> <li>• É quen de resaltar e diferenciar as ideas máis importantes nun texto escrito.</li> <li>• É quen de mediar na organización do fluxo de debate na organización dunha viaxe.</li> <li>• É quen de facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos</li> </ul>   |

|  |   |
|--|---|
|  | <p>socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.</li> <li>• É quen de producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.</li> </ul> |
|--|---|

### Unidade 3

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Temporalización            | 1º cuadrimestre e 2º cuadrimestre – <b>10 sesións</b>  |
| Tema                       | <b>INTELLIGENZ UND WISSEN (Intelixencia e saber)</b>   |
| Recursos didácticos        | Lección 3 Sicher! C1.1 / Vídeos / Libro de exercicios / Copias   |
| Obxectivos CO              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender sen demasiado esforzo unha reportaxe radiofónica sobre a mellora da intelixencia humana.</li> <li>• Comprender noticias curtas sobre novas descubrimentos científicos.</li> </ul>  |
| Obxectivos CE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender textos literarios e captar a mensaxe e as ideas implícitas.</li> <li>• Comprender artigos do ámbito académico.</li> <li>• Comprender un comentario en formato de mail sobre estimulación precoz.</li> <li>• Comprender as características humanas de animais nunha fábula.</li> </ul>  |
| Obxectivos PCOM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participar en conversacións informais tratando temas específicos: a vida no Paleolítico.</li> <li>• Debatir sobre a evolución da intelixencia humana.</li> <li>• Mediar entre falantes para trasladar oralmente textos relacionados cun campo especializado.</li> <li>• Expoñer con detalle a miña opinión sobre sobre a estimulación precoz.</li> <li>• Preparar e participar nun debate sobre test de aptitude.</li> <li>• Falar sobre o contido e a meta unha película de dibuxos animados.</li> <li>• Reflexionar sobre os elementos estéticos dunha película de animación.</li> <li>• Expresar e xustificar a miña opinión sobre unha película animada.</li> </ul> |
| Obxectivos PCEM            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Completar o resume dunha reportaxe.</li> <li>• Resumir un texto sobre a evolución da intelixencia.</li> <li>• Dar consellos sobre a educación nun mail privado.</li> <li>• Escribir un artigo claro e estruturado sobre un tema social e público.</li> <li>• Interpretar unha fábula.</li> <li>• Ilustrar e comparar as diferencias culturais contando unha fábula.</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir e interpretar unha imaxe.</li> <li>• Resumir e completar un texto.</li> <li>• Pedir e dar consellos.</li> <li>• Animar, advertir e dar instrucións.</li> <li>• Suxerir e recomendar comportamentos adecuados.</li> <li>• Permitir e prohibir actitudes e accións.</li> <li>• Informar sobre novos hallazgos científicos .</li> </ul>  |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencia e tecnoloxía.</li> <li>• Investigación.</li> </ul>  |

|   |  |
|---|--|
|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresións modais.</li> <li>• Goberno e política: as eleccións.</li> </ul>  |
| Contidos gramaticais                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Oracións irrealis e consecutivas</li> <li>• Declinación do adxectivo</li> </ul>   |
| Contidos fonéticos                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• ---</li> </ul>  |
| Contidos socioculturais e sociolingüísticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar os elementos organizativos en presentacións.</li> <li>• A fábula da rá e do rato.</li> <li>• Comentario dun libro de ciencia popular: Xosé H. Reichhoff: <i>Rabenschwarze Intelligenz</i></li> <li>• Votantes primerizos</li> </ul>  |
| Contidos discursivos                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Moderar nun debate</li> </ul>   |
| Competencias estratéxicas                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Organizar os argumentos ao expoñer unha presentación.</li> <li>• Admitir e retractarse nun debate.</li> <li>• Defender a súa opinión e apoiala con argumentos.</li> </ul>   |
| Avaliación                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprende a maioría da información expresada nun discurso extenso do ámbito científico divulgativo.</li> <li>• Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha fábula como fonte.</li> <li>• Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir en discusións orais.</li> <li>• Comprende unha ampla gama de estruturas sintácticas no xénero textual do relato ou fábula.</li> <li>• Redacta un texto e adáptao á situación concreta de resposta a un escrito nun contexto educativo e social sobre incentivación prematura.</li> <li>• Transmite de xeito escrito os puntos máis relevantes dun texto fonte e os seus detalles para elaborar unha resposta.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• É quen de estruturar un relato oral sobre unha historia ou fábula.</li> <li>• É quen de formula preguntas para asegurar a propia comprensión nun debate con máis interlocutores.</li> <li>• É quen de recoñecer gran variedade de estruturas sintácticas nun relato.</li> <li>• É quen de transmitir por escrito un comentario persoal a un escrito de tema educativo.</li> <li>• É quen de escribir e destacar os puntos máis relevantes dun texto lido con anterioridade.</li> <li>• É quen de facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</li> <li>• É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.</li> <li>• É quen de producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.</li> </ul> |

## Segundo cuadrimestre

### Unidade 4

|   |  |
|---|--|
| Temporalización                             | 2º cuatrimestre – <b>11 sesións</b>  |
| Tema  | <b>MEINE ARBEITSSTELLE (O meu posto de traballo)</b>   |
| Recursos didácticos                         | Lección 4 Sicher! C1.1 / Vídeos / Libro de exercicios / Copias   |
| Obxectivos CO                               | <ul style="list-style-type: none"> <li>Formarse unha opinión baseándose en entrevistas de traballadores estranxeiros.</li> </ul>   |
| Obxectivos CE                               | <ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñecer a información decisiva nun artigo sobre consellos para encontrar a profesión adecuada.</li> <li>Recoñecer a información principal nun texto humorístico grotesco sobre o prototipo de compañeiros de traballo.</li> <li>Detectar alusións e informaciónn irónica ou implícita nun texto humorístico sobre a convivencia no traballo.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles         | <p>Saber :</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender as intencións dun artigo complexo sobre a diferenzas culturais nunha reunión de negocios</li> <li>• Individulizar as liñas argumentais principais dun artigo xornalístico complexo</li> <li>• Recoñecer e aplicar conectores consecutivos</li> <li>• Entender a exposición maxistral dun experto sobre comunicación intercultural e resumir as ideas principais</li> <li>• Explicar como preparar acertadamente un encontro de negocios</li> <li>• Destacar diferenzas culturais e dar recomendacións para evitar conflitos na comunicación</li> <li>• Falar sobre unha estadía laboral no estranxeiro</li> <li>• Usar os prefixos <i>er-</i> e <i>re-</i>.</li> <li>• Reconstruír un artigo xornalístico partindo de fragmentos</li> <li>• Negociar o aluguer dun piso no estranxeiro</li> <li>• Enteder un vídeo promocional sobre un libro</li> <li>• Falar sobre trivialidades para manter a comunicación e o tono da conversa</li> </ul> |

## Unidade 6

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Temporalización            | 2º cuadrimestre – 8 sesións   |
| Tema                       | <b>FORSCHUNG UND TECHNIK (INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA)</b>   |
| Recursos didácticos        | <p>A lección 12 do libro Sicher C1.2</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Texto informativo</li> <li>• Comentario</li> <li>• Noticia corta</li> <li>• Entrevista</li> <li>• Comentario de una noticia de prensa</li> <li>• Película informativa sobre instrucciones de uso</li> <li>• Presentación de un libro o audiolibro</li> <li>• Reseña de un libro o audiolibro</li> <li>• Instrucciones de uso</li> </ul>   |
| Obxetivos CO               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entender textos orais sobre temas técnicos</li> <li>• Deducir conclusións propias e saber expolas en comentarios extensos, detallados e ben argumentados</li> </ul>  |
| Obxetivos CE               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender textos especializados o técnicos</li> <li>• Recoñecer as palabras claves e o contido decisivo e a opinión do autor, tamén se se presenta de forma implícita, grotesca ou irónica</li> </ul>   |
| Obxetivos PCOM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comentar textos técnicos</li> <li>• Parafrasear noticias curtas</li> <li>• Expor a propia opinión</li> </ul>   |
| Obxetivos PCEM             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer o carácter grotesco ou irónico dun texto</li> <li>• Recoñecer as palabras crave dun texto</li> <li>• Recoñecer avaliacións implícitas en comentarios</li> </ul>  |
| Contidos funcionais        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Avaliar a adecuación, utilidade e o estilo dun texto</li> <li>• Describir unha foto e formular suposicións</li> <li>• Formular propostas para o uso de drones</li> <li>• Sacar a información decisiva dun texto para identificar criterios de avaliación para uns inventos</li> <li>• Describir inventos ou aparellos técnicos</li> <li>• Comprender unha discusión sobre o valor da ciencia</li> <li>• Identificar as palabras craves nun texto</li> <li>• Formular a propia opinión acerca dun tema</li> <li>• Expor a propia opinión nun texto extenso</li> </ul> |
| Contidos léxico-semánticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias, tecnoloxía e saúde: a investigación na tecnoloxía e medicamento</li> <li>• Filosofía e Ideoloxía: conviccións éticas</li> <li>• Goberno e política: no parlamento europeo</li> </ul>   |
| Contidos gramaticais       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Preposicións que rexen xenitivo</li> <li>• Oracións participiais</li> <li>• Formación de palabras: os prefixos <i>durch-</i>, <i>über-</i>, <i>um-</i>, <i>unter-</i></li> </ul>   |
| Contidos socioculturais    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso da entoación para contradicir e corrixir</li> <li>• Avaliar a expresión de emocións como frustración, alegría o resentime nto</li> </ul>   |

|                           |   |
|---------------------------|---|
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer e reaccionar adecuadamente a insultos</li> <li>• A ética da ciencia e tecnoloxía</li> </ul>  |
| Contidos Discursivos      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Texto informativo</li> <li>• Comentario</li> <li>• Noticia corta</li> <li>• Entrevista</li> <li>• Comentario dunha noticia de prensa</li> <li>• Película informativa sobre instrucións de uso</li> <li>• Lista de obrigacións e prohibicións</li> <li>• Presentación dun libro ou audiolibro</li> <li>• Comentario dun libro ou audiolibro</li> <li>• Instrucións de uso</li> </ul>  |
| Competencias estratéxicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer as palabras clave dun texto</li> <li>• Recoñecer o carácter grotesco o irónico dun texto</li> <li>• Pedir feed back ao público o a os oíntes</li> <li>• Recoñecer avaliacións implícitas en comentarios</li> <li>• Parafrasear noticias curtas</li> <li>• Expoñer a propia opinión</li> <li>• Recoñecer a ironía ou o grotesco dun texto</li> </ul>  |
| Avaliación                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación será contínua a través das propias tarefas, dos textos escritos e das intervencións na clase. Tamén se fará coavaliación e autoavaliación. Poderá usarse os descritores avaliatorios presentes ao final de cada páxina no propio libro de texto, útiles para que o alumnado poida reflexionar sobre a consecución de cada obxectivo.</li> </ul>   |
| Mínimos esixibles         | <p>Saber :</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Formular criterios para avaliar invencións</li> <li>• Recoñecer e avaliar os puntos especiais de novos inventos</li> <li>• Distinguir as preposicións con xenitivo e os seus significados</li> <li>• Entender as descripcións de novos inventos</li> <li>• Describir unha invención propia ficticia</li> <li>• Poñer e contestar as preguntas acerca de novos inventos</li> <li>• Reflexionar acerca dos límites éticos da ciencia</li> <li>• Comprender os argumentos para un reglamento ético da ciencia e investigación</li> <li>• Percibir a posición do autor en comentarios nun foro sobre novos inventos</li> <li>• Entender cunha lectura rápida o esencial de artigos en blogs ou noticias curtas</li> </ul> |

## 8. METODOLOXÍA

Os actos orais e escritos de comunicación para desenvolver as capacidades comunicativas constitúen o centro do proceso de ensino-aprendizaxe. A metodoloxía aplicada ó ensino do alemán orientase, polo tanto ao desenvolvemento das destrezas lingüísticas comunicativas, abordando o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso. A aula se concibe como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas nas que o alumno ten que actuar lingüisticamente aplicando os medios do idioma estranxeiro que está a adquirir. Para desenvolver as capacidades comunicativas do alumno faise uso de textos orais, escritos, adaptados e auténticos, literarios e non-literarios.

As clases daranse en alemán segundo o nivel do alumnado. As referencias dadas na lingua



materna dos alumnos serán só as imprescindibles para evitar distorsións no proceso de aprendizaxe, e cada vez máis reducidas segundo se aumente de nivel.

Emprégase unha didáctica dinámica e funcional, enfocada á acción, coa fin de crear na clase situacións o máis auténticas posibles auténticas

Partimos dun paradigma comunicativo que se basea nos principios do enfoque orientado á acción adoptado no Marco común europeo de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino e avaliación. Este enfoque céntrase non só nas competencias lingüísticas, senón tamén en todas as capacidades que o individuo, como axente social, debe utilizar para se integrar eficazmente noutra comunidade con lingua e cultura propias.

En sociedade, levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, compramos billetes de avión, solicitamos información en ámbitos da nosa vida profesional, pública ou persoal, expresamos dúbidas respecto de opinións ou proxectos familiares ou profesionais...). Isto é, en definitiva, o que debe aprender a facer o alumnado. Para levar a cabo estas tarefas con éxito, cada aprendiz deberá mobilizar as competencias e os recursos de que dispón; de aí a relevancia das competencias xerais que posúan os aprendices (coñecementos –o saber–, destrezas e habilidades –saber facer–, competencia existencial –saber ser– e capacidade de aprender –saber aprender–) e das súas experiencias previas.

Dado que as tarefas, as accións, se desenvolven en sociedade, as competencias comunicativas lingüísticas sitúanse ao mesmo nivel que as pragmáticas e que as sociolingüísticas.

Recoñéceselles a estas últimas un papel esencial para levar a cabo con éxito as tarefas lingüísticas debido á importancia das convencións que controlan os actos comunicativos, é dicir, do contexto situacional en que se desenvolve a comunicación.

É necesario ademais ter en conta as necesidades reais de aprendizaxe do alumnado, e os seus intereses, as diferentes motivacións e contextos de uso.

Os principios metodolóxicos científicos inherentes ao currículo das ensinanzas de idiomas son: o A aprendizaxe centrada no alumno e nas súas necesidades. Este principio favorece a implicación do alumnado na súa aprendizaxe, que se pode lograr tendo en conta o aprendiz para deseñar as tarefas de aprendizaxe, solicitándolle que achegue os seus coñecementos e as particularidades persoais ao grupo. Hai que considerar os diferentes estilos de aprendizaxe para poder axustar a nosa axuda pedagóxica ás súas características xerais así como os coñecementos previos dos aprendices. Se partimos do que os aprendices saben e saben facer, poderemos establecer niveis de realización de accións axeitados ás súas capacidades. Ademais debemos contribuír ó desenvolvemento da capacidade de autoavaliación dos aprendices. Esta debe consistir nun proceso permanente de verificación, diagnóstico, exploración, análise e retroalimentación mediante o que o alumnado identificará as súas fortalezas e debilidades, e poderá obrar en consecuencia.

- A reflexión do docente –tanto individual como coa colaboración do seu alumnado– sobre o proceso de ensino e aprendizaxe para obter conclusións e poder aplicar de xeito eficaz o enfoque metodolóxico adoptado, así como para poder proporcionarlle ao alumnado indicacións sobre o propio control e sobre as estratexias de aprendizaxe máis axeitadas.

- O desenvolvemento de actitudes e valores como o pluriculturalismo e o plurilingüismo, propondo nexos entre o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras culturas e o desenvolvemento do dominio lingüístico comunicativo.

- A variación das formas de socialización e de traballo na aula (organización do espazo da aula, así como as diversas formas de traballo na aula)

- A atención á diversidade, tanto de intereses como de coñecementos, capacidades e ritmos de aprendizaxe, ofrecendo materiais que permiten aprender por conta propia, ensinando previamente a facer uso deles, e recursos materiais que dean resposta ás necesidades individuais.

- A creación na aula dun contexto con situacións que simulen as actividades lingüísticas

comunicativas consideradas nos currículos, e centren o ensino no aprendiz e nas súas necesidades. Tratarase de presentar situacións nas que o alumno deberá desenvolverse e, en consecuencia, proporcionarlle a lingua e os referentes culturais que lle permitan comunicarse en situacións reais. Así, lograremos maior motivación, xa que poderemos propor tarefas, utilizar recursos e elaborar materiais de aprendizaxe que respondan aos intereses e aos futuros contextos de uso do alumnado.

A metodoloxía comunicativa orientada á acción reproduce na clase as situacións de uso en contextos auténticos ao tempo que, para desenvolverse nelas, proporciona o apoio de procesos de aprendizaxe (traballo do vocabulario, das estruturas, dos contidos sociolingüísticos, etc. que han posibilitar a realización das tarefas comunicativas propostas).

O enfoque baseado na acción, na actividade social, no uso, propón unidades de uso para a aprendizaxe. en función das actividades comunicativas que se vaian realizar. Neste enfoque, a selección de contidos lingüísticos derívase directamente da actividade de uso da lingua. Esta selección non é exclusiva, senón que o alumnado pode resolver unha determinada tarefa con diferentes recursos lingüísticos.

Os contidos listados no currículo das ensinanzas de idiomas introducíranse, entón, en función das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. A progresión gramatical é, xa que logo, gradual e concéntrica, e a súa presentación farase no marco das correspondentes tarefas e de forma integrada coas necesidades lingüísticas para levar a cabo a tarefa, a acción.

No ensino das linguas, a metodoloxía é o conxunto de procedementos que se empregan para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos. Neste sentido, teranse en conta elementos clave como:

- O ensino do idioma desde unha perspectiva de uso
- O fomento do emprego da lingua obxecto de estudo como vehículo de comunicación
- A orientación do ensino cara ao desenvolvemento das actividades de lingua
- O fomento da autonomía do alumnado e do desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe

O obxectivo principal das aulas ten que ser a comunicación, utilizando desde o principio e na medida do posible a lingua estudada como vehicular, favorecendo o contacto constante do alumnado coa lingua. Por outra parte, o profesorado debe integrar dentro destas tarefas comunicativas, as actividades de lingua de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas. Coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as, o profesorado debe revisar a súa metodoloxía, así como actualizar os seus métodos, medios e materiais didácticos para facer da aula un lugar facilitador e motivador. Ao mesmo tempo, o alumnado debe implicarse de xeito activo na súa propia aprendizaxe e considerar o erro como un elemento necesario deste proceso.

## **9. RECURSOS**

### **9.1 RECURSOS DIDÁCTICOS**

Libros de texto empregados neste curso:

#### **A1**

SCHRITTE INTERNATIONAL NEU A1.1 Kursbuch und Arbeitsbuch, ed. Hueber.

SCHRITTE INTERNATIONAL NEU A1.2 Kursbuch und Arbeitsbuch, ed. Hueber.

## **A2**

SCHRITTE INTERNATIONAL NEU A2.1 Kursbuch und Arbeitsbuch, ed. Hueber.

## **B1.1**

SCHRITTE INTERNATIONAL NEU B1.1 Kursbuch und Arbeitsbuch, ed. Hueber.

## **B1.2**

SICHER B1+, Kursbuch, ed. Hueber.

SICHER B1+, Arbeitsbuch, ed. Hueber.

## **B2**

SICHER B2, Kursbuch, ed. Hueber.

## **C1.1**

SICHER C1.1. Kurs- und Arbeitsbuch, ed. Hueber.

## **C1.2**

SICHER C1.2. Kurs- und Arbeitsbuch, ed. Hueber.

Os métodos escollidos axústanse aos imperativos curriculares e garanten o achegamento ó idioma alemán; ademais, están adaptados ó MERC. Estes métodos están especialmente indicados para o alumnado específico das EE.OO.II (adultos, na súa maioría.) O libros de texto inclúen ademais un CD/CD-ROM para usar tanto nun reprodutor de DVD como nun ordenador, e exercicios de todo tipo coas solucións, polo que tamén contribúen ao proceso de autoaprendizaxe e á autonomía do alumno. A páxina web da editorial completa con exercicios suplementarios o contido nos propios libros de texto e exercicios.

Aínda que estes métodos servirán para guiar a introdución de contidos no curso, faremos uso tamén de material didáctico doutros libros, manuais, gramáticas, etc. Este material seralle facilitado ó alumnado, ben en forma de fotocopias (cancións, exercicios de repaso, explicacións gramaticais cos correspondentes esquemas didácticos, etc.) ou ben proxectado na pantalla da clase e posteriormente posto á súa disposición a través de medios electrónicos.

Outros recursos máis físicos e de maior plasticidade a empregar son por exemplo os pósters didácticos ("Lernplakate") para ser fixados temporalmente ou durante o curso nas aulas a modo de axuda visual ou apoio puntual para lembrar contidos gramaticais ou léxico-semánticos nas producións escritas ou verbais. O emprego de estes medios faráse segundo o criterio de cada profesor, non sendo indispensable. Neste apartado tamén entrarían as transparencias, obxectos reais, etc. Todos estes medios teñen a finalidade de facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe e de motivar o alumnado para a adquisición da competencia comunicativa en alemán, atendendo en todo momento de xeito equilibrado a todos os aspectos da comprensión e produción oral e escrita.

## **9.2 RECURSOS HUMANOS**

O profesorado do departamento de alemán da EOI da Coruña que impartirán os seguintes niveis no ano académico 2023-24 son:

Cristina Calviño Gil: A1 / B1.1 / C1.1

Cristina Cubeiro Becerra: A1 / A2 / A1 e A2 na sección de Culleredo

Luisa Deus Vázquez: A1 / intensivo de ELE A1/A2

Ana Manteiga Pedreira A1 / intensivo cuatrimestral A1/A2 / B1.1

Alfonso Porta Docal: A2 / B1.2

Marisol Rodríguez Seoane: A1 / A2 na sección de Carballo

Contaremos neste curso escolar tamén cun auxiliar de conversa procedente de Austria: Emanuel Sohm.

### 9.3 RECURSOS DISPOÑIBLES A TRAVÉS DA INTERNET

A gran cantidade de material audiovisual dispoñible a través do acceso de banda ancha á rede permite ofrecer ao alumnado a realidade lingüística a través de documentos auténticos e actuais, ademais de amosarlle novas formas de traballo individual.

A inclusión de tarefas a realizar partindo de informacións na internet contribúen tanto a motivar ao alumnado como a fomentar a capacidade de autonomía na aprendizaxe e á “inmersión” dos alumnos no contexto sociocultural da lingua alemá.

Outros recursos á nosa disposición son os cursos didácticos de páxinas de recoñecido prestixio, como as da “Deutsche Welle”, nas que se poden seguir cursos de autoaprendizaxe ou afondar en temas variados, o que fomenta a atención á diversidade. Ademais, poderase dispor dunha sala de ordenadores que, previa reserva, se poderá empregar para realizar tarefas online. Isto poderá aumentar a motivación do alumnado e amosarlle novas formas de traballo individual, fomentando así a súa capacidade para a aprendizaxe autónoma.

Cómpre dicir tamén que contamos coa plataforma Moodle, na que o profesorado que o desexe poderá abrir aulas virtuais como complemento das clases lectivas presenciais.

E por último, non hai que esquecer o correo electrónico que facilita a comunicación entre o alumnado e o profesorado en canto a notificacións, entrega de traballos escritos, coordinacións puntuais de posibles proxectos, etc.

### 9.4 AS TICS NAS AULAS

Na EOI da Coruña dispoñemos dun completo equipamento: As aulas están dotadas como mínimo dun ordenador conectado á rede ademais dos aparatos de TV, Vídeo, reprodutor de CDs, pantalla e proxector. Temos un laboratorio de Idiomas con conexión de banda ancha a Internet, DVD e aparato reprodutor de CDs.

Na actualidade, hai dispoñibles moitos e moi diversos materiais didácticos destinados ao ensino e á aprendizaxe das linguas. Na súa utilización resulta imprescindible realizar unha selección baseada nos obxectivos e contidos das programacións didácticas e no enfoque comunicativo.

No uso dos recursos destacará o feito de que estes sexan, na medida do posible, auténticos e se empreguen co fin de materializar situacións reais do uso da lingua.

A utilización de material creado explicitamente con fins didácticos, como por exemplo os libros de texto, responderá ás necesidades do proceso de aprendizaxe e non excluírá o uso de materiais auténticos.

Humanos:

O cadro de persoal docente e, de ser o caso, o/a asistente lingüístico/a. Físicos:

As aulas, os departamentos, a biblioteca e a sala de lectura, a aula de recursos, a aula de informática e a de autoaprendizaxe, as saídas culturais...

Materiais:

Corresponderalle ao profesorado seleccionar, de entre os recursos que a continuación se describen, aqueles que se precisen segundo as necesidades do proceso de ensino-aprendizaxe:

- Libros de texto
- Encerados dixitais, libros dixitais, as contornas e comunidades virtuais, fragmentos de series/películas e música como material real
- Dicionarios, material de consulta ou de lectura, audiovisuais e outros
- As TIC
- Subscricións (revistas, xornais, recursos en liña etc.)
- Materiais creados polo profesorado do departamento
- Materiais existentes no centro á disposición do alumnado e do profesorado (na biblioteca, na sala de lectura, na aula de recursos etc.)
- Recursos en liña e repositorios

## 10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O ensino de EOI está dirixido sobre todo a persoas adultas, mais non exclusivamente, e iso fai que o noso alumnado presente unha grande heteroxeneidade nos seguintes aspectos:

- Motivacións diversas para aprender idiomas (necesidades profesionais, formativas, culturais, recreativas, etc.)
- Perfís lingüísticos (dominio e/ou coñecemento dun ou máis idiomas; experiencia previa na aprendizaxe de idiomas).
- Graos diferentes de formación.
- Diferentes estilos de aprendizaxe.
- Idade (a considerar especialmente no caso das persoas maiores)
- Capacidades (con variábeis tan diversas como alumnos/as con necesidades especiais na escrita ou oralidade; altas capacidades xerais ou específicas para a aprendizaxe de linguas; discapacidades de distinto tipo, trastornos emocionais, etc.).

Esta realidade impón considerar, e se é o caso, incorporar medidas de atención á diversidade que afectan á metodoloxía didáctica aplicada nos distintos grupos.

En primeiro lugar, hai que ter constancia dos diferentes niveis que ten, apoiándose nunha avaliación inicial que dea ao profesorado o coñecemento de onde se atopa o seu alumnado no que respecta ao nivel. Realizaranse actividades de autoavaliación para determinar o nivel de competencia nas distintas áreas e destrezas e así axudar ao alumnado a definir as propias necesidades de aprendizaxe. Con isto foméntase o desenvolvemento da autonomía dos alumnos/ das alumnas e así serán capaces de dirixir a súa propia aprendizaxe e relacionar o aprendido na aula coa súa experiencia vital.

Outras medidas de atención á diversidade consistirán, unha vez identificadas as diferenzas en cada grupo, en que o profesorado deberá elaborar as estratexias axeitadas para poder atendelas:

- Ofrecendo atención individualizada nas titorías. Sen entendérense estas coma "clases particulares", póñense á disposición daqueles/as alumnos/as que precisan apoio extra en determinadas destrezas ou aclaración en temas relativos ás materias impartidas, asesoramento en técnicas de estudo, etc.
- Constituindo grupos de traballo no interior das aulas e agrupando os/as alumnos/as baseándose na similitude nos estilos de aprendizaxe, idades, capacidades, etc.)
- Ofrecendo oportunidades de autoaprendizaxe e información que a facilite: bibliografía axeitada e as TIC (aulas virtuais, páxinas de aprendizaxe online)
- Organizando grupos de conversa.

- Ofrecendo un catálogo de actividades lectivas complementarias.

Pero convén pararse nos casos que trascenden a xeneralidade: Estamos a falar do alumnado que presenta algún tipo de discapacidade física o psíquica, e aquí, convén confesalo, estamos moi perdidos. Afortunadamente, ao longo dos últimos anos, temos máis e máis alumnado desas características co avance social que iso conleva. Isto que en principio é moi bo, cáusanos grandes problemas posto que, en primeiro lugar, a escola non dispón dun gabinete de orientación; no segundo, o profesorado non está preparado e no terceiro, os gabinetes de adaptacións aportan solucións a miúdo pouco satisfactorias.

E é que se presentan dúas cuestións diferentes: A ensinanza e a avaliación.

A ensinanza ocorre ao longo de todo un curso. Que facer cunha persoa xorda, cega, con trastorno da personalidade, Asperger? Na maioría dos casos non o sabemos e non recibimos formación para aprendelo.

En canto a avaliación, aí si que os gabinetes de adaptacións nos dan solucións, pero antóxansenos pouco efectivas. Fanse recomendacións moi xeráis que adoitan non satisfacer a ninguén: ao alumnado, porque sempre lle parece pouco; ao profesorado, porque é consciente de que non discriminan con xustiza.

Aínda mais, en moitos casos o profesorado considera que os exames deberían ser diferentes para moitos alumnos desas características e non só escoitar con o sen cascós, dúas ou tres veces, alongar o tempo do exame, etc. Porque, que facer cas persoas que padecen Asperger, os cegos que non len Braille, persoas con incapacidade para a concentración?

Resumindo, ista é unha asignatura pendente nas EOI.

É un principio que debe rexer todo o ensino para lle proporcionar ao alumnado unha educación adecuada ás súas características, necesidades, capacidades, motivacións e estilos de aprendizaxe. As EOI deben procurar, na medida en que o permitan os seus recursos, medidas flexibles que se adecúen ás diferenzas individuais na aprendizaxe.

No ámbito educativo, a diversidade maniféstase en función de factores sociais, culturais, xeográficos, económicos, étnicos, relixiosos... e, principalmente, nas propias capacidades da persoa, como poden ser as intelectuais, motrices ou sensoriais.

Unha educación para a diversidade é o xeito correcto de planificar e desenvolver a aprendizaxe de idiomas, de ensinar e de aprender, atendendo ás esixencias da actual sociedade para acabar coa marxinação.

Como programar atendendo á diversidade:

Contidos. Deberanse planificar actividades e materiais didácticos diferenciados, graduar a dificultade das actividades (ampliación, afondamento ou reforzo), procurar recursos diferentes, agrupar de forma distinta e planificar os reforzos.

Metodoloxía. Planificación das estratexias. Deberanse considerar, polo menos, catro situacións:

- Alumnado que pode realizar actividades pouco complexas.
- Alumnado que pode realizar actividades máis complexas.
- Alumnado que avanza con diferentes ritmos.
- Alumnado con dificultades obxectivas de aprendizaxe.

Cómpre considerar a posibilidade de realizar repeticións, exercicios de apoio, redución de tarefas, adaptacións e orientación. Así mesmo, terase en conta a organización do espazo e do tempo na aula e a procura de estratexias de aprendizaxe cooperativa.

Avaliación. É necesario avaliar conforme ás diferentes capacidades do alumnado; valorar a eficacia das medidas adoptadas e do material empregado. Tamén se debe avaliar o grao de satisfacción acadado, tanto polo profesorado como polo alumnado.

## 11. AVALIACIÓN

### Cursos ordinarios:

a) Realizaranse tantas avaliacións por curso como se estableza no proxecto educativo da escola, a proba de promoción ou de certificación en convocatoria ordinaria e extraordinaria no mes de xuño.

b) Ademais, ao inicio do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial das diferentes destrezas (expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita e mediación oral e escrita) ou de diagnóstico do alumnado, que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

c) O grao de dominio acadado nas diferentes actividades de lingua será avaliado mediante os seguintes tipos de proba segundo corresponda:

1º Probas das cinco destrezas de tipo das que se ten que avaliar ao alumnado na proba de promoción ou proba de certificación, como mínimo dúas ao longo do curso lectivo. O profesorado realizará probas das distintas destrezas ao alumnado presencial en todos os cursos dos diferentes niveis. Estas probas son tarefas de comprensión oral e escrita, expresión e interacción oral e escrita e mediación oral e escrita nos dous cuatrimestres. Mínimo unha tarefa de cada destreza en cada cuatrimestre que se avaliarán cunha puntuación de 0,1 sobre 10 para ter en conta na avaliación porcentual, o 10 % adicional sobre a nota do examen final de promoción, unha vez aprobado o examen (nos cursos de non certificación: A1, B1.1 e C1.1). As tarefas que se recollen deben axustarse ao formato das tarefas dos exames finais (de promoción e certificación).

2º Proba de promoción: nos cursos non terminais de nivel o alumnado realizará unha proba elaborada polo correspondente departamento, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso.

3º Proba de certificación: nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel.

### Baremo e cualificación das probas:

a) Para os cursos do nivel básico A2 terán un valor de 100 puntos, e cada unha das súas catro partes 25 puntos. Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.

b) Para os cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a puntuación total da proba de promoción será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% (81,25 puntos) na puntuación total da proba.

c) A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto" ou "Non apto".

d) A cualificación "Apto" requirirá a superación da proba nos termos previstos nos apartados

anteriores.

e) No caso do alumnado que non realice algunha(s) das partes da proba, a cualificación para cada unha destas partes será "Non presentado" e a cualificación final da proba será "Non apto".

f) No caso do alumnado que non realice ningunha das partes que conforman a proba, a cualificación final será "Non presentado".

g) O alumnado que non promocióne deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua.

## **Probas de certificación**

1. As probas de certificación teñen como obxectivo avaliar o nivel de competencia lingüística do alumnado de escolas oficiais de idiomas nas distintas actividades de lingua nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, establecidos nos currículos respectivos.

O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

2. As probas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial (ou de diagnóstico)
- Avaliación de progreso (ou formativa)
- Avaliación de promoción (ou sumativa)
- Avaliación certificadora
- A autoavaliación

### **11.1. Avaliación inicial**

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.



## **11.2. Avaliación formativa**

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso mediante probas das distintas destrezas, como mínimo faranse dúas de cada destreza ao longo do curso e de distintos formatos (en total un mínimo de 10 probas e de distintas unidades didácticas), avaliadas. Isto favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

## **11.3. Avaliación de promoción (ou sumativa)**

Esta levarase a cabo nos cursos non certificadores e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de lingua; e valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas.

## **Avaliación porcentual**

Nestes cursos (A1, B1.1 e C1.1) terá cabida a avaliación porcentual. O departamento de alemán establece como criterios para a valoración positiva de todo o alumnado (sin outras condicións) o traballo e a participación na aula; e tamén como parte da avaliación formativa o profesorado realizará como mínimo dúas probas das cinco destrezas das que se ten que examinar o alumnado na proba de promoción ou certificación ao longo do curso; ditas probas (como mínimo un total de 10) valoraranse cunha puntuación de 0,1 sobre 10 e esta valoración non superará o 10% da cualificación final do curso, é dicir, 10 puntos como máximo no A1 e 12,5 puntos como máximo no B1.1 e C1.1. Para acadar ese 10 %.

## **11.4. Avaliación certificadora**

As probas correspondentes ao nivel básico A2 estruturaránse en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; produción, coprodución e mediación escrita.

A puntuación total da proba de certificación será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.

As probas correspondentes aos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 estruturaránse en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; mediación escrita e oral.

A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaránse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

En todo caso, cada unha das cinco actividades avaliarase de xeito independente.

A puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba. O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto", "Non apto" ou "Non presentado", segundo corresponda.

A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria, deste xeito, o alumnado do réxime oficial que se presente á convocatoria extraordinaria no mes de xuño só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado que non obteña a cualificación global de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.

Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso de cada nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

### **11.5. Autoavaliación**

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Con esta finalidade, a programación debe incluír as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado

- A aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, medolóxica...)

Os procedementos para identificar e canalizar as necesidades de formación que o profesorado do departamento de Alemán poida ter, son os seguintes:

- Mediante unha reunión de departamento ao inicio do curso, na que os asistentes expresen as súas necesidades ou os seus desexos de formación; e tamén ao final de curso. Así, vendo que hai varios profesores coas mesmas necesidades se podría plantexar a formación dun grupo de traballo para o vindeiro curso e tomar contactos coas entidades pertinentes, por exemplo o CEFORE ou o xefe de recursos.

Outro procedemento que utilizaremos neste departamento para detectar carencias de formación será na memoria de final de curso, que cada profesor terá que entregar ao xefe de departamento.

- A coordinación co resto do profesorado

O departamento de Alemán valorará e revisará o desenvolvemento da programación didáctica periodicamente nas reunións de departamento e nas reunións de coordinación para evitar precisamente desaxustes no seu desenvolvemento.

Tamén valoraremos e revisaremos o desenvolvemento e o resultado do proxecto didáctico mediante os resultados das probas que realizan os alumnos de alemán ao longo do curso como parte da avaliación formativa.

Ademáis de analizar detidamente os resultados destas probas nas que o alumnado obterá unha cualificación; valoramos e revisamos o desenvolvemento da programación didáctica mediante as memorias que cada profesor, membro deste departamento, ten que entregar en xuño (a finais de curso).

## **11.6. Mínimos esixibles en diferentes niveis**

Un mínimo esixible é o grao de competencia ao que o alumnado debe chegar para demostrar o dominio dun nivel. A cada obxectivo da programación correspóndelle un criterio de avaliación e a cada criterio de avaliación un mínimo esixible. Este mínimo serviranos para fixar unha escala que permita valorar se o alumnado é quen de empregar correctamente outras expresións coa mesma función comunicativa.

## **12. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

Neste curso contamos coa axuda dun axudante lingüístico nativo e polo tanto podemos ofertar clases de actividades extraescolares para que o alumnado afianze e mellore a súa competencia

comunicativa como viñamos facendo dende hai varios anos e que consideramos son fundamentais nunha escola de idiomas.

O departamento de alemán intenta neste curso volver a desenvolver diversas actividades presenciais como por exemplo organizar por primeira vez a celebración dunha festa típica tradicional como a “Oktoberfest” no mes de outubro, así como unha festa de Nadal coa preparación típica do postre navideño “Weihnachtsplätzchen” e as panxoliñas tradicionais, e antes de Semana Santa organizar algún taller ou celebración relacionados con esta festividade nos países de fala alemán.

Tamén nos gustaría organizar unha viaxe a un país de fala alemá, con data probable na primavera.

E finalmente, se xurde algunha idea ou algo ao longo do curso, queda aberto a outras posibilidades.

A Coruña, a 22 de setembro de 2023